

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Departamento de INGLÉS

E.O.I. Ribadeo

Curso 2023-24

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Alumnado	6
3. Horario	7
4. Nivel Básico	9
4.1-A1	9
4.2-A2	46
5. Nivel Intermedio	83
5.1-B1	83
5.1.1. B1-Competencias orais	117
5.2-B2	120
5.2.1- B2.1	120
5.2.2- B2.2	151
5.2.3- B2-Competencias orais	190
6. Nivel Avanzado	194
6.1- C1	194
6.1.1- C1.1	195
6.1.2- C1.2 Semipresencial	229
6.2- C2 Semipresencial	276
6.2.1- C1/C2-Competencias Orais	317
7. Outros cursos	320
7.1- Preparatorio B2	320

7.2- CALC B2 _____	
323	
7.3- Cursos monográficos de comercio e hostalaría _____	325
7.3.1- Comercio e hostalaría A2 _____	325
7.3.2- Comercio e hostalaría B1 _____	331
8. Metodoloxía _____	
337	
9. Recursos _____	
340	
10. Atención á diversidade _____	
345	
11. Avaliación _____	346

1 INTRODUCCIÓN

Esta programación didáctica ten a finalidade de coordinar o desenvolvemento da actividade docente do Departamento de Inglés, establecer e unificar procedementos metodolóxicos e criterios de avaliación. Para a elaboración desta programación tómanse como marco de referencia os seguintes documentos:

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado, e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MERCL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1 e C2.

Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia. **DOG do 19 de novembro de 2010.**

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. **DOG 21 de decembro de 2011.**

Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. **DOG do 18 de agosto de 2011.**

Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. **DOG do 28 de maio de 2012.** (MODIFICADA POLA RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2014, DOG do 8 de xaneiro de 2015.)

Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as exixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto. **BOE do 23 de decembro de 2017.**

Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Orde do 29 de xullo de 2022 pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2023/24.

Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de

educación. **DOG do 26 de setembro de 2008.** (CORRECCIÓN de erros, DOG do 23 de outubro de 2008.) (MODIFICADA POLA ORDE do 19 de abril de 2012, DOG do 30 de abril de 2012.)

Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. **DOG do 13 de agosto de 2018.**

Resolución do 16 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/24. DOG do 31 de maio de 2023

Instrucións 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/2024.

Guía Curricular para a elaboración das programacións didácticas das escolas oficiais de idiomas, Curso 2023/2024.

2 ALUMNADO

Alumnos Oficiais

Nivel Básico

Un grupo de A1 en horario de tarde

Un grupo de A2 en horario de tarde

Nivel Intermedio B1

Dous grupos de Intermedio B1: un en horario de mañá e outro en horario de tarde

Nivel Intermedio B2

Dous grupos de Intermedio B2.1: un en horario de mañá e outro en horario de tarde

Un grupo de Intermedio B2.2 en horario de tarde

Nivel Avanzado C1

Un grupo de C1.1 en horario de tarde

Un grupo de C1.2 en horario de tarde en modalidade semipresencial

Nivel Avanzado C2

Un grupo de C2 en horario de tarde en modalidade semipresencial

A escola tamén oferta tres **cursos de competencias orais** dos niveis:

- Intermedio B1 en horario de tarde
- Intermedio B2 en horario de tarde
- Avanzado C1/C2 en horario de tarde

Así mesmo, a escola oferta os seguintes **monográficos**:

- Hostalaría e Comercio Básico A2
- Hostalaría e Comercio Intermedio B1
- Curso Preparatorio Intermedio B2
- CALC B2

3 HORARIO

O horario desta Escola é fundamentalmente de tarde-noite. As clases do Departamento de Inglés impártense de luns a xoves dende as 18.00 ata as 22.00 horas, ademais de dous grupos en horario de mañá dos martes e xoves e mércores e venres dende as 9.30 ata as 11.30.

Os períodos lectivos son de dúas horas, dous días por semana. A mañá do venres de 10.00 a 14.00 horas (coa excepción do grupo B2.1-B), adicarase á realización de tarefas do departamento, incluíndo a elaboración de tarefas para as probas de certificación.

Dada a boa acollida que tiveron os cursos de competencias orais ofertados nos cursos pasados, ofértanse tres deles (B1, B2 e C1).

A continuación aparece a organización dos grupos por horas dos profesores do departamento:

HORARIO DE GRUPOS CURSO 2023-24

GRUPO	DÍAS	HORAS	PROFESOR/A
A1	LUNS- MÉRCORES	18:00-20:00	PATRICIA CASTRO
A2	MARTES- XOVES	18:00-20:00	IAGO BOÁN
B1 (GRUPO A)	LUNS- MÉRCORES	18:00-20:00	YOLANDA PLACER
B1 (GRUPO B)	MARTES- XOVES	9:30-11:30	ANXO QUELLE
B2.1 (GRUPO A)	MARTES- XOVES	20:00-22:00	PATRICIA CASTRO
B2.1 (GRUPO B)	MÉRCORES- VENRES	9:30-11:30	ANXO QUELLE
B2.2	MARTES- XOVES	18:00-20:00	PATRICIA CASTRO
C1.1	MARTES- XOVES	20.00-22.00	IAGO BOÁN
C1.2 (SEMI)	LUNS MÉRCORES	20.00-22.00 10:00-12:00	RAÚL SANGUIAO
C2 (SEMI)	MARTES MÉRCORES	20.00-22.00 11:00-13:00	RAÚL SANGUIAO

CURSOS COMPETENCIAS EN DESTREZAS ORAIS

GRUPO	DÍAS	HORAS	PROFESOR/A
B1	LUNS	20:00-22:00	YOLANDA PLACER
B2	LUNS	18:00-20:00	PATRICIA CASTRO
C1	MÉRCORES	20:00-22:00	YOLANDA PLACER

CURSOS MONOGRÁFICOS

GRUPO	DÍAS	HORAS	PROFESOR/A
HOSTALARÍA E COMERCIO A2	LUNS	20:00-22:00	ANXO QUELLE
HOSTALARÍA E COMERCIO B1	MÉRCORES	20:00-22:00	PATRICIA CASTRO
PREPARATORIO B2 /CALC	LUNS	18:00-20:00	ANXO QUELLE

4 NIVEL BÁSICO

O alumnado que supere o nivel básico será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

4.1- NIVEL BÁSICO A1

1- OBXECTIVOS XERAIS

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.
- Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.
- Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.

2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

2.1- Actividades de Comprensión de Textos Orais.

- Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.

- Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.
- Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
- Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.

2.2- Actividades de Producción e Co-producción de Textos Oraís

- Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.
- Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.
- Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.
- Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.
- Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

2.3- Actividades de Comprensión de Textos Escritos

- Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.
- Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)
- Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.

- Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.
- Comprender información relevante en noticias moi breves que contén con apoio visual.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.4- Actividades de Producción e Coprodución de Textos Escritos

- Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.
- Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.
- Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
- Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

2.5- Actividades de Mediación

- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.
- Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.
- Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou retrosos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

3- COMPETENCIAS, CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

3.1- Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Coa finalidade de comunicarse co efectividade e propiedade en distintas situacións, os alumnos deberán coñecer e aplicar diversos recursos que teñan en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos que se traballen na aula, o que se fará desde unha perspectiva intercultural e en relación coas áreas temáticas correspondentes.

- Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer, horarios e costumes relacionados co traballo...
- Condicións de vida: vivenda, traballo, transporte...
- Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares...
- Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)
- Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...

3.2- Competencias e Contidos Estratéxicos

Se promoverá o desenvolvemento da capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. As devanditas competencias e contidos serán traballados ó longo do curso.

Estratexias de aprendizaxe

As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).

- Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.

Estratexias de Comunicación

As estratexias de comunicación permitiránlle ó alumno mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, poderá:

- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros
- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

3.3- Competencias e Contidos Funcionais

Os expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos organizaranse do seguinte xeito:

■ **Usos da lingua:**

- Saudar e despedirse
- Presentarse ou presentar a alguén
- Dirixirse a alguén
- Pedir desculpas
- Agradecer
- Interesarse por persoas.
- Felicitar.
- Convidar

■ **Control da comunicación:**

- Manifestar comprensión e incomprensión.
- Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir).
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

■ **Información xeral:**

- Pedir e dar información sobre datos persoais.
- Pedir e dar información sobre horarios, datas, prezos, actividades.
- Preguntar ou expresar se se sabe unha cousa
- Indicar posesión
- Referirse a accións cotiás presentes

- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, prezos, cantidades e actividades.
- Indicar onde e cando ocorre algo.
- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.
- Preguntar ou expresar se existe algo
- Indicar onde e cando ocorre algo.
- Referirse a accións cotiás presentes.

■ **Opiniós e valoracións:**

- Expresar preferencias
- Afirmar e negar algo
- Expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.
- Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios)
- Mostrar acordo, satisfacción (e contrarios)

■ **Estados de saúde, sensacións e sentimentos:**

- Expresar sensacións físicas e sentimentos

■ **Petición de instrucións e suxestións:**

- Pedir axuda, obxectos e servizos
- Invitar, e reaccionar adecuadamente

3.4- Competencias e Contidos Discursivos

Farase énfase no coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se

producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Tipoloxía de textos escritos:

- Formularios
- Listaxes
- Horarios
- Notas e mensaxes
- Cartas de restaurantes e menús
- Dicionarios
- Correspondencia persoal e formal
- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Carteis, letreiros e sinais
- Folletos informativos ou publicitarios
- Dicionarios

Tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas moi sinxelas

3.5- Competencias e Contidos Sintácticos

Fomentaranse as capacidades do alumnado para seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa axeitada en cada actividade de lingua.

- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos
- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.

- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo.
- O pronome persoal suxeito. Forma e usos máis habituais
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos
- O posesivo. Formas e usos
- Os cuantificadores. Numerais cardinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais
- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, e usos
- As partículas interrogativas e exclamativas de uso máis común
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente. Formas de uso máis habitual para expresar estados e accións.
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, tempo, lugar.
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos
- O pronome persoal obxecto. Forma e usos máis habituais
- Os cuantificadores. Numerais ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais
- As partículas interrogativas, exclamativas de uso máis común
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente (simple e continuo), do pasado (pasados regulares e irregulares) e do futuro.
- Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións. O Imperativo.
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente

- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos

3.6- Competencias e Contidos Léxicos

Os contidos léxicos traballarase no contexto das realidades socioculturais dos países anglófonos e fomentarán a capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

■ Identificación persoal:

Datos persoais: Nome e apelidos, enderezo, idade, teléfono, correo electrónico...

Aspecto físico: vestimenta

Datos persoais: data e lugar de nacemento

Carácter

Estados de ánimo

Sentimentos...

■ Viaxes:

- Nomes de países máis comúns e xentilicios.

■ Educación:

- Material e actividades da aula, centros de ensino.

■ Compras e actividades comerciais:

- Establecementos comerciais.
- Prezos
- Formas básicas de pagamento.

■ Relacións familiares e sociais:

- Parentesco.
- Formas de tratamento sinxelas.
- Saúde e cuidados físicos:
 - Estado físico (dor, malestar) e necesidades corporais (sono, fame, cansazo, frío...)
 - Hixiene e cuidado corporal
 - Partes do corpo
- Alimentación:
 - Comidas do día
 - Comidas e bebidas máis comúns.
 - Tipos de establecementos: cafés, bares, restaurantes...
- Traballo e profesións:
 - Actividades profesionais máis habituais...
- Actividades cotiás:
 - Hábitos e horarios (na casa, no traballo, na escola...)
- Tempo libre e ocio:
 - Actividades de lecer (xogos, deportes, prensa, radio, televisión...)
 - Actividades culturais (cine, teatro, museos, exposicións)
 - Afeccións e intereses...
- Ciencia e tecnoloxía:
 - Aparellos de uso cotián.
- Medios de transporte
- Compras e actividades comerciais:

- Establecementos comerciais.
- Prezos
- Formas básicas de pagamento.
- Vivenda, fogar e contorna:
 - Partes da casa
 - Mobiliario básico
- Viaxes:
 - Vacacións.
 - Medios de transporte.
 - Aloxamento.
 - Equipaxe.
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente:
 - Estacións do ano
 - Fenómenos atmosféricos (calor, frío, chuvia, sol...)
 - Animais e plantas máis comúns
- Bens e servizos públicos:
 - Xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- Información e medios de comunicación:
 - Noticias e reportaxes sinxelas

3.7- Competencias e Contidos Fonéticos e Fonolóxicos e Ortotipográficos:

Promoverase a capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis

común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

Competencias e Fonéticos e Fonolóxicos:

Ao longo do curso, introducirase ó alumno no sistema fonolóxico da lingua inglesa de xeito gradual. Porén, os seguintes contidos traballaránse durante os dous cuatrimestres:

- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos.
- Introducción á correspondencia entre grafías e fonemas. Patróns máis comúns e excepcións máis habituais.
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos.
- Recoñecemento e produción dos tons
- O acento en palabras básicas do uso cotián.
- A entoación (pautas básicas de entoación en distintos tipos de estruturas oracionais: oracións declarativas, interrogativas e exclamativas).
- Enlace.
- Estrutura silábica.
- Asimilación e epéntese nos sufixos /-(e)s/ /-ed/ só cando teña valor semántico

Competencias e Contidos Ortotipográficos

- O alfabeto. (Introducirase no comezo do primeiro cuatrimestre e farase uso del durante os dous como recurso básico para facilitar a comunicación).

O resto de contidos traballaránse ó longo do curso:

- Ortografía do vocabulario máis usual.
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente.
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas.
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes.

- Orde dos trazos e caracteres.
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos.

4- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para poder acceder ao Nivel Básico A2 as alumnas e os alumnos demostrarán que posúen o grao de competencia comunicativa que se describa a seguir nas distintas actividades lingüísticas:

4.1- Actividades de comprensión de textos orais.

- Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.

Mínimos esixibles:

- Entende o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.
- Recoñece léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non.
- Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común (preguntas e exclamativas). É quen de apreciar os sons e a entoación máis comúns.

4.2- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.
- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

Mínimos esixibles:

Produce frases illadas moi sinxelas e de uso frecuente. É quen de empregar os recursos básicos de cohesión (and, or, but, because)

Emprega léxico moi básico suficiente para falar de temas moi frecuentes e necesidades básicas.

Aplica convencións básicas. É capaz de recoñecer a información básica que debe transmitir.

Recoñece léxico básico de temas moi frecuentes.

Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que cometa erros e sexa necesaria a intervención da persoa interlocutora.

4.3- Actividades de comprensión de textos escritos

- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.
- Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

Mínimos esixibles:

- Emprega estratexias para entender o esencial do texto.
- Recoñece léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas e deduce o significado do que non coñece.
- Recoñece a puntuación e a ortografía máis elemental.

4.4- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.

Mínimos esixibles:

- Produce textos escritos moi breves e sinxelos. Emprega estruturas moi sinxelas de uso moi frecuente e conectores moi básicos.
- Usa léxico moi elemental de xeito adecuado suficiente para informar e ser informado sobre temas moi básicos e necesidades comúns.
- Emprega a puntuación e a ortografía máis elemental.

4.5- Actividades de mediación

- É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.
- Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.
- Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Mínimos esixibles:

- Intervén aplicando convencións moi básicas, ás veces cun uso incorrecto.
- Recoñece a información máis básica que debe transmitir, pedindo que lla reptan ou reformulándoa, empregando un dicionario e cometendo erros.
- Pode refacer o dito dunha forma máis simple con axuda de elementos non lingüísticos ou doutras persoas.

**TEMPORALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE OBXECTIVOS, COMPETENCIAS
E CONTIDOS. UNIDADES DIDÁCTICAS.**

Nivel Básico A1

Libro de texto *English File A1 Student's Book and Workbook (4th Edition)*

UNIDADE 1: NICE TO MEET YOU	
Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min - 1º cuadrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiables, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender o esencial en situacións cotiás sobre temas frecuentes, como saúdos e presentacións. Comprender palabras deletreando pronunciadas lenta e claramente. Comprender a información esencial de textos orais para rexistrarse nun hotel, reservar unha mesa, ...
CTE	Comprender textos moi breves sobre información persoal básica e con vocabulario moi frecuente. Comprender instrucións e indicacións breves empregando a linguaxe de aula
PCTO	Presentarse e intercambiar información básica sinxela, saudar e despedirse, dar e pedir información persoal, deletrear, rexistrarse nun hotel ou reservar unha mesa, empregar a linguaxe básica da aula
PCTE	Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal
MED	Repetir a información contida en textos orais ou escritos moi breves
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Identificación das normas de presentación e fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá
ESTRATÉXICOS	Memorizar palabras e estruturas novas Utilizar estratexias sinxelas para iniciar, manter ou rematar unha

	<p>conversa breve. Ensañar o texto oral ou escrito</p>
FUNCIONAIS	<p>Usos sociais da lingua: Saudar e despedirse, presentarse Información xeral: Pedir e dar información persoal Control da comunicación: Preguntar o significado dunha palabra</p>
DISCURSIVOS	<p>Formularios, Conversas cara a cara, Conversas telefónicas sinxelas</p>
SINTÁCTICOS	<p>O verbo: <i>Verb be</i> (singular): <i>I and you, Verb be</i> (singular): <i>he, she, it</i></p>
LÉXICOS	<p>Saúdos, información persoal, números 0-10, días da semana, vocabulario de clase e instrucións básicas de aula, nomes de países</p>
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOGRAFÍA	<p>O alfabeto Pronuncia dos sons /h/ /ai/ /i:/ /i/ /θʃ/ /s/ /ʃ/ Usos básicos das maiúsculas e minúsculas</p>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión oral: conversas con saúdos e presentacións. Actividades de comprensión oral: deletrear números e información persoal (nome, apelidos, ...) Actividades de comprensión oral: determinar información xeral nunha conversa de rexistro nun hotel, ordenar unha secuencia de información nunha conversa, entender información sobre unha reserva nun restaurante (nome, número de persoas, día...) Actividades de comprensión escrita: comprender información persoal, saúdos e vocabulario básico de aula. Actividades de produción e coprodución de textos orais: saudarse, presentarse, dar información persoal, empregar preguntas básicas sobre información persoal, rexistrarse nun hotel, reservar unha mesa, localizar unha personaxe na aula, e facer preguntas empregando o verbo <i>to be</i> (<i>Are you...?</i>), reproducir conversas para rexistrarse nun hotel ou reservar unha mesa nas que os alumnos asumen un papel determinado, <i>Hangman</i> para repasar o vocabulario estudado... Actividades de produción e coprodución de textos escritos: completar información, dar información persoal Actividades de mediación: repetir textos orais moi breves (conversas, ..) Actividades de vocabulario: saúdos, números, días da semana, nomes de países e xentilicios, linguaxe de aula...Actividades de gramática: o verbo <i>to be</i>.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende os puntos principais e información esencial dun texto aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos a información persoal	É quen de entender o esencial dun texto sobre información persoal
CTE Comprende o léxico máis básico e de uso máis común	É quen de recoñecer o léxico mais elemental
PCTO Manexa expresións sinxelas e fixas para producir textos orais moi breves en diferentes situacións da vida cotiá	É quen de producir frases illadas sinxelas para presentarse, saudarse e despedirse.
PCTE Enche formularios nos que se require información persoal seguindo as regras ortográficas	É quen de encher os campos dun formulario.
MED Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela	É quen de repetir ou reformular información aínda que teña que pedir axuda.

UNIDADE 2: WHERE ARE YOU FROM?	
Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min - 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiables, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender o esencial en conversas sobre presentacións e nacionalidades nas que se utilicen frases moi sinxelas
CTE	Comprender textos moi breves e sinxelos sobre información persoal e nacionalidades con vocabulario sinxelo
PCTO	Establecer contactos sociais moi breves e de estrutura sinxela sobre nacionalidades.
PCTE	Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal
MED	Transmitir información moi simple e predicible
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Relacións persoais e normas de presentación
ESTRATÉXICOS	Memorizar palabras e estruturas novas. Utilizar estratexias sinxelas para iniciar, manter ou rematar unha conversa breve. Ensañar textos orais e escritos seguindo un modelo
FUNCIONAIS	Dar e pedir información persoal Presentarse e presentar a alguén Dirixirse a alguén
DISCURSIVOS	Formularios, Conversas cara a cara
SINTÁCTICOS	<i>Verb be</i> (plural): <i>we, you, they</i> <i>Wh-</i> e <i>How</i> e preguntas con <i>be</i>
LÉXICOS	Nacionalidades Instrucións básicas de uso na aula Números de teléfono Números 11-100
FONÉTICO-FONOLOXICO E ORTOGRAFÍA	Pronunciación de /dʒ/ /tʃ/ /ʃ/ Números Correspondencia entre grafías e fonemas
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión oral: conversas con información persoal básica e nacionalidades, presentando a alguén, seleccionar a información correcta e completar coa información que falta.</p> <p>Actividades de comprensión escrita: textos sinxelos sobre nacionalidades para completar coa información que falta.</p> <p>Actividades de produción e coprodución oral: intercambiar información utilizando o verbo <i>to be</i> e nacionalidades.</p> <p>Actividades de produción e coprodución escrita: cumprimentar un formulario con información persoal (<i>first name, surname, age, marital status...</i>), dar información persoal...</p> <p>Actividades de vocabulario: práctica e repaso dos números (<i>Game: bingo...</i>)</p>	

Actividades de gramática: práctica das formas plurais do verbo <i>to be</i> e preguntas co verbo <i>to be</i> .	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende a os puntos principais e a información esencial nun texto	É quen de entender o esencial dun texto
CTE Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común	É quen de recoñecer o léxico esencial
PCTO Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas para producir textos orais	É quen de producir frases illadas sinxelas de uso frecuente
PCTE Produce textos moi breves de estrutura moi sinxela, copiando ou planificando Utiliza signos de puntuación e regras ortográficas	É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos É quen de empregar a ortografía máis elemental
MED Actúa tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes	É quen de actuar tendo en conta os aspectos máis básicos aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento

UNIDADE 3: EVERYDAY OBJECTS

Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiáveis, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Seguir un texto moi breve articulado con claridade en situacións cotiás Comprender o esencial sobre prezos en conversas sinxelas
CTE	Comprender o sentido global e identificar información relevante sobre obxectos comúns e prezos Comprender indicacións breves que conteñan información moi sinxela e con apoio visual (menús de restaurantes...)
PCTO	Interactuar en conversas moi básicas sobre prezos e obxectos comúns nunha tenda.
PCTE	Escribir textos sinxelos que conteñan prezos
MED	Repetir información contida en textos orais ou escritos moi breves
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Fórmulas de cortesía utilizadas en conversas sinxelas
ESTRATÉXICOS	Probar novas expresións Consultar as posibles dúbidas e corrixir erros.

	Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas
FUNCIONAIS	Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén Control da comunicación: Preguntar o significado dunha palabra ou expresión Información xeral: Pedir e dar información sobre prezos
DISCURSIVOS	Cartas de restaurantes e menús Etiquetas Conversas cara a cara
SINTÁCTICOS	Singular e plural nos nomes O artigo indefinido (<i>a/an</i>) Os demostrativos (<i>this, these, that, those</i>) Verbo <i>have</i>
LÉXICOS	Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, ... Alimentación Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotiá
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICOS	<i>/z/ e /s/</i> , terminacións plurais <i>/ð/</i> , <i>sentence rhythm</i> <i>/ʊə/ /s/ /k/</i>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión oral: conversas en diferentes situacións nas que se mencionan diferentes obxectos, conversacións nunha tenda con información sobre obxectos e prezos</p> <p>Actividades de comprensión oral: identificar a comida e a bebida nun menú e pedindo nun pub.</p> <p>Actividades de comprensión escrita: identificar información sobre obxectos comúns de uso diario.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais: identificar os obxectos nunha imaxe, no bolso..., preguntar prezos nunha tenda ou nun café asumindo un rol (<i>role-play conversations</i>)</p> <p>Actividades de produción e coprodución escrita: completar información con comida e bebida.</p> <p>Actividades de vocabulario: identificar obxectos comúns, deletrear... (<i>memory game...</i>)</p> <p>Actividades de gramática: práctica e reforzo dos demostrativos e plurais.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende os puntos principais e a información esencial dun texto	É quen de entender a información esencial nun texto oral
CTE Comprende o léxico máis básico en relación a obxectos comúns e prezos e pode deducir do contexto o significado das palabras ou frases que descoñece	É quen de empregar estratexias para comprender o esencial nun texto.
PCTO Coñece e utiliza estruturas moi básicas e sinxelas para producir unha conversa nunha tenda	É quen de producir frases illadas moi sinxelas.
PCTE Coñece e utiliza un repertorio léxico moi básico sobre prezos e situacións habituais nunha tenda	É quen de utilizar o léxico máis elemental
MED Identifica a información básica que	É quen de identificar a información básica

debe transmitir	que debe transmitir aínda que teña que solicitar repeticións
-----------------	--

UNIDADE 4: MY FAMILY	
Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiables, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender a información esencial en textos sobre familias e pertenzas
CTE	Comprender textos moi breve sobre familias e descricións
PCTO	Participar en conversas moi básicas sobre a familia Participar en conversas moi básicas facendo descricións Intercambiar información sobre gustos e intereses sobre coches
PCTE	Escribir mensaxes sinxelas sobre a familia Describir persoas
MED	Transmitir oralmente información moi simple contida en textos orais ou escritos
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Relacións sociais e familiares
ESTRATÉXICOS	Planificar a estrutura básica do texto
FUNCIONAIS	Usos sociais da lingua: presentar a alguén (familiares e amigos) Información xeral: indicar posesión Opinións e valoracións: expresar preferencias Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar sentimentos
DISCURSIVOS	Correspondencia persoal e formal (<i>posts...</i>)
SINTÁCTICOS	Verbo <i>have got</i> Os posesivos O posesivo 's Adxectivos comúns Plurais irregulares
LÉXICOS	Relacións familiares e sociais: parentescos Animais domésticos Cores Vestimenta Personalidade Saúde e cuidados físicos: partes do corpo
FONÉTICO-FONOLOXICO E ORTOTIPOGRÁFICOS	/ʌ/, /æ/ /ə/ /ɑ:/ /ɔ:/
ACTIVIDADES	
Actividades de comprensión oral: identificar os membros da familia Actividades de comprensión oral: identificar información a través de descricións de diferentes	

coches, identificar información verdadeira ou falsa.
 Actividades de comprensión escrita: texto con presentacións de diferentes membros dunha familia, texto con información sobre coches
 Actividades de produción e coprodución de textos orais: intercambiar información sobre algún membro da familia (parentesco, descripción....), expresar preferencias baseadas en imaxes, intercambiar información sobre diferentes coches decidindo as súas preferencias...
 Actividades de produción e coprodución de textos escritos: producir información sinxela sobre a familia utilizando os posesivos, posesivo 's, adxectivos...
 Actividades de mediación: transmitir información sobre gustos e preferencias
 Actividades de vocabulario: membros da familia, parentescos...
 Actividades de gramática: repaso e reforzo do singular e plural dos nomes, demostrativos...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTE Comprende os puntos principais e a información esencial dun texto relativos a familias e pertenzas	É quen de entender o esencial dun texto
CTO Comprende o léxico escrito máis básico relativo a familia e descrições.	É quen de comprender o léxico máis elemental nun texto
PCTO Coñece estruturas sintácticas moi sinxelas para producir descrições breves sobre familia e intercambia información de forma moi sinxela	É quen de empregar as estruturas sintácticas máis elementais
PCTE Produce textos escritos moi breves e sinxelos a partir dun modelo	É quen de producir un texto moi breve e sinxelo con erros.
MED Identifica a información básica que debe transmitir	É quen de identificar a información básica que debe transmitir aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e poida cometer erros

UNIDADE 5: COULD I HAVE A SANDWICH, PLEASE?

Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiáveis, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender a información esencial sobre hábitos de comida
CTE	Comprender textos moi breves sobre hábitos alimentarios
PCTO	Intercambiar información sobre hábitos alimentarios e dar opinión Establecer contactos sociais moi breves para pedir á hora Participar en conversas básicas para planificar actividades e falar de viaxes
PCTE	Escribir mensaxes sinxelas sobre os hábitos alimentarios

MED	Transmitir información moi simple e predicible
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS	Comidas típicas e hábitos culinarios en diferentes países
FUNCIONAIS	Información xeral: pedir e dar información sobre comidas e bebidas, viaxes e medios de transporte, horarios Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar Sentimentos
DISCURSIVOS	Cartas de restaurantes e menús Horarios Dicionarios
SINTÁCTICOS	Presente simple, afirmativa e negativa: <i>I, you, we, they</i> Presente simple, interrogativa: <i>I, you, we they</i>
LÉXICOS	Actividades cotiás: horarios Alimentación: léxico máis común relacionado coa alimentación Viaxes <i>Common verb phrases</i>
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICOS	Pronuncia dos sons: /dʒ/, /g/, /w/, /v/, /ə/ Silent consonants Sentence rhythm and linking
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais: cumprimentar información sobre comidas. Actividade de comprensión de textos orais: comprender diferentes situacións de viaxe (nun avión. nun taxi...).</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos: identificar información sobre o almorzo en diferentes países.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais emitindo unha opinión sobre a comida mais importante do día</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais con información sobre comida e hábitos no teu país (o que te gusta, o que é común...) e/ou noutros países</p> <p>Actividade de produción e coprodución de textos orais oral: intercambiar información sobre a comida e a bebida preferida (que almorzas, que comes, o que che gusta e o que non...), intercambiar información sobre un restaurante, o menú e o prezo e decidir cal prefires....</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos: escribir un <i>post</i> sobre hábitos alimentarios (que tomas, onde, hábitos durante a semana e a fin de semana....)</p> <p>Actividades de gramática: práctica e reforzo do presente simple</p> <p>Actividades de vocabulario sobre as horas (<i>Telling the time</i>) e sentimentos.</p>	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende os puntos principais e a información esencial de textos orais sobre comidas e en diferentes situacións de viaxes.	É quen de comprender a información máis esencial en textos orais
CTE Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto	É quen de aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto aínda que precise axuda do dicionario
PCTO Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando	É quen de interactuar de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e

respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra.	dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra aínda que pode presentar algunhas incorreccións
PCTE Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais empregando os recursos de cohesión máis básicos	É quen de producir textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais empregando os recursos de cohesión máis básicos aínda que pode presentar incorreccións
MED Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións	É quen de identificar a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e poda cometer algúns erros.

UNIDADE 6: WHAT DO YOU DO?	
Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File</i> (<i>Student's Book & Workbook</i>), fotocopiables, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBJETIVOS	
CTO	Comprender o esencial en conversas sobre traballo e rutinas diarias
CTE	Comprender textos sobre traballo e rutinas diarias
PCTO	Solicitar información sobre traballo e rutinas diarias Participar en conversas básicas sobre traballo e rutinas diarias
PCTE	Intercambiar información breve e sinxela sobre actividades no traballo
MED	Mediar en situacións moi cotiás e familiares
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Vida cotiá: horarios de traballo e rutina diaria en diferentes países
ESTRATÉXICOS	Aproveitar os coñecementos previos Utilizar estratexias sinxelas para iniciar, manter ou rematar unha conversa breve
FUNCIONAIS	Información xeral: Pedir e dar información persoal, horarios de Traballo
DISCURSIVOS	Correspondencia persoal Conversas cara a cara Folletos informativos
SINTÁCTICOS	Presente simple: <i>he, she, it</i> Adverbios de frecuencia
LÉXICOS	Traballo e profesión: actividades profesionais máis habituais

	Actividades cotiás: hábitos e horarios
FONÉTICO-FONOLOXICO E ORTOTIPOGRÁFICOS	Terceira persoa –es /j/ /ju:/ <i>Sentence rythm</i>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais: comprender información sobre a rutina diaria dunha persoa e cumprimentar información, ver un vídeo sobre a rutina dun guía turístico localizando a información.</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos: ler un artigo sobre diferentes traballos nos que se precisa falar inglés, ler información para responder escribindo a opción correcta.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais sobre a rutina diaria (actividades, comidas, horas, cousas que fas antes de durmir...).</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais: falar sobre o traballo doutra persoa.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos: escribir un <i>post</i> sobre o traballo, actividades e lugar de traballo, opinión...</p> <p>Actividades de expresión escrita sobre rutinas diarias (unha mañá ou tarde en días de semana, rutinas e actividades durante a fin de semana...)</p>	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende os puntos principais máis básicos e a información esencial dun texto, aplicando aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos, relativos a hábitos e rutinas diarias	É quen de comprender o máis esencial dun textos orais sobre hábitos e rutinas diarias
CTE Comprende o léxico escrito máis básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes e necesidades inmediatas e pode deducir do contexto o significado de palabras que descoñece	É quen de recoñecer o léxico elemental e deducir o significado do que non coñece.
PCTO Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible	É quen de utilizar expresións moi básicas que lle permiten comunicarse de forma comprensible con pausas, titubeos ou reformulacións.
PCTE Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións máis elementais.	É quen de utilizar a ortografía, os signos de puntuación e as convencións máis elementais.
MED Actúa tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes	É quen de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes aínda que ás veces presente certas incorreccións
UNIDADE 7: LIKES AND PREFERENCES	
Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> ,	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo

fotocopiables, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	
OBXETIVOS	
CTO	Comprender a información esencial en conversas sobre tempo libre
CTE	Comprender textos moi breves sobre tempo libre
PCTO	Interactuar para dar e solicitar información sobre tempo libre, películas, programas de TV
PCTE	Completar información sobre tempo libre Escribir mensaxes sinxelas sobre os programas preferidos.
MED	
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer na fin de semana
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión Planificar a estrutura básica do texto
FUNCIONAIS	Información xeral: referirse a accións cotiás presentes sobre actividades de ocio e lecer, películas e programas de televisión Pedir e dar información sobre datas
DISCURSIVOS	Correspondencia persoal e formal (<i>posts...</i>) Folletos informativos ou publicitarios (carteis de películas) Conversas telefónicas Conversas cara a cara
SINTÁCTICOS	Orden nas frases interrogativas: <i>be and present simple</i> Imperativos Pronomes obxecto (<i>me, him...</i>)
LÉXICOS	Tempo libre e ocio (<i>Common verb phrases</i>) Tipos de películas, programas TV, datas e celebracións Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estación do ano Meses Números ordinais
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICOS	/w/, /h/, /eə/ e /aʊ/ /θ/ <i>Sentence rythm</i>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais: escoitar un texto oral sobre rutinas da fin de semana, escoitar unha entrevista sobre películas e actores.</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos: ler un artigo sobre actividades da fin de semana.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais: entrevistar a un compañeiro e intercambiar información sobre a fin de semana. Intercambiar información sobre gustos e películas.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos: escribir un <i>post</i> sobre programas e series favoritos.</p> <p>Actividades de vocabulario sobre actividades máis comúns de tempo libre.</p> <p>Actividades de gramática sobre imperativos, pronomes obxecto e repaso do presente simple.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES

CTO Comprende os puntos principais máis básicos e a información esencial dun texto, aplicando aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos, relativos a actividades de lecer	É quen de comprender o máis esencial dun texto oral sobre actividades de lecer.
CTE Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.	É quen de aplicar estratexias para comprender o máis elemental dun texto.
PCTO Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes	É quen de utilizar adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes aínda que pode presentar algunhas incorreccións.
PCTE Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes	É quen de utilizar adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes aínda que pode presentar algunhas incorreccións.
MED Actúa tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes	É quen de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións.

UNIT 8: DO YOU LIKE WHAT I LIKE?

Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiáveis, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXETIVOS	
CTO	Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre actividades de lecer e tempo libre
CTE	Comprender textos moi breves e sinxelos sobre actividades de lecer e tempo libre
PCTO	Participar en conversas básicas sobre actividades de lecer e tempo libre Establecer contactos sociais moi breves para expresar preferencias e planificar actividades
PCTE	Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre actividades de tempo libre.
MED	Transmitir información

COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS	Vida cotiás: actividades de lecer Normas en diferentes países (<i>driving license</i> , etc..)
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral información específica...) Estratexias de comunicación: cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua
FUNCIONAIS	Información xeral: pedir e dar información sobre actividades Opiniós e valoracións: Expresar intereses, preferencias e gustos
DISCURSIVOS	Correspondencia persoal (mensaxes electrónicas) Conversas cara a cara Folletos informativos ou publicitarios
SINTÁCTICOS	<i>Can / Can't</i> Verbos <i>like, love, hate + ing</i>
LÉXICOS	Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICOS	<i>Can / can't /ə/ /æ/ e /ɑ:/</i> <i>/ʊ/ /u:/, /ŋ/</i> <i>Sentence rythm</i>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais: escoitar unha conversa telefónica breve sobre intereses e afeccións, identificar situacións en conversas moi breves, ver un vídeo e comprender información sobre actividades en grupo</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos: completar información con actividades e normas en diferentes países, completar información nun texto sobre actividades que che gusta facer con amigos ou solo, ler información nunha <i>web</i> sobre actividades noutros lugares</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais: entrevistar a un compañeiro e intercambiar información sobre gustos e intereses empregando os verbos <i>like, hate, love</i>. Intercambiar información cun compañeiro para escoller a actividade de tempo libre que máis vos guste</p> <p>Actividades de produción e coprodución escrita: escribir un <i>email</i> a un amigo informando sobre diferentes actividades para facer no tempo libre, dar información sobre as cousas que se poden facer ou non na túa cidade empregando <i>can</i> ou <i>can't</i>.</p> <p>Actividades de mediación: transmitir información sobre un texto sobre actividades</p> <p>Actividades de vocabulario: identificar o significado a partir de imaxes, actividades (clasificalas en función do que che gusta e como)</p> <p>Actividades de gramática: xogo para repasar <i>can / can't</i></p>	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais.	É quen de comprender o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo sempre que a pronuncia sexa clara e cunha velocidade normal.
CTE Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e a temas xerais e, pode inferir do contexto os significados dalgunhas palabras e expresións que	É quen de comprender o léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e temas xerais aínda que precise axuda do dicionario

descoñece	
PCTO Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre accións e actividades de lecer, cun repertorio léxico propio do nivel	É quen de solicitar e intercambiar información de forma sinxela sobre acción e actividades de lecer, aínda que ás veces cun léxico limitado
PCTE Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais	É quen de utilizar as regras ortográficas e a puntuación máis elemental
MED Identifica a información básica e predicible que debe transmitir	É quen de identificar a información básica e predicible que debe transmitir aínda que as veces poida cometer erros.

UNIT 9: WOULD YOU LIKE TO GO THE CINEMA TONIGHT?

Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiáveis, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXETIVOS	
CTO	Seguir un texto moi breve articulado con claridade sobre cousas que están sucedendo
CTE	Comprender información sobre actividades e situacións cotiás
PCTO	Participar en conversas moi básicas e expresar opinión sobre sobre experiencias no traballo e na escola Participar en conversas moi básicas sobre o que está pasando no momento Participar en conversas moi básicas facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas
PCTE	Intercambiar correspondencia breve e persoal moi sinxela
MED	Transmitir información moi simple
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAI	Relacións persoais e vida cotiá
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar Estratexias de comunicación: Deducir o significado de palabras e frases a partir do contexto
FUNCIONAI	Usos sociais da lingua: Convidar Petición de instrucións e suxestións: Invitar, e reaccionar adecuadamente
DISCURSIVOS	Correspondencia (mensaxes electrónicas) Conversas cara a cara

SINTÁCTICOS	Presente continuo Presente continuo vs presente simple <i>Would you like...?</i>
LÉXICOS	Viaxes (<i>Common verb phrases: travelling</i>) Roupa
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICOS	<i>Sentence rythm</i> /e/ /u:/ /æ/ /əu/ /au/ /i:/
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais: escoitar unha conversa e identificar a situación, escoitar un programa de TV, escoitar unha conversa invitando a alguén a facer algo, escoitar unha entrevista sobre unha experiencia de traballo, escoitar unha conversa no que se invita a un amigo a facer algo</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos: identificar información específica e predicible sobre actividades e situacións cotiás</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais: <i>Guessing game</i> con actividades empregando o presente continuo, describir fotos empregando vocabulario de roupa e o presente continuo</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais: invitar a un amigo a facer algo (seleccionar unha opción con información dada).</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos: escribir un <i>email</i> a un amigo invitándoo a facer algo.</p> <p>Actividades de mediación: Transmitir información simple sobre información de diferentes actividades para invitar a alguén</p> <p>Actividades de vocabulario: identificas as palabras relacionadas con <i>travelling</i> e roupa a través de imaxes...</p> <p>Actividades de gramática: práctica e reforzo: do presente continuo e presente simple</p>	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos	É quen de entender o esencial e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos
CTE Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto	É quen de aplicar as estratexias máis adecuadas para comprender o esencial dun texto
PCTO Pronuncia e entoar de maneira suficientemente clara	É quen de pronunciar e entoar de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acentos estranxeiro ou cometa erros
PCTE Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas do ámbito persoal	É quen de coñecer e utilizar adecuadamente un repertorio léxico moi básico aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación

MED Identifica a información básica e predicible que debe transmitir	É quen de identificar a información máis elemental que debe transmitir
--	--

UNIT 10: TRAVELLING	
Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuadrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiabes, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXETIVOS	
CTO	Comprender o esencial nunha entrevista con información persoal Comprender descrições básicas dunha vivenda
CTE	Comprender información moi sinxela que conta con apoio visual (folletos...) Comprender situacións da vida cotiá (nun hotel...) Comprender información sinxela con datos sobre diferentes aloxamentos (anuncios...)
PCTO	Interactuar para describir unha vivenda e localizar obxectos
PCTE	Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela describindo o teu fogar
MED	Transmitir información moi simple localizando obxectos
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAI	Condicións de vida en diferentes países (vivenda, ...)
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos Estratexias de comunicación: Efectuar, de forma básica, aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación
FUNCIONAIS	Información xeral: Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa, Pedir e dar información sobre cantidades
DISCURSIVOS	Anuncios e carteis Conversas cara a cara
SINTÁCTICOS	<i>There is a / there are some</i> <i>Past simple: be</i> As preposicións de lugar: <i>in, on, under</i> <i>In, on, at</i> Conectores e enlaces de uso máis frecuente
LÉXICOS	Bens e servizos Viaxes: aloxamento (hoteis), equipaxe... Clima, condicións atmosféricas e ambiente: fenómenos atmosféricos Vivenda e fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICOS	Sons /iə/ /eə/ <i>Was and were</i> <i>Sentence rythm</i>
ACTIVIDADES	

Actividades de comprensión de textos orais: escoitar información turística, escoitar unha entrevista e completar información
 Actividades de comprensión de textos escritos: comprender información sobre aloxamento nun hotel
 Actividades de produción e coprodución de textos orais: contar onde estabas onte a diferentes horas do día
 Actividades de produción e coprodución escrita: escribir un *email* a un amigo describindo a túa vivenda
 Actividades de mediación: preguntar e transmitir información para localizar diferentes obxectos nunha imaxe
 Actividades de vocabulario: *Pictionary* para practicar as partes da casa, un hotel, mobiliario...
 Actividades e gramática: Practica e reforzo de *There's a ... / There are some...*, pasado simple do verbo *be*

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende os puntos principais e a información esencial do texto	É quen de comprender a información esencial do texto
CTE Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común	É quen de comprender o léxico escrito máis elemental
PCTO Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes	É quen de utilizar un repertorio oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes aínda que poda presentar algunhas incorreccións
PCTE Coñece e utiliza un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes	É quen de utilizar un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes
MED Identifica a información básica e predicible que debe transmitir	É quen de identificar a información máis elemental que debe transmitir

UNIT 11: WHERE IS THE POST OFFICE?	
Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiabes, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBJETIVOS	
CTO	Comprender o esencial nun texto con información sobre a vida noutros países (escola....) Comprender texto con información sobre o que pasou no día Comprender instrucións moi básicas e seguir indicacións sinxelas breves
CTE	Comprender o sentido global e localizar información relevante

	en textos sobre a vida cotiá noutros países Comprender un artigo con información sobre a vida noutros países
PCTO	Intercambiar información básica sobre a escola Participar en conversas básicas sobre o que se fixo nas diferentes partes do día Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.
PCTE	Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas
MED	Transmitir información
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS	Vida cotiá: Costumes noutros países
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle
FUNCIONAIS	Control da comunicación: Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora Información xeral: Pedir e dar información sobre lugares
DISCURSIVOS	Carteis, letreiros e sinais
SINTÁCTICOS	<i>Past simple: regular verbs</i> <i>Past simple irregular verbs: get, go, have, do</i> Preposicións de lugar
LÉXICOS	Bens e servizos públicos Educación: material e actividades de aula, centros de ensino...
FONÉTICO-FONOLOXICO E ORTOTIPOGRÁFICOS	<i>Regular past simple endings</i> <i>/d/, /t/ /id/</i> <i>Sentence rythm</i> Entoación
ACTIVDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais: comprender información xeral sobre direccións e lugares, comprender información contida nun <i>blog</i> sobre a vida noutros países, comprender información sobre a escola noutros países</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos: comprender información sobre experiencias no estranxeiro, comprender información sobre actividades de persoas en diferentes países</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais: entrevistar a un compañeiro sobre actividades que fixo en diferentes momentos da súa vida, intercambiar información sobre o que fixo onte e tomar notas para logo transmitir a información, pedir información e dar instrucións para chegar a un sitio con soporte visual (mapa...)</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos: escribir un <i>blog post</i> sobre o que fixeches onte</p> <p>Actividades de mediación: transmitir información sobre o que outro compañeiro fixo onte</p> <p>Actividades de gramática: práctica e reforzo do pasado simple dos verbos regulares, pasado simple dalgúns verbos irregulares...</p>	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende os puntos principais e a información esencial do texto	É quen de comprender o máis elemental dun texto
CTE Sabe aplicar as estratexias máis	É quen de aplicar estratexias para

adequadas para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto	comprender o esencial dun texto
PCTO Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar, manter e pechar a quenda de palabra	É quen de interactuar de maneira sinxela en intercambios moi breves aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación
PCTE Coñece e utiliza un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar información sobre temas moi frecuentes	É quen de utilizar un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar información sobre temas moi frecuentes, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación
MED Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela	É quen de repetir ou reformular o dito de maneira máis sinxela aínda que poda precisar a colaboración doutras persoas

UNIT 12: PAST EVENTS	
Nivel A1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File (Student's Book & Workbook)</i> , fotocopiáveis, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXETIVOS	
CTO	Seguir un texto moi breve articulado con claridade Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas sobre asuntos cotiás
CTE	Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e estruturados
PCTO	Participar en conversas básicas
PCTE	Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar seguindo o modelo
MED	Transmitir información
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAI	Linguaxe corporal: expresións faciais, distancia interpersoal... Convencións sociais: fórmulas de cortesía
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión Estratexias de comunicación: Deducir o significado de palabras ou frases a través do contexto
FUNCIONAIS	Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén, agradecer Opiniós e valoracións: Afirmar ou negar algo, mostrar

	acordo e satisfacción
DISCURSIVOS	Conversas cara a cara
SINTÁCTICOS	<i>Past simple: regular and irregular verbs</i>
LÉXICOS	<i>Regular and irregular verbs</i> <i>Past verb forms</i>
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICOS	<i>Irregular verbs</i> <i>Past simple</i> Sons vocálicos
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais: Comprender unha historia sobre dúas persoas que se acaban de coñecer</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos: comprender unha historia sobre un encontro</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais: participar en conversas sobre eventos pasados (unha viaxe....)</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos: contar o que fixeches nas últimas vacacións. Actividades de mediación: transmitir información sobre un compañeiro</p> <p>Actividades de gramática: revisión e reforzo dos tempos pasados</p>	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende os puntos principais e a información esencial do texto	É quen de comprender a información esencial do texto
CTE Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común	É quen de comprender o léxico escrito máis elemental
PCTO Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes	É quen de utilizar un repertorio oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes aínda que poda presentar algunhas incorreccións
PCTE Coñece e utiliza un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes	É quen de utilizar un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes
MED Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela	É quen de repetir ou reformular o dito de maneira máis sinxela aínda que poda precisar a colaboración doutras persoas

4.2 NIVEL BÁSICO A2

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Debido ás particularidades do curso pasado, no que non houbo tempo suficiente para cubrir toda a programación no nivel A1, neste curso reforzaranse os contidos que non se puideron traballar na súa totalidade. No seguinte apartado sinálanse os contidos específicos que compre reforzar.

Os contidos sintácticos referidos ó uso do modal 'can' para expresar habilidade e a expresión do pasado (pasado simple) traballaranse no primeiro cuadrimestre, nas unidades 4 e 6 respectivamente. A expresión do presente (presente continuo) e futuro (futuro simple), nas unidades 8 e 9.1. Os contidos léxicos referidos á vestimenta reforzaranse no transcurso do primeiro cuadrimestre, na unidade 4.3, e os referidos á saúde e coidados físicos, no segundo cuadrimestre nas unidades 11 e 10.2/12.4 respectivamente.

1- OBXECTIVOS XERAIS

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles,

sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

- Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, especialmente se contan con apoio visual.

- Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiás e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiás ou con información persoal básica.

2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

2.1- Actividades de Comprensión de Textos Orais

- Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiás, e identificar un cambio de tema.

- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

- Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
- Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

2.2- Actividades de Producción e Co-producción de Textos Oraís

- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.
- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.
- Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.
- Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.
- Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

2.3- Actividades de Comprensión de Textos Escritos

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.
- Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.
- Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.
- Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.4- Actividades de Producción e Coproducción de Textos Escritos

- Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.
- Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.
- Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

2.5- Actividades de Mediación

- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.
- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.
- Mediar en situacións moi cotiáns, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.
- Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

- Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

3- COMPETENCIAS, CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

3.1- Competencias e Contidos socioculturais e Sociolingüísticos

Coa finalidade de comunicarse co efectividade e propiedade en distintas situacións, os alumnos deberán coñecer e aplicar diversos recursos que teñan en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos que se traballen no aula, o que se fará desde unha perspectiva intercultural e en relación coas áreas temáticas correspondentes.

- Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...
- Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte...
- Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...
- Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)
- Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestuario...

3.2- Competencias e Contidos Estratéxicos

Se promoverá o desenvolvemento da capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. As devanditas competencias e contidos serán traballados ó longo do curso.

Estratexias de aprendizaxe

As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.

Estratexias de Comunicación

As estratexias de comunicación permitiránlle ó alumno mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, poderá:

- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

3.3- Competencias e Contidos Funcionais

Os expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos organizaranse do seguinte xeito:

■ Usos sociais da lingua:

- Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.
- Agradecer.
- Felicitar.
- Convidar.
- Interesarse por persoas.
- Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
- Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.

■ Control da comunicación:

- Manifestar comprensión e falta de comprensión.
- Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

■ Información xeral:

- Describir persoas, obxectos e lugares.
- Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.
- Expoñer proxectos e formular hipóteses.

■ Opinións e valoracións:

- Valorar un feito.
- Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento.

■ Petición de instrucións e suxestións:

- Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.
- Pedir e dar direccións nunha cidade.
- Suxerir unha actividade.

■ **Estados de saúde, sensacións e sentimentos:**

- Expresar estados de ánimo.

3.4- Competencias e Contidos Discursivos

Farase énfase no coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Tipoloxía de textos escritos:

- Formularios
- Listaxes
- Instrucións sinxelas
- Axendas e diarios
- Textos sinxelos e breves
- Notas e mensaxes
- Folletos informativos ou publicitarios
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Biografías
- Cartas de restaurantes e menús
- Receitas de cociña moi sinxelas
- Carteis, letreiros e sinais
- Etiquetas de produtos e embalaxes
- Anuncios publicitarios
- Carteleiras de espectáculos
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Informacións meteorolóxicas

-Programacións de radio e televisión

Tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas sinxelas
- Instrucións e anuncios
- Presentacións públicas

3.5- Competencias e Contidos Sintácticos

Fomentaranse as capacidades do alumnado para seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa axeitada en cada actividade de lingua.

- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases (nomes: contables e incontables), xénero e número. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido). Formas e usos.
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais.
- O demostrativo. Formas e usos
- O posesivo. Formas e usos
- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais
- Os indefinidos máis frecuentes. Formas e usos.
- O adxectivo: Grao comparativo e superlativo.
- As partículas interrogativas de uso máis común
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente e do pasado. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, tempo, e lugar
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos

Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos

- O artigo. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo.
- As partículas exclamativas e relativas de uso máis común (How...! / What...!)
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións.
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar modo, tempo, lugar e dirección
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos

3.6- Competencias e Contidos Léxicos

Os contidos léxicos traballarase no contexto das realidades socioculturais dos países anglófonos e fomentarán a capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

- Identificación persoal:
 - Datos persoais: Nome e apelidos, enderezo, idade, teléfono, correo electrónico...
 - Carácter
 - Datos persoais: data e lugar de nacemento
 - Aspecto físico: vestimenta.
 - Estados de ánimo
 - Sentimentos.
- Viaxes:
 - Nomes de países máis comúns e xentilicios.
 - Equipaxe.
 - Aloxamento.
- Educación:

- Material e actividades da aula, centros de ensino...
- Traballo e profesións:
 - Actividades profesionais máis habituais...
- Relacións familiares e sociais:
 - Parentesco.
 - Formas de tratamento sinxelas.
- Actividades cotiás:
 - Hábitos e horarios (na casa, no traballo, na escola...)
- Tempo libre e ocio:
 - Actividades de lecer (xogos, deportes, prensa, radio, televisión...)
 - Actividades culturais (cine, teatro, museos, exposición...)
 - Afeccións e intereses...
- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
 - Comidas do día
 - Comidas e bebidas máis comúns.
 - Tipos de establecementos: cafés, bares, restaurantes...
- Compras e actividades comerciais:
 - Establecementos comerciais.
 - Prezos
 - Formas de básicas de pagamento.
- Vivenda, fogar e contorna:
 - Partes da casa
 - Mobiliario básico
- Ciencia e tecnoloxía:
 - Aparellos de uso cotián.
- Bens e servizos públicos:

- Xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- Alimentación:
 - Comidas do día
 - Comidas e bebidas máis comúns.
- Viaxes:
 - Vacacións.
 - Medios de transporte.
 - Aloxamento.
- Información e medios de comunicación:
 - Noticias e reportaxes sinxelas
- Saúde e coidados físicos:
 - Estado físico (dor, malestar) e necesidades corporais (sono, fame, cansazo, frío...)
 - Hixiene e coidado corporal
 - Partes do corpo
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente:
 - Estacións do ano
 - Fenómenos atmosféricos (calor, frío, chuvia, sol...)
 - Animais e plantas máis comúns.

3.7- Competencias e Contidos Fonéticos e Fonolóxicos e Ortotipográficos

Promoverase a capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

Competencias e Fonéticos e Fonolóxicos

O alumno xa estará familiarizado co sistema fonolóxico da lingua inglesa, que se introduce no primeiro curso do nivel básico. Neste curso, afianzarase o

recoñecemento e aplicación das regras básicas do sistema. Os seguintes contidos traballaranse durante os dous cuatrimestres:

- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos.
- Correspondencia entre grafías e fonemas. Patróns comúns e excepcións habituais.
- O acento en palabras básicas do uso habitual.
 - A entoación (pautas básicas de entoación en distintos tipos de estruturas oracionais: oracións declarativas, interrogativas e exclamativas).
- Asimilación e epéntese nos sufixos/-(e)s/ /-ed/ só cando teña valor semántico

Competencias e Contidos Ortotipográficos

Traballaranse ó longo do curso:

- O alfabeto.
- Ortografía do vocabulario máis usual.
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi máis frecuente.
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas.
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes.

4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para poder superar o Nivel Básico 2, as alumnas e os alumnos demostrarán que posúen o grao de competencia comunicativa que se describa a seguir nas distintas actividades lingüísticas:

4.1- Actividades de comprensión de textos orais

- Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás

relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

- Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

4.2- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

4.3- Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.

PCTO	Dar información sobre plans e desexos futuros. Facer predicións sobre diferentes situacións. Facer e responder a suxestións sobre pasar un día fóra. Describir situacións atmosféricas estrañas.
PCTE	Escribir nun foro sobre a propia cidade.
MED	Transmitir oralmente información concreta e relevante dun texto escrito breve e sinxelo. Resumir brevemente o contido máis relevante de textos escritos.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Ide Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Respecto da opinión e da cultura allea.
ESTRATÉXICOS	Utilización de estratexias de comunicación. Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa. Activación de estratexias de lectura en función da tipoloxía dos textos. Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados. Solicitud de aclaración e de repetición.

FUNCIONAIS	<p>Describir plans e proxectos. Formular hipóteses. Facer suxestións relativas a actividades e responder ás mesmas.</p>
DISCURSIVOS	<p>Conversas informais. Textos sinxelos. Informacións meteorolóxicas.</p>
SINTÁCTICOS	<p>Expresión do futuro: <i>Be Going to / Will Would Like to</i> Auxiliares modais de probabilidade: <i>Might / Might not</i> Conectores (<i>too, also, as well</i>)</p>
LÉXICOS	<p>Combinacións comúns de verbo + nome (<i>have a barbecue, do a course, etc</i>) Expresións con <i>Get + Adxectivo (get stung, get warm...)</i> Actividades relativas ao arte e a cultura (<i>go to a concert, look at a dance performance...)</i> Estacións do ano. O tempo atmosférico. Fórmulas sinxelas e comúns en suxestións e as respostas correspondentes (<i>Let's + infinitivo, How about + -ING?, Why don't we...?, Shall we...? / That sounds Good!...</i>)</p>
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICO	<p>Formas débiles: <i>going to, would.</i> Contraccións. Entoación.</p>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión oral escoitando entrevistas na radio sobre plans futuros e sobre o tempo atmosférico. Actividades de comprensión escrita con textos sobre os perigos da natureza. Actividades de coprodución e produción de textos orais relacionadas con dar información sobre plans e desexos futuros, predicións, suxestións e descrición de situacións atmosféricas. Actividades de coprodución e produción de textos escritos sobre escribir nun forum sobre a propia cidade. Actividades de vocabulario sobre combinacións comúns de verbo + nome, expresións con <i>Get + adxectivo</i>, actividades relativas ao arte e a cultura, estacións do ano, o tempo atmosférico, fórmulas sinxelas e comúns en suxestións e as respostas correspondentes (<i>Let's + infinitivo, How about + -ING?, Why don't we...?, Shall we...? / That sounds Good!...</i>). Actividades de gramática para reforzar o uso da expresión do futuro: <i>Be Going to / Will, Would Like to</i>, auxiliares modais de probabilidade: <i>Might / Might not</i> e conectores (<i>too, also, as well</i>). Actividades de mediación oral resumindo os detalles máis relevantes dunha conversa e de mediación escrita tomando notas escritas básicas e transmitíndoas a terceiras persoas</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
<p>CTO Identifica e comprende a maior parte do contido de entrevistas na radio sobre plans futuros e o tempo atmosférico.</p>	<p>CTO É quen de comprender a información máis relevante de entrevistas na radio sobre plans futuros e sobre o tempo atmosférico, aínda que teña que pedir aclaracións.</p>
<p>PCTO Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais proporcionando información sobre plans e desexos futuros, predicións e</p>	<p>PCTO É quen de proporcionar información de xeito sinxelo, con vocabulario básico e estruturas sinxelas sobre plans e desexos futuros, predicións e descrición de situacións atmosféricas.</p>

descrición de situacións atmosféricas.	
CTE Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto como polas imaxes que o acompañan.	CTE É quen de comprender a información máis relevante en textos sinxelos e básicos sobre os perigos da natureza.
PCTE Fai suxestións e responde ás mesmas.	PCTE É quen de facer suxestións e responder ás mesmas de xeito sinxelo.
MEDIACIÓN Escribe de maneira sinxela e con léxico básico nun foro sobre a propia cidade. Transmítelles ás persoas destinatarias información básica que considera importante, coa axuda de notas breves.	MEDIACIÓN É quen de escribir empregando léxico básico suficiente e estruturas sinxelas e habituais nun foro sobre a propia cidade. É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas de aspectos básicos de conversas e textos sinxelos.

HEALTH 11.1 I DON'T FEEL WELL 11.2 ON THING AT A TIME 11.3 HELP! 11.4 FAT OR SUGAR?.	
Nivel A2	Temporalización -4 sesións de 120 minutos
Recursos didácticos - Libro de texto (<i>Speak Out 2nd Edition</i>) fotocopias, audios, vídeos e Internet.	Modalidade de traballo - Individual, parellas e grupos.
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender o sentido xeral e a información específica de programas de radio sobre enfermidades comúns. Comprender o sentido xeral e a información esencial de textos audiovisuais sobre comidas.
CTE	Comprender artigos sinxelos sobre o estrés e a saúde. Comprender o sentido global e localizar a información relevante en textos breves e sinxelos con apoio visual.
PCTO	Dar información sobre o que facemos cando non nos atopamos ben. Falar de diferentes xeitos de reducir o estrés. Ofrecer axuda. Falar sobre dietas.
PCTE	Escribir consellos para un foro sobre saúde.
MED	Transmitir oralmente información concreta e relevante dun texto escrito breve e sinxelo. Resumir brevemente o contido máis relevante de textos escritos.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos.
Ide.	Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Respecto da opinión e da cultura allea.

ESTRATÉXICOS	Utilización de estratexias de comunicación. Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa. Activación de estratexias de lectura en función da tipoloxía dos textos. Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados. Solicitud de aclaración e de repetición.
FUNCIONAIS	Describir o estado físico. Ofrecer axuda. Agradecer. Dar consellos.
DISCURSIVOS	Conversas informais. Recetas. Textos sinxelos.
SINTÁCTICOS	Expresión da obriga: <i>Should / Shouldn't</i> Adverbios de modo.
LÉXICOS	Partes do corpo. Hixiene. Problemas de saúde máis comúns (síntomas, enfermidades, tratamentos). Verbos de movemento. Comunicación e tecnoloxía. Fórmulas sinxelas para ofrecer axuda. (<i>I'll... / Let me + infinitivo / Shall I...?</i>)
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICO	Forma débil <i>should</i> . Entoación en ofrecementos. Entoación: adverbios.

ACTIVIDADES

Actividades de comprensión oral escoitando programas de radio sobre enfermidades comúns e saúde.

Actividades de comprensión escrita con artigos sinxelos sobre o estrés e a saúde.

Actividades de coprodución e produción de textos orais relacionadas con dar información sobre o noso estado físico, dietas, diferentes xeitos de reducir o estrés e ofrecer axuda.

Actividades de coprodución e produción de textos escritos sobre escribir consellos para un foro sobre saúde.

Actividades de vocabulario sobre partes do corpo, hixiene, problemas de saúde máis comúns, verbos de movemento, comunicación e tecnoloxía e fórmulas sinxelas para ofrecer axuda.

Actividades de gramática para reforzar o uso da expresión da obriga: *Should / Shouldn't* e adverbios de modo.

Actividades de mediación oral resumindo os detalles máis relevantes dunha conversa e de mediación escrita tomando notas escritas básicas e transmitíndoas a terceiras persoas

AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas básicas sobre enfermidades comúns e saúde.	CTO É quen de comprender a información máis relevante nas conversas básicas sobre enfermidades comúns e saúde, aínda que teña que pedir aclaracións.
PCTO Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais proporcionando información sobre o estado físico e dietas.	PCTO É quen de proporcionar información de xeito sinxelo sobre o estado físico e dietas con vocabulario básico e estruturas sinxelas.
CTE Comprende e identifica palabras e	CTE É quen de comprender a información máis relevante

ideas clave proporcionadas tanto polo texto como polas imaxes que o acompañan.	en textos sinxelos e básicos sobre estrés e saúde.
PCTE Ofrece axuda.	PCTE É quen de ofrecer axuda de maneira sinxela.
MEDIACIÓN Escribe de maneira sinxela e con léxico básico consellos para un foro sobre saúde. Transmítelles ás persoas destinatarias información básica que considera importante, coa axuda de notas breves.	MEDIACIÓN É quen de escribir empregando léxico básico suficiente e estruturas sinxelas e habituais consellos para un foro sobre saúde. É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas de aspectos básicos de conversas e textos sinxelos.

5.1- NIVEL INTERMEDIO B1

1- Descrición do nivel:

O alumnado que supere o nivel intermedio B1 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, lecer...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema...

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

- Producir e coproducir descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.
- Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.
- Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

2- Obxectivos

2.1- Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

- Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.
- Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual.
- Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.
- Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.
- Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

2.2- Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.
- Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.
- Dar información xeral sobre un asunto de saúde.
- Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).
- Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.
- Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.

- Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.

- Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

2.3- Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será capaz de:

- Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.

- Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.

- Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.

- Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

- Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.

- Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.

2.4- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

O alumnado será capaz de:

- Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

- Cubrir impresos e formularios -segundo modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións (reclamacións).
- Tomar notas a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.
- Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.
- Redactar documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.
- Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

2.5- Actividades de mediación

O alumnado será capaz de:

- Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.
- Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.
- Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

3- COMPETENCIAS, CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

3.1- Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Estes contidos impartiranse ao longo de todo o curso, incluíndo o primeiro cuadrimestre as unidades 1-5 e o segundo as unidades 6-12.

Permitirán ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.

3.2- Competencias e contidos estratéxicos

Estes contidos impartiranse ao longo de todo o curso.

Permitirán ao alumnado aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

Estratexias de aprendizaxe

Estas estratexias danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.

- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

Estratexias de comunicación

Permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).

- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

3.3- Competencias e contidos funcionais

Estes contidos impartiranse ao longo de todo o curso.

Permitirán ao alumnado desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Ao longo do curso se darán os seguintes:

Usos sociais da lingua:

- Desculparse por algo e reaccionar ante a desculpa.
- Escribir notas de agradecemento e desculpa.
- Presentarse e presentar a outras persoas.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
- Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.

Control da comunicación:

- Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión.
- Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas (segundo cuadrimestre).
- Pedirlle á persoa interlocutora confirmación da comprensión.

Información xeral:

- Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.
- Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.
- Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.
- Relatar accións e circunstancias pasadas.
- Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- Solicitar información sobre servizos.

Cofecemento, opinións e valoracións:

- Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.
- Expresar gustos, afeccións, teimas etc.
- Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc.
- Explicar un síntoma dunha enfermidade (segundo cuadrimestre).
- Falar do futuro e facer hipóteses.
- Pedir e ofrecer consellos e recomendacións.
- Explicar un problema de xeito sinxelo.
- Protestar e reclamar por un servizo.
- Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.

Organización do discurso:

- Pedir, tomar e ceder a palabra.
- Reaccionar e cooperar na interacción.
- Introducir un tema en situacións formais e informais.
- Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema.

- Enunciar o peche do discurso e pechalo.
- Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.

3.4- Competencias e contidos discursivos

Estes contidos impartiranse ao longo de todo o curso.

Permitirán ao alumnado comprender e aplicar as competencias discursivas que lle permitan producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal formal e informal: notas e mensaxes, e-mail...

- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas, cuestionarios...
- Informes, resumos e esquemas.
- Descrición de persoas, imaxes e lugares.
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Biografías
- Ensaio de opinión

3.5- Competencias e contidos sintácticos

Permitirán ao alumnado seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua.

- Posición e concordancia dos elementos da oración
- Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal
- Réxime preposicional con verbos frecuentes
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes
- Uso de conectores propios do nivel
- Oración composta. Coordinación
- Oración composta. Subordinación: de relativo
- Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais
- O aspecto. Incoativo, durativo
- Posición e concordancia dos elementos oracionais

- Correlación temporal nas oracións. Os tempos narrativos: presentes e pasados
- Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación
- Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores
- Correlación temporal nas oracións. Os tempos narrativos: futuros e repaso de presentes e pasados
- Oración composta. Subordinación: temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais
- Infinitivo vs. *-ing*
- Uso da impersonalidade. Voz pasiva
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- Uso do imperativo afirmativo e negativo
- O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos

3.6- Competencias e contidos léxicos

Permitirán ao alumnado recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan. Estarán divididos nos dous cuadrimestres da seguinte maneira:

- Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...

- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- Actividades artísticas: pintura, fotografía, cine e teatro, literatura, música.
- Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía...
- Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria...
- A cidade.
- Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos, soños...
- Relacións humanas e sociais: fobias e medos, segredos e confidencias.
- Educación: o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos, aprendizaxe dun idioma...
- Saúde e coidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, deportes, hábitos de saúde.
- Ciencia e tecnoloxía: inventos, avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- Animais.
- Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet....
- Política e sociedade: modas e tendencias sociais...

3.7- Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Estes contidos se impartirán ao longo de todo o curso.

Permitirán ao alumnado recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...).
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

4- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.1- Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.
- Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.
- Comprende e segue instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando

o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.

- Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.

- Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.

- Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.

4.2- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.

- Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.

- Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar.

- Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.

- Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.

- Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).
- Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.
- Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

4.3- Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.
- Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.
- Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.
- Segue as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.
- Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

4.4- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas

incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.

- Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.

- Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.

- Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.

- Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

- Utiliza, de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

4.5- Actividades de mediación

- Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.

- Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.

- Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solícitaa con anterioridade para tela dispoñible.

- Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.

**TEMPORALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE OBXECTIVOS, COMPETENCIAS
E CONTIDOS. UNIDADES DIDÁCTICAS.**

Nivel Intermedio B1

UNIDADE 2: TRAVELLING AND TRANSPORT	
Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File A2/B1 (Students' Book & Workbook)</i> , fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender as ideas principais de experiencias persoais do pasado Comprender información referidas a identificación e caracterización persoais
CTE	Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos sinxelos, anuncios publicitarios e guías turísticas
PCTO	Facer unha exposición breve sobre as últimas vacacións Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá Dar información sobre a identificación e caracterización persoal Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles
PCTE	Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real nunha viaxe
MED	Mediar entre falantes transmitindo o sentido xeral Tomar notas escritas sinxelas coa información máis relevante
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Relacións persoais e linguaxe corporal
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: Planificar a propia aprendizaxe Relacionar o aprendido con coñecementos previos
FUNCIONAIS	Información xeral: Relatar accións e circunstancias pasadas. Dar e pedir información sobre sucesos pasados. Coñecementos, opinións e valoracións: Explicar un problema de xeito sinxelo. Organización do discurso: Reaccionar e cooperar na interacción
DISCURSIVOS	Anuncios, Audiovisuais, Conversas formais e informais
SINTÁCTICOS	Pasado simple: verbos regulares e irregulares Pasado continuo Conectores temporais. Preposicións de lugar e tempo Frases verbais
LÉXICOS	Tempo libre e actualidade: actividades de lecer, culturais, ... Viaxes e transportes: vacacións Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Paisaxe urbana e

	rural, ...
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	Terminación <i>-ed</i> dos verbos regulares Formas débiles <i>was / were</i> Acentuación de palabras
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais sobre experiencias pasadas relacionadas con viaxes</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos sobre acontecementos pasados relacionados coas vacacións (anécdotas nunha viaxe...), historias breves relacionadas con viaxes</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais onde se describe unha foto, sobre historias pasadas utilizando conectores temporais, transmitindo información dun folleto de viaxes, actividades relacionadas con problemas nunha viaxe ...</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos como crear un <i>post</i> sobre unas vacacións incluíndo unha foto favorita dunha viaxe ...</p> <p>Actividades de vocabulario sobre viaxes, vacacións...</p> <p>Actividades de gramática: práctica e reforzo do pasado simple e continuo e conectores temporais</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas polo texto ou polas imaxes que o ilustran	É quen de comprender e identificar as ideas máis relevantes dun texto apoiándose nas imaxes
CTE Comprende e localiza información relevante en textos sobre viaxes, guías turísticas,	É quen de comprender as ideas principais aínda que teña que apoiarse nas imaxes do texto que o acompañan
PCTO Interactúa utilizando formas simples en conversas relacionadas con temas cotiás, ten un repertorio sinxelo e ás veces ten que pensar o que di.	É quen de interactuar en conversas sinxelas cun léxico limitado e con algunhas pausas.
PCTE Manifesta opinión persoais sobre temas do seu interese empregando fórmulas simples. Redacta textos breves, sinxelos e organizados para describir unha foto.	É quen de opinar de forma moi sinxela empregando fórmulas simples e con algunhas pausas. É quen de redactar textos breves e moi sinxelos, con certa organización para describir unha foto.
MED Pode facilitar a comprensión transmitindo informacións, opinión e argumentos sinxelos contidos nos textos fonte (orais ou escritos)	É quen de facilitar a comprensión transmitindo información, opinións e argumentos sinxelos contidos nos textos fonte (orais ou escritos) con algunhas pausas ou certa incoherencia.

UNIDADE 3: MAKING PLANS	
Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File A2/B1 (Students' Book & Workbook)</i> , fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...)
CTE	Comprender artigos breves sobre temas relacionados da vida cotiá Comprender correspondencia informal sobre situacións comúns
PCTO	Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá (facer plans)
PCTE	Escribir notas persoais sinxelas

MED	Tomar notas sinxelas
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Vida cotiá, relacións persoais e profesionais, convencións sociais
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo Utilizar os medios ao seu alcance (procura de información na Internet, axuda dos compañeiros)
FUNCIONAIS	Usos sociais da lingua: Propoñer, aceptar e rexeitar invitacións e propostas Información xeral: Solicitar información sobre servizos Coñecemento, opinións e valoracións: Falar do futuro, expresar necesidade ou desexo, dar e pedir información
DISCURSIVOS	Conversas formais e informais
SINTÁCTICOS	<i>Be going to</i> (planes e predicións) Presente continuo para plans futuros Cláusulas de relativo Verbos + preposicións Expresións para parafrasear
LÉXICOS	Viaxes e transportes: planificación das vacacións, aeroportos... Alimentación: dieta, nutrición, gastronomía
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	ʒ /dʒ/, silent e <i>Linking</i>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais para identificar información relevante sobre o tema de viaxes e experiencias persoais.</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos sobre artigos de viaxes e comidas co información relevante e vocabulario e expresións relacionadas co tema.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais para planificar unha viaxe, planear algo cun amigo...</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos: escribir un <i>email</i> informal sobre plans para unha viaxe</p> <p>Actividades de vocabulario sobre o tema de viaxes, aeroportos, restaurantes e verbos seguidos de preposicións</p> <p>Actividades de gramática práctica e reforzo sobre plans e predicións e cláusulas de relativo</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende información relevante nun texto de ámbito do seu interese	É quen de identificar a información esencial nun texto de ámbito do seu interese.
CTE Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiás, como viaxes e vacacións, e pode inferir do contexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.	É quen de comprender o vocabulario de uso común sobre asuntos cotiás, como viaxes e vacacións, e pode inferir do contexto os significados de palabras e expresións que descoñece aínda que con certas limitacións.
PCTO Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre plans e accións futuras empregando fórmulas simples Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (nun restaurante, ...)	É quen de pedir e intercambiar información sobre plans e accións futuras con algunhas limitacións. É quen de interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles aínda que con certas limitacións.
PCTE Realiza intercambios de información en situacións de carácter habitual, tales como escribir un email a un amigo.	É quen de realizar intercambios en situacións de carácter habitual, tales como escribir un email a un amigo, empregando fórmulas simples

MED Pode facilitar a interacción entre persoas aínda que non sempre o faga de xeito fluído.	É quen de facilitar a interacción entre persoas con certas limitacións e non sempre dun xeito fluído.
---	---

UNIDADE 4: HOUSEWORK AND FREE TIME ACTIVITIES

Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File A2/B1 (Students' Book & Workbook)</i> , fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo

OBXECTIVOS

CTO	Comprender informacións referidas a actividades de uso cotiá e actividades de lecer
CTE	Comprender noticias e artigos breves sobre temas cotiás, Comprender información en páxinas web
PCTO	Facer breves exposicións previamente preparadas Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá (<i>Shopping</i>)
PCTE	Redactar documentos breves relacionados con aspectos da vida cotiá (actividades de lecer e tempo libre) Redactar correspondencia informal sobre vivenda
MED	Tomar notas para terceiras persoas recollendo os puntos e aspectos máis relevantes Resumir os puntos principais dunha conversa sobre temas de uso cotiá

COMPETENCIAS E CONTIDOS

SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Aspectos sobre a vida cotiá (tipos de vivenda...), relación persoais...
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos Estratexias de comunicación: Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión
FUNCIONAIS	Usos sociais da lingua: Desculparse por algo Información xeral: Solicitar información por un servizo, Relatar experiencias pasadas Coñecemento, opinións e valoracións: Expresar gustos e afeccións Organización do discurso: Pedir, tomar e ceder a palabra
DISCURSIVOS	Entrevistas Audiovisuais: programas de lecer, documentais, ... Correspondencia persoal
SINTÁCTICOS	<i>Present perfect (yet, just, already)</i> <i>Present perfect vs past simple</i> <i>Something, anything, nothing, etc.</i>
LÉXICOS	<i>Housework: make / do</i> Vivenda: tipos de vivenda, compra e alugueiro, ... <i>Shopping</i> Adxectivos terminados en <i>-ed</i> e <i>-ing</i>
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	l e <i>r</i> y e <i>j</i> <i>c</i> e <i>ch</i> <i>/e/ /əʊ/ /ʌ/</i>

ACTIVIDADES

Actividades de comprensión de textos orais sobre actividades da vida cotiá, tarefas de casa,

actividades de lecer e compras.
 Actividades de comprensión de textos escritos sobre actividades da vida cotiá, tarefas do fogar, actividades de lecer e compras
 Actividades de produción e coprodución de textos orais sobre hábitos de compra, nunha tenda...
 Actividades de produción e coprodución de textos escritos sobre vivenda e actividades de lecer (escribir un *email* describindo unha vivenda), actividades na fin de semana pasada...
 Actividades de vocabulario sobre tarefas domésticas e *shopping*, e adxectivos terminados en *-ed* e *-ing*
 Actividades de gramática: práctica e reforzo do presente perfecto e pasado simple, e o uso de *something, anything*, etc.

AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende as ideas xerais e os detalles en textos orais articulados con certa lentitude e claridade nos que se tratan temas da vida cotiá, como actividades de lecer, hábitos de compra...	É quen de comprender o sentido xeral en textos orais articulados con certa lentitude e claridade nos que se tratan temas da vida cotiá, como actividades de lecer, hábitos de compra...
CTE Identifica e selecciona información relevante nun texto escrito do seu interese	É quen de comprender textos escritos do seu interese
PCTO Fai exposicións breves previamente preparadas Interactúa de xeito sinxelo e resolve situacións comunicativas da vida cotiá (nunha tenda, ...)	É quen de facer exposicións breves previamente preparadas aínda que ás veces con erros e un léxico limitado É quen de interactuar de xeito sinxelo e resolve situacións da vida cotiá (nunha tenda...), ás veces con pausas
PCTE Realiza intercambios de información en situacións habituais sobre asuntos cotiás con fórmulas simples	É quen de redactar textos breves e sinxelos con fórmulas moi simples.
MED Toma notas coa información necesaria que considera importante e transmite a mensaxe de xeito sinxelo	É quen de tomar notas coa información necesaria e transmitir a mensaxe de xeito moi sinxelo

UNIDADE 5: FOOD AND DRINK

Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File A2/B1 (Students' Book & Workbook)</i> , fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo

OBXECTIVOS

CTO	Comprender informacións referidas aos cambios no estilo de vida Comprender información sobre cidades
CTE	Comprender descrições claras de lugares Comprender instrucións sinxelas que poidan ter axuda con soporte visual, contidas en receitas de cocíña, etc.
PCTO	Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá expresando opinións ou sentimentos Dar información xeral sobre un asunto de saúde Facer exposicións breves
PCTE	Escribir notas sinxelas onde se relacionen opinión Facer unha descrição dunha cidade
MED	Facer resumos con información escrita Interpretar durante intercambios entre persoas coñecidas nos ámbitos persoal e público pedindo confirmación dalgúns detalles

COMPETENCIAS E CONTIDOS

SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Gastronomía en diferentes países
ESTRATÉXICOS	Estratexias de comunicación: Activar e procurar coñecementos previos da lingua, a situación, os contidos, as persoas... informarse se hai axudas visuais, etc. Identificar o tipo de texto para adaptarse á comprensión
FUNCIONAIS	Usos sociais da lingua: Reaccionar e cooperar na interacción Control da comunicación: Pedirlle a persoa interlocutora confirmación da comprensión Coñecemento, opinións e valoracións: Explicar un síntoma dunha enfermidade
DISCURSIVOS	Recetas de cociña Enquisas Consultas médicas
SINTÁCTICOS	Posición e gradación dos adxectivos. A comparación Adxectivos comparativos e adverbios, <i>as...as</i> superlativo (+ <i>ever</i> + <i>present perfect</i>) Determinantes indefinidos, cuantificadores, <i>too, not enough</i> Contables e incontables
LÉXICOS	Alimentación: dieta, nutrición, gastronomía, tipos de restaurantes, ... Política e sociedade: modas e tendencias, ... Saúde e coidados físicos Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana, ...
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	/E/, /N/ <i>Sentence stress</i>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais sobre hábitos de vida e cambios no modo de vida, a vida nas cidades, hábitos saudables (bebida, comida, etc.)</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos dun artigo sobre hábitos de vida actuais, bebidas e/ou comidas, vantaxes e desvantaxes</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais sobre rutinas diarias e hábitos, describindo como se fai o prato favorito ou pratos típicos doutros países, actividades nas que se empreguen comparativos e superlativos, <i>Role-plays</i></p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos para describir o lugar onde vives (<i>post</i>), unha reseña do teu restaurante favorito, ...</p> <p>Actividades de vocabulario para describir lugares (tamaño, adxectivos para describir como é, sitios que ver...), saúde ...</p> <p>Actividades de gramáticas: práctica e reforzo de comparativos, adverbios, superlativos e cuantificadores.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Identifica e comprende a maior parte do contido en conversas de temas coñecidos nos que a conversa sexa clara e ben estruturada	É quen de identificar e comprender ideas xerais en conversas claras e estruturadas sobre temas coñecidos.
CTE Comprende o léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e pode inferir do contexto os significados de algunhas palabras e expresións que descoñece	É quen de comprender o léxico de uso frecuente relativo a asuntos cotiás apoiándose no contexto aínda que, ás veces, con certa limitación.
PCTO Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p.e. nun asunto de saúde), sempre que os interlocutores e interlocutoras empreguen unha lingua estándar	É quen de desenvolverse nas transaccións e xestións máis comúns (p.e. nun asunto de saúde) sempre que os interlocutores e interlocutoras empreguen unha lingua sinxela e estándar
PCTO Realiza intercambios de información en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiás	É quen de realizar intercambios de información sinxelos en situacións de carácter

ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.	habitual, sobre asuntos cotiás ou de interese persoal
MED Toma notas con información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para tela dispoñible.	É quen de tomar notas coa información relevante e trasladala ás persoas destinatarias

UNIDADE 6: PERSONAL RELATIONSHIPS	
Nivel B1	Temporalización 4 sesións de 120 min – 1º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, <i>English File A2/B1 (Students' Book & Workbook)</i> , fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender o sentido xeral, ideas principais e detalles nun programa de noticias
CTE	Comprender o esencial, os puntos principais e detalles dun Artigo e extraer información concreta sinxela
PCTO	Producir e coproducir descrições sinxelas e realizar breves discursos respondendo con predicións
PCTE	Producir e coproducir textos breves e sinxelos xustificando opinións.
MED	Mediar entre falantes transmitindo as ideas xerais e opinións
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Aspectos relacionados coa vida cotiá, relación entre homes e Mulleres
ESTRATÉXICOS	Estratexias de aprendizaxe: Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e logros nas tarefas
FUNCIONAIS	Información xeral: Dar e pedir información con distintos grados de seguridade Coñecemento, opinións e valoracións: Facer predicións no futuro
DISCURSIVOS	Entrevistas Noticias Conversas formais e informais
SINTÁCTICOS	<i>Will / Won't</i> (predicións) <i>Will / won't / Shall</i> (outros usos) Revisión das formas verbais: presente, pasado e futuro
LÉXICOS	<i>Opposite verbs (Pass/fail, etc.)</i> <i>Verb + back (go back, call back...)</i> Modificadores (<i>a bit, quite, really, very...</i>)
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	<i>'E won't</i> Acentuación de palabra: verbos de dúas sílabas A letra <i>ea</i>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais: escoitar programa de radio con noticias sobre relacións persoais, unha entrevista sobre a interpretación dos soños, significado, etc.</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos: ler un artigo sobre pensamento positivo ou negativo, relacións de parella</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais sobre pensamento positivo e negativo, respondendo a predicións, dando exemplos ou razóns.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos dando consello ou opinión</p> <p>Actividades de vocabulario para practicar os verbos contrarios, <i>verb+back, modifiers, ...</i></p>	

Actividades de gramática para practicar as formas do futuro, facer promesas, ofrecementos, tomar decisión, práctica de diferentes formas verbais	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en entrevistas, programas de noticias, etc.	É quen de comprender a información máis esencial en entrevistas, programas de noticias, etc.
CTE Comprende léxico escrito de uso frecuente en asuntos cotiás	É quen de comprender o léxico escrito de uso frecuente en asuntos cotiás aínda que ás veces teña que empregar o dicionario
PCTO Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, dentro dun ámbito predicible de interacción	É quen de participar nunha entrevista aínda que ás veces presente algún erros.
PCTE Redacta notas simples e breves	É quen de redactar notas simples e breves aínda que ás veces presente algunhas incoherencias
MED Tomar notas coa información necesaria que considera importante, e trasladala ás persoas destinatarias	É quen de tomar notas coa información necesaria que considera importante e trasladala ás persoas destinatarias aínda que poida presentar erros.

UNIDADE 7: WORK AND SOCIETY	
Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, English File A2/B1 (<i>Students' Book & Workbook</i>), fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender as ideas principais dunha conversa en diferentes situacións.
CTE	Comprender noticias ou artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas do seu interese. Comprender un texto sobre o aprendizaxe de idiomas.
PCTO	Expresarse oralmente respondendo a preguntas. Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.
PCTE	Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real. Escribir un correo electrónico formal solicitando información.
MED	Interpretar e resumir os detalles relevantes dunha conversa. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas, recollendo os puntos máis relevantes.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURALS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos. Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Respecto da opinión e da cultura allea.
ESTRATÉXICOS	Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa. Identificación do tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados. Establecemento de relacións entre as linguas coñecidas. Estratexias de comunicación: solicitude de aclaración e de repetición.
FUNCIONAIS	Expresar normas e obrigas.

	Comprar nunha farmacia.
DISCURSIVOS	Artigos. Conversas formais e informais. Entrevistas académicas.
SINTÁCTICOS	Uso do infinitivo con to (Verbos + infinitivo: <i>try to, forget to, etc.</i>) Uso do xerundio (<i>verb + -ing</i>) Verbos + gerundio: <i>enjoy, like, mind, etc</i> <i>Have to, don't have to, must, mustn't</i> Adxectivos + preposicións: <i>afraid of, etc</i>
LÉXICOS	Traballo e profesión. Educación Saúde e coidados físicos. Política e sociedade
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICO	Forma débil de to. Pronunciación de <i>-ing</i> e da letra <i>o</i> . Pronunciación das preposicións.
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais tales como dúas persoas falando sobre o seu primeiro día de traballo, unha persoa falando sobre un exame de idiomas ou unha conversa nunha farmacia.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais baseadas en debater, expresarse oralmente respondendo a preguntas e falar das propias preferencias.</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos baseadas en comprender textos tales como un artigo sobre cómo sobrevivir ó primeiro día de traballo nunha oficina e comprender un texto sobre o aprendizaxe de linguas estranxeiras.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos baseadas en escribir un artigo sobre como sobrevivir a unha situación e escribir un correo electrónico formal solicitando información.</p> <p>Actividades de vocabulario sobre verbos + infinitivo: <i>try to, forget to, etc.</i>, verbos + xerundio: <i>enjoy, like, mind, etc</i>, adxectivos + preposicións: <i>afraid of, etc</i>.</p> <p>Actividades de gramática para reforzar o uso do infinitivo con to, o uso do xerundio (<i>verb + -ing</i>) e <i>have to, don't have to, must, mustn't</i></p> <p>Actividades de mediación oral resumindo detalles dunha conversa e de mediación escrita tomando notas escritas e transmitíndoas a terceiras persoas.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Identifica e comprende a maior parte do contido en conversas sobre diferentes aspectos tales como: primeiro día de traballo, aprendizaxe de idiomas ou unha conversa nunha farmacia.	É quen de comprender información suficiente en conversas sobre diferentes aspectos tales como: primeiro día de traballo, aprendizaxe de idiomas ou unha conversa nunha farmacia.
CTE Comprende e identifica a información relevante nun artigo sobre cómo sobrevivir ó primeiro día de traballo nunha oficina e nun texto sobre o aprendizaxe de linguas estranxeiras.	É quen de comprender e identificar a maior parte da información nun artigo sobre cómo sobrevivir ó primeiro día de traballo nunha oficina e nun texto sobre o aprendizaxe de linguas estranxeiras.
PCTO Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas nunha farmacia, ou en diferentes debates.	É quen de participar en conversas sobre situacións comunicativas nunha farmacia ou en diferentes debates aínda que ás veces precise facer pausas.
PCTE Redacta un correo electrónico formal solicitando información e un artigo sobre como sobrevivir a unha situación.	É quen de redactar un correo electrónico formal solicitando información e un artigo sobre como sobrevivir a unha situación empregando léxico suficiente e estruturas axeitadas.
MED Transmítelles ás persoas destinatarias información que considera importante, coa axuda de notas breves.	É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas de aspectos importantes de conversas e textos sinxelos.

UNIDADE 8: ART AND LITERATURE.	
Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, English File A2/B1 (<i>Students' Book & Workbook</i>), fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender a persoas dando e pedindo consellos. Comprender vídeos con extractos de historias.
CTE	Comprender artigos sobre problemas e consellos para solucionarlos. Comprender un extracto dunha novela.
PCTO	Expresarse dando consellos. Responder a preguntas empregando diferentes verbos.
PCTE	Redactar unha escena final para unha historia. Escribir una reseña dun libro
MED	Interpretar e resumir os detalles relevantes dunha conversa. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas, recollendo os puntos máis relevantes.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos. Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Respecto da opinión e da cultura allea.
ESTRATÉXICOS	Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa. Identificación do tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados. Establecemento de relacións entre as linguas coñecidas. Estratexias de comunicación: solicitude de aclaración e de repetición.
FUNCIONAIS	Dar un consello. Expresar una consecuencia a una acción hipotética no presente. Expresar posesión.
DISCURSIVOS	Artigos. Capítulos. Textos literarios: short stories. Conversas formais e informais.
SINTÁCTICOS	<i>Should</i> <i>If + presente, + will + infinitive</i> (Primeira condicional). Pronomes posesivos. <i>Get</i> <i>Confusing verbs</i> Adverbios de maneira: usos e formas máis frecuentes.
LÉXICOS	Adverbios de maneira. Actividades artísticas: literatura
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICO	/ʊ/ and /u:/ Homófonos. Ler en voz alta.
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais tales como comprender a persoas dando e pedindo consellos e comprender vídeos con extractos de historias.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais baseadas en dar consellos e responder a preguntas empregando verbos que inducen á confusión.</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos baseadas en comprender textos tales como textos sobre problemas e consellos para solucionarlos e comprender un extracto dunha novela.</p>	

<p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos baseadas en escribir unha escena final para unha historia, unha reseña sobre o libro favorito, ...</p> <p>Actividades de vocabulario sobre <i>get</i>, <i>confusing verbs</i> e <i>adverbios de maneira</i>.</p> <p>Actividades de gramática para reforzar o uso de <i>should</i>, <i>if + presente</i>, <i>+ will + infinitive (Primeira condicional)</i> e <i>pronomes posesivos</i>.</p> <p>Actividades de mediación oral resumindo detalles dunha conversa e de mediación escrita tomando notas escritas e transmitíndoas a terceiras persoas.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Identifica e comprende a maior parte do contido en conversas sobre diferentes aspectos tales como: persoas dando e pedindo consellos e extractos de historias.	É quen de comprender información suficiente en conversas sobre diferentes aspectos tales como: persoas dando e pedindo consellos e extractos de historias.
CTE Comprende e identifica a información relevante en textos sobre problemas e consellos para solucionarlos e nun extracto dunha novela.	É quen de comprender e identificar a maior parte da información en textos sobre problemas e consellos para solucionarlos e nun extracto dunha novela.
PCTO Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas baseadas en dar consellos e responder a preguntas empregando verbos que inducen á confusión	É quen de participar en conversas sobre situacións comunicativas baseadas en comprender e dar consellos e responder a preguntas empregando verbos que inducen á confusión aínda que ás veces precise facer pausas.
PCTE Redacta unha escena final para unha historia e unha reseña sobre un libro favorito	É quen de redactar unha escena final para unha historia e unha reseña sobre un libro empregando léxico suficiente e estruturas axeitadas.
MED Transmítelles ás persoas destinatarias información que considera importante, coa axuda de notas breves.	É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas de aspectos importantes de conversas e textos sinxelos.

UNIDADE 9: NATURE AND LIFE	
Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, English File A2/B1 (<i>Students' Book & Workbook</i>), fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo.
OBJECTIVOS	
CTO	Comprender persoas falando sobre animais perigosos e fobias. Comprender persoas falando sobre a súa vida. Comprender indicacións sobre como chegar a un lugar.
CTE	Comprender textos sobre diferentes situacións con animais. Comprender artigos sobre a vida de persoas famosas.
PCTO	Participar en interaccións e debates sobre diferentes situacións con animais. Entrevistar a un compañeiro sobre o pasado e o presente de algún coñecido. Participar en conversas preguntando como chegar a un lugar.
PCTE	Redactar unha biografía dunha persoa coñecida ou dunha persoa famosa.
MED	Interpretar e resumir os detalles relevantes dunha conversa. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas, recollendo os puntos máis relevantes.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos.

	Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Respecto da opinión e da cultura allea.
ESTRATÉXICOS	Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa. Identificación do tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados. Establecemento de relacións entre as linguas coñecidas. Estratexias de comunicación: solicitude de aclaración e de repetición.
FUNCIONAIS	Falar de experiencias persoais en pasado. Falar de situacións hipotéticas en pasado. Preguntar e dicir cómo chegar a un lugar. Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade...
DISCURSIVOS	Artigos. Cuestionarios. Biografías.
SINTÁCTICOS	Segunda condicional: <i>If + past, would + infinitive</i> Presente perfecto, <i>for</i> e <i>since</i> Presente perfecto ou pasado simple?
LÉXICOS	Clima, condicións atmosféricas e ambientais: natureza ... Identificación persoal: Biografías.
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTOPOGRÁFICO	Entoación. Sílabas tónicas. Pronuncia /ɔ:/

ACTIVIDADES

Actividades de comprensión de textos orais tales como persoas falando de animais perigosos e fobias, comprender persoas falando sobre a súa vida e comprender indicacións sobre como chegar a un lugar.

Actividades de produción e coprodución de textos orais baseadas en participar en interaccións e debates sobre diferentes situacións con animais, entrevistar a un compañeiro sobre o pasado e o presente dalgún coñecido e participar en conversas preguntando como chegar a un lugar.

Actividades de comprensión de textos escritos baseadas en comprender textos tales como textos sobre animais e fobias e artigos sobre a vida de persoas famosas.

Actividades de vocabulario sobre clima, condicións atmosféricas e ambientais, natureza, animais e insectos.

Actividades de gramática para reforzar o uso da *segunda condicional: If + past, would + infinitive, presente perfecto, for e since e Presente Perfecto ou Pasado Simple?*

Actividades de produción e coprodución de textos escritos baseadas en redactar unha biografía dunha persoa coñecida polo alumno ou dunha persoa famosa.

Actividades de mediación oral resumindo detalles dunha conversa e de mediación escrita tomando notas escritas e transmitíndoas a terceiras persoas.

AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Identifica e comprende a maior parte do contido en conversas sobre diferentes aspectos tales como: animais perigosos e fobias, persoas falando sobre a súa vida e indicacións sobre como chegar a un lugar.	É quen de comprender información suficiente en conversas sobre diferentes aspectos tales como: animais perigosos e fobias, persoas falando sobre a súa vida e indicacións sobre como chegar a un lugar.
CTE Comprende e identifica a información relevante en textos sobre animais e fobias e artigos sobre a vida de persoas famosas.	É quen de comprender e identificar a maior parte da información en textos sobre animais e fobias e artigos sobre a vida de persoas famosas.
PCTO Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas baseadas en participar en interaccións e debates sobre diferentes situacións con animais, entrevistar a un compañeiro sobre o pasado e o presente	É quen de participar en conversas sobre situacións comunicativas baseadas en participar en interaccións e debates sobre diferentes situacións con animais, entrevistar a un compañeiro sobre o pasado e o presente dalgún coñecido e participar en conversas preguntando como chegar a un lugar

dalgún coñecido e participar en conversas preguntando como chegar a un lugar.	aínda que ás veces precise facer pausas.
PCTE Redacta unha biografía dunha persoa coñecida polo alumno ou dunha persoa famosa.	É quen de redactar unha biografía dunha persoa coñecida polo alumno ou dunha persoa famosa empregando léxico suficiente e estruturas axeitadas.
MED Transmítelles ás persoas destinatarias información que considera importante, coa axuda de notas breves.	É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas de aspectos importantes de conversas e textos sinxelos.

UNIDADE 10: SCIENCE AND TECHNOLOGY

Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, English File A2/B1 (<i>Students' Book & Workbook</i>), fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender un programa de radio. Comprender vídeos sobre inventos importantes.
CTE	Comprender comentarios na web sobre diferencias entre o deporte masculino e feminino. Comprender artigos sobre deporte profesional.
PCTO	Participar en conversas sobre as preferencias no deporte. Debatir.. Participar en entrevistas respondendo a un cuestionario.
PCTE	Redactar un artigo sobre un deporte, un post sobre novas tecnoloxías ...
MED	Interpretar e resumir os detalles relevantes dunha conversa. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas, recollendo os puntos máis relevantes.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos. Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Respeto da opinión e da cultura allea.
ESTRATÉXICOS	Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa. Identificación do tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados. Establecemento de relacións entre as linguas coñecidas. Estratexias de comunicación: solicitude de aclaración e de repetición.
FUNCIONAIS	Expresar o movemento. Falar dunha acción sen dar importancia a quen a realiza.
DISCURSIVOS	Artigos. Cuestionarios. Debates. Entrevistas.
SINTÁCTICOS	Expresar movemento. Orde de palabras nos <i>phrasal verbs</i> A voz pasiva.
LÉXICOS	Tempo libre e actualidade: actividades de lecer, deportes expresando movemento. Xente de diferentes lugares. Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da

	información e da comunicación...
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTO TIPOGRÁFICO	Entoación e sílaba tónica. /f/, /tʃ/, and /dʒ/
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais tales como comprender un programa de radio e vídeos sobre inventos realizados por mulleres.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais baseadas en participar en conversas sobre as preferencias no deporte, debater e participar en entrevistas respondendo a un cuestionario.</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos baseadas en comprender comentarios na web sobre diferenzas entre mulleres e homes deportistas e comprender un artigo sobre o deporte profesional.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos baseadas en redactar un artigo sobre o deporte, un post sobre o uso das novas tecnoloxías...</p> <p>Actividades de vocabulario sobre tempo libre e actualidade, actividades de lecer, deportes e xente de diferentes lugares</p> <p>Actividades de gramática para reforzar o uso da voz pasiva, orde de palabras nos <i>phrasal verbs</i> e a expresión do movemento.</p> <p>Actividades de mediación oral resumindo detalles dunha conversa e de mediación escrita tomando notas escritas e transmitíndoas a terceiras persoas.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Identifica e comprende a maior parte do contido en conversas sobre diferentes aspectos tales como: programas de radio e vídeos sobre inventos.	É quen de comprender información suficiente en conversas sobre diferentes aspectos tales como: programas de radio e vídeos sobre inventos.
CTE Comprende e identifica a información relevante en textos na web sobre deporte masculino e feminino e artigos sobre o deporte profesional.	É quen de comprender e identificar a maior parte da información en textos sobre deporte masculino e feminino e artigos sobre o deporte profesional.
PCTO Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas baseadas en conversas sobre as preferencias no deporte, debater e participar en entrevistas respondendo a un cuestionario.	É quen de participar en conversas sobre situacións comunicativas baseadas en en conversas sobre as preferencias no deporte, debater e participar en entrevistas respondendo a un cuestionario aínda que ás veces precise facer pausas.
PCTE Redacta un artigo sobre un deporte.	É quen de redactar un artigo sobre un deporte empregando léxico suficiente e estruturas axeitadas.
MED Transmítelles ás persoas destinatarias información que considera importante, coa axuda de notas breves.	É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas de aspectos importantes de conversas e textos sinxelos.

UNIDADE 11: EDUCATION	
Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, English File A2/B1 (<i>Students' Book & Workbook</i>), fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender textos orais sobre o ámbito escolar. Comprender conversas telefónicas.
CTE	Comprender artigos sobre atopar futuros talentos. Comprender artigos sobre unha páxina web para atopar persoas

	similares.
PCTO	Participar en conversas sobre o ámbito escolar. Debater sobre os produtos que atopamos no mercado Participar en conversas comparando os gustos persoais. Participar en conversas telefónicas.
PCTE	Producir textos con finalidades variadas e sobre distintos temas, empregando estratexias de cohesión e coherencia.
MED	Interpretar e resumir os detalles relevantes dunha conversa. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas, recollendo os puntos máis relevantes.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos. Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Respecto da opinión e da cultura allea.
ESTRATÉXICOS	Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa. Activación de estratexias de lectura en función da tipoloxía dos textos. Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados. Solicitud de aclaración e de repetición.
FUNCIONAIS	Falar de hábitos no pasado. Falar de posibilidades. Falar por teléfono.
DISCURSIVOS	Artigos. Conversas.
SINTÁCTICOS	<i>Used to.</i> <i>Might.</i> <i>So, neither + auxiliaries.</i> Posición e gradación do adxectivo: a comparación. Formación de palabras: formación de nomes.
LÉXICOS	Educación: asignaturas. Similitudes e diferencias.
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICO	<i>Used to / didn't use to</i> Diptongos. <i>/ð/ and /θ/</i>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais tales como comprender textos orais sobre o colexio e comprender conversas telefónicas.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais baseadas en participar en conversas sobre o colexio, debater sobre os produtos que atopamos no supermercado e participar en conversas comparando os gustos persoais.</p> <p>Actividades de comprensión de textos escritos baseadas en comprender textos tales como artigos sobre atopar persoas que serán famosas e comprender artigos sobre unha páxina web para atopar persoas con parecidos.</p> <p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos baseadas en producir textos con finalidades variadas e sobre distintos temas, empregando estratexias de cohesión e coherencia, expresando opinións.</p> <p>Actividades de vocabulario sobre educación, formación de palabras e similitudes e diferenzas.</p> <p>Actividades de gramática para reforzar o uso da comparación, <i>used to, might, so, neither + auxiliaries.</i></p> <p>Actividades de mediación oral resumindo detalles dunha conversa e de mediación escrita tomando notas escritas e transmitíndoas a terceiras persoas.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Identifica e comprende a maior parte do contido en conversas sobre diferentes aspectos tales como: o colexio e conversas telefónicas.	É quen de comprender información suficiente en conversas sobre diferentes aspectos tales como: o colexio e conversas telefónicas.

CTE Comprende e identifica a información relevante en textos tales como artigos sobre futuros talentos e sobre unha páxina web para atopar persoas.	É quen de comprender e identificar a maior parte da información en textos tales como artigos sobre futuros talentos e sobre unha páxina web para atopar persoas.
PCTO Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas baseadas en conversas sobre o colexio, debates sobre os produtos que atopamos no mercado e conversas comparando os gustos persoais.	É quen de participar en situacións comunicativas baseadas en conversas sobre o colexio, debates sobre os produtos que atopamos no mercado e conversas comparando os gustos persoais aínda que precise facer pausas.
PCTE Redacta textos con finalidades variadas e sobre distintos temas, empregando estratexias de cohesión e coherencia.	É quen de redactar textos con finalidades variadas e sobre distintos temas, empregando estratexias de cohesión e coherencia, léxico suficiente e estruturas axeitadas.
MED Transmítelles ás persoas destinatarias información que considera importante, coa axuda de notas breves.	É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas de aspectos importantes de conversas e textos sinxelos.
UNIDADE 12: COMMUNICATION	
Nivel B1	Temporalización 5 sesións de 120 min – 2º cuatrimestre
Recursos didácticos Libros de texto, English File A2/B1 (<i>Students' Book & Workbook</i>), fotocopias, audios, vídeos, internet, materiais de elaboración propia	Modalidade de traballo Individual, en pequeno grupo e en gran grupo
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender unha conversa entre unha parella. Comprender un vídeo sobre un concurso.
CTE	Comprender artigos sobre sucesos curiosos. Comprender textos sobre aspectos informais da vida diaria. Comprender textos sobre casos reais que ocorreron no pasado.
PCTO	Participar en conversas comentando as novas. Reportar o que di outro compañeiro. Participar nunha conversa informal. Responder a un cuestionario sobre cultura xeral.
PCTE	Producir textos con finalidades variadas e sobre distintos temas, empregando estratexias de cohesión e coherencia.
MED	Interpretar e resumir os detalles relevantes dunha conversa. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas, recollendo os puntos máis relevantes.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos. Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Respecto da opinión e da cultura allea.
ESTRATÉXICOS	Estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa. Activación de estratexias de lectura en función da tipoloxía dos textos. Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados. Solicitud de aclaración e de repetición.
FUNCIONAIS	Narrar eventos anteriores a un momento pasado. Reportar o que dixo outra persoa.
DISCURSIVOS	Artigos Cuestionarios
SINTÁCTICOS	Pasado Perfecto

	<p>Estilo indirecto Preguntas sen auxiliares. Expresións de tempo. <i>Say or tell?</i> Revisión de <i>question words</i></p>
LÉXICOS	<p>Información e medios de comunicación. Política e sociedade: modas e tendencias sociais.</p>
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICO	<p>A letra <i>i</i> Consonantes dobres. Question words</p>
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais tales como comprender unha conversa entre unha parella e comprender un vídeo sobre un concurso nun pub. Actividades de produción e coprodución de textos orais baseadas en participar en conversas comentando as novas, reportar o que di outro compañeiro, participar nunha conversa informal e responder a un cuestionario sobre cultura xeral. Actividades de comprensión de textos escritos baseadas en comprender textos tales como artigos sobre sucesos curiosos, comprender textos sobre aspectos informais da vida diaria e comprender textos sobre casos reais que ocorreron no pasado. Actividades de produción e coprodución de textos escritos baseadas en producir textos con finalidades variadas e sobre distintos temas, empregando estratexias de cohesión e coherencia, expresando opinións. Actividades de vocabulario sobre <i>say</i> e <i>tell</i>, expresións de tempo, <i>question words</i>, información e medios de comunicación e política e sociedade. Actividades de gramática para reforzar o uso de pasado perfecto, estilo indirecto e preguntas sen auxiliares. Actividades de mediación oral resumindo detalles dunha conversa e de mediación escrita tomando notas escritas e transmitíndoas a terceiras persoas.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Identifica e comprende a maior parte do contido en conversas sobre diferentes aspectos tales como conversa entre unha parella e vídeos sobre un concurso.	É quen de comprender información suficiente en conversas sobre diferentes aspectos tales como unha conversa entre unha parella e vídeos sobre un concurso.
CTE Comprende e identifica a información relevante en textos tales como artigos sobre sucesos curiosos, textos sobre aspectos informais da vida diaria e sobre casos reais que ocorreron no pasado.	É quen de comprender e identificar a maior parte da información en textos tales como artigos sobre sucesos curiosos, textos sobre aspectos informais da vida diaria e sobre casos reais que ocorreron no pasado.
PCTO Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas baseadas en conversas comentando as novas, reportar o que di outro compañeiro e participar en conversas informais e sobre cultura xeral.	É quen de participar en conversas sobre situacións comunicativas baseadas en conversas comentando as novas, reportar o que di outro compañeiro e participar en conversas informais e sobre cultura xeral aínda que precise facer pausas
PCTE Redacta textos con finalidades variadas e sobre distintos temas, empregando estratexias de cohesión e coherencia.	É quen de redactar textos con finalidades variadas e sobre distintos temas, empregando estratexias de cohesión e coherencia, léxico suficiente e estruturas axeitadas.
MED Transmítelles ás persoas destinatarias información que considera importante, coa axuda de notas breves.	É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas de aspectos importantes de conversas e textos sinxelos.

5.1.1. B1- COMPETENCIAS ORAIS

Descrición:

O curso de competencias orais de nivel B1 está orientado ao desenvolvemento da competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo co fin de conseguir maior fluidez a hora de comunicarse na lingua estranxeira, dominando contextos comunicativos habituais e frecuentes.

O curso de competencias orais de nivel B1 será impartido por Yolanda Placer Lombao.

Temporalización:

Os contidos repartiranse ao longo do curso en dous cuatrimestres. Durante o curso 2023-2024 as clases de competencias orais de nivel B1 impártense nunha única sesión semanal de dúas horas, os luns en horario de 20:00 a 22:00 h, tendo unha duración de 60 h lectivas.

Materiais:

Non se contempla o uso dun libro do estudante, se ben se utilizarán distintas publicacións e materiais en soportes diversos como fonte de recursos, para practicar a produción, coprodución e mediación oral. Os contidos agruparanse en unidades didácticas abarcando diferentes temas do currículo.

Obxectivos:

- Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.
- Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.
- Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual.
- Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.
- Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.
- Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.
- Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.
- Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.
- Dar información xeral sobre un asunto de saúde.
- Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...)
- Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.
- Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e formas de pagamento.
- Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.

- Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos suficientemente claros.
- Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. En reunións sociais, cerimonia, eventos ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

Competencias e contidos:

O curso está deseñado en diferentes unidades didácticas seguindo o currículo do nivel vixente. Así o alumnado poderá recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos diferentes temas do currículo do nivel B1: actividades artísticas, económicas e comerciais; alimentación; ciencia e tecnoloxía; clima, condicións atmosféricas e ambiente; educación; identificación persoal; información e medios de comunicación; relacións humanas e sociais; saúde e coidados físicos; tempo libre e actualidade; traballo e profesión; viaxes e transportes; vivenda, fogar e contorna. Empregaranse diferentes textos orais tales como anuncios publicitarios, instrucións e indicacións, conversas formais e informais, debates e discusións formais, entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas..., enquisas, audiovisuais: programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado, presentacións, cancións e representacións teatrais.

Neste curso de desenvolvemento da competencia comunicativa, traballarase a pronuncia e entoación mediante diferentes actividades orais ademais de traballar e mellorar a fluidez.

Avaliación:

Ao inicio do curso levarase a cabo unha avaliación inicial para detectar o nivel e punto de partida do alumnado.

Ao longo do curso o alumnado participará de forma activa en conversas (en parellas ou en grupo), fará diferentes presentacións individuais e elaborarán traballos e presentacións en pequeno e gran grupo. En tódalas sesións o profesor monitorizará as actividades e proporcionarlle ao alumnado comentarios e valoracións.

Se contempla o aproveitamento do curso en forma de nota final APTO ou NON APTO. Terase en conta a asistencia regular á clase e a participación activa en tódalas actividades propostas.

5.2- NIVEL INTERMEDIO B2

5.2.1- B2.1

1- OBXECTIVOS XERAIS

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.
- Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.
- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando

con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

- Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes.

- Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

2.1- Actividades de comprensión de textos orais.

- Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.

- Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.

- Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.

- Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.

- Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.

- Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

2.2- Actividades de produción e coproducción de textos orais.

- Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
- Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.
- Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.
- Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
- Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...
- Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
- Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
- Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

2.3- Actividades de comprensión de textos escritos.

- Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.

- Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.
- Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.
- Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
- Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
- Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
- Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

2.4- Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

- Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
- Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
- Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
- Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestión de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
- Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.

- Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.
- Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

2.5- Actividades de mediación.

- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
- Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou rler as seccións difíciles.

3- COMPETENCIAS, CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

3.1- Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos.

Estes contidos se impartirán ao longo de todo o curso.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.

3.2- Competencias e contidos estratéxicos.

Estes contidos impartiranse ao longo de todo o curso.

Estratexias de aprendizaxe

Danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, cómo o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

Estratexias de comunicación

Permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.

- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

3.3- Competencias e contidos funcionais.

Estes contidos impartiranse ao longo de todo o curso.

Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.

PCTE Toma notas e redacta unha biografía en formato convencional, transmitindo información sobre a persoa en cuestión.	É quen de tomar notas e redactar unha biografía en formato convencional, transmitindo información sobre a persoa en cuestión.
MED Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala.	É quen de organizar adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala.

5.2.2- B2.2

1- OBXECTIVOS XERAIS

- Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.
- Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e

facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.

- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

- Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

2.1- Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
- Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.

- Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
- Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.
- Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.
- Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

2.2- Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
- Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema
- Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.
- Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
- Pedir información complementaria ou aclaracións no ámbito profesional ou académico.
- Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
- Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.

- Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

2.3- Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será capaz de:

- Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.
- Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.
- Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional. Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
- Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
- Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
- Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

2.4- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

O alumnado será capaz de redactar un texto no que:

- Relate feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
- Redacte informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.

- Resuma ou reformule escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes, así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
- Tome notas nun relatorio claramente estruturado sobre cuestión de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
- Describe de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
- Fan comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.
- Produce textos de carácter académico, aínda que cun grado de elaboración limitada.

2.5- Actividades de mediación

O alumnado será capaz de:

- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
- Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

3- COMPETENCIAS, CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Con carácter xeral, os contidos repartiranse ao longo do curso en dous cuadrimestres marcados polas probas de progreso. A distribución dos contidos responderá ao establecido polo departamento na programación, esta

entenderase como un documento flexible e poderá ser sometida a modificacións se o ritmo da clase así o require.

3.1- Socioculturais e sociolingüísticos

Ao longo do curso os alumnos fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.

3.2- Contidos estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo e continuado ao longo de todo o curso.

As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.

- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.

- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

3.3- Contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e distribuiranse do seguinte xeito ao longo do curso:

● Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Comprender e expresarse con suficiencia en ámbitos académicos.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- Sintetizar unha información.

- Especular sobre causas e consecuencias.
- Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística...

● **Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade, a decisión:**

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda
- Expresar intención ou vontade.

● **Usos directivos:**

- Pedir opinión sobre algo ou alguén.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións, etc.
- Lembrarlle algo a alguén.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

● **Usos fáticos e solidarios, para manter o contacto social:**

- Participar, de xeito apropiado, en diferentes tipos de situación sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)

● **Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:**

- Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado.
- Mostrar sorpresa e admiración.
- Discutir sobre a información recibida.

● **Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e opinión:**

- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periódica...

● **Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:**

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda
- Expresar intención ou vontade.

● **Usos directivos, teñen como finalidade que o/a destinatario/a faga ou non faga algo:**

- Pedir opinión sobre algo ou alguén
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.
- Advertir a outra persoa sobre algo.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

● **Usos fáticos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:**

- Participar adecuadamente en diferentes tipos de situacións sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre.

● **Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:**

- Expresar dúbidas.
- Presentar una queixa ou reclamación
- Describir cambios de personalidade.

3.4- Contidos discursivos

Axudarase ao alumnado a adquirir coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Ao longo do curso traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais e de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións

- Cancións
- Representacións teatrais
- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografía

3.5- Contidos sintácticos

Axudarase ao alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada

actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e distribuiranse nos dous cuatrimestres do curso.

- Oración composta. Subordinación: cláusulas de relativo
- Flexión do xénero e o número do substantivo e adxectivo
- Pronome tónico e átono
- Cuantificadores
- Posición e concordancia dos elementos na oración.
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación.
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes.
- Uso do imperativo afirmativo e negativo.
- O aspecto
- O modo. Expresión de cortesía, recomendación
- Réxime preposicional con verbos frecuentes
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes.
- Conxuncións coordinantes máis usuais
- Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal
- Oración composta. Coordinación
- Oración composta. Subordinación: de relativo, condicionais.
- Correlación temporal nas oracións.

- Uso de conectores propios do nivel
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos.
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores
- Uso da impersonalidade
- O modo. Expresión de desexo, condición
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto
- Conxuncións subordinantes máis usuais
- Oración composta. Subordinación: temporais, lugar, modo, causais, finais.
- Uso de conectores propios do nivel
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos.

3.6- Contidos léxicos

Axudarase ao alumnado a recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan. Estarán distribuídos do seguinte xeito:

- Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións, ...
- Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- Saúde e coidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía

- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais.
- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet....
- Actividades artísticas: música e danza, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
- Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...
- Política e sociedade: institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais.

3.7- Contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Ao longo do curso os alumnos traballarán:

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...).
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.

- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

4- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.1- Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.
- Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.
- Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.
- Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...

Mínimos esixibles:

- Comprende as ideas principais e detalles de exposicións públicas de certa complexidade e ben organizadas.
- Comprende textos audiovisuais ben organizados.
- Comprende argumentacións e detalles en conversacións ne lingua estándar ben organizadas.

Comprende detalles con información precisa en diferentes situacións, aínda que as condicións acústicas non sexan moi boas...

4.2- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.
- Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.
- Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.
- Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.
- Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.
- Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.
- É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.
- Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.

- Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.

Mínimos esixibles:

- Interactúa de xeito cooperativo en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade expoñendo a súas opinións e argumentos cun repertorio lingüístico sinxelo.
- Desenvólvese en transaccións sinxelas da vida cotiá, expresando agrado ou desagrado.
- Interactúa en conversas formais de forma sinxela argumentando os seus puntos de vista cun léxico sinxelo.
- Realiza narracións e descricións en lingua estándar.
- Fai presentacións moi breves en lingua estándar sobre temas coñecidos.
- Interactúa sobre temas cotiás utilizando fórmulas moi sinxelas.
- Reelabora información, sintetízaa e comunícaa de forma breve.
- Presenta, en xeral, una pronuncia e entoación claras, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.
- Exprésase con certa claridade. Dispón de suficientes recursos lingüísticos pra facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolve argumentos, empregando algunhas estruturas complexas.

4.3- Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan

queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.

- Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.

- Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.

- Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.

Mínimos esixibles:

- Comprende información esencial en documentos de interacción escrita sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.

- Pode seguir as fases en instrucións ou en textos legais e é quen de comprender normativas ou regulamentos.

- Distingue e interpreta diferentes tipos de información.

- Identifica a intención e información e detalles nun texto.

4.4- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.

- Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.

- Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.
- Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.
- Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico do nivel.
- Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.
- É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.

Mínimos esixibles:

- Pode escribir correspondencia persoal sinxela cun rexistro adecuado.
- Pode resumir ou reformular información de diversas fontes para transmitila de maneira simple.
- Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e estruturados e en lingua estándar.
- Toma notas e redacta informes sinxelos.
- Pode escribir pequenas recensións breves
- Pode usar os patróns ortotipográficos común, aínda que as veces de desvíe da norma.
- Pode reelaborar información e comunicala de maneira escrita.

4.5- Actividades de mediación

- Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.
- Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.
- Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facerllela máis comprensible ás persoas receptoras.
- Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

Mínimos esixibles:

- Pode transmitir de maneira oral a información, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as de maneira organizada.
- Pode reelaborar documentos claros e sinxelos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar diferenzas.
- Pode repetir e reformular información para facerlla comprensible ás persoas receptoras.
- Organiza adecuadamente a información para poder comunicala novamente con eficacia.

TEMPORALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE OBXECTIVOS, COMPETENCIAS E CONTIDOS. UNIDADES DIDÁCTICAS.

Nivel Intermedio B2.2

Libro de texto: *English File B2.2 Student's Book and Workbook (4th Edition)*

Cada unidade está dividida en dúas partes e repartiranse en dous cuatrimestres:

unidades da 1 á 5 no primeiro e da 6 á 10 no segundo.

UNIDADE 1: QUESTIONS & ANSWERS/IT'S A MYSTERY	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: (inclúe sesión de presentación do docente, do curso, visita a biblioteca, explicación do material e das normas de avaliación, avaliación inicial de diagnóstico)
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABALLO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBJECTIVOS	
CTO	Tomar notas nun relatorio (tras escoitalo e comprendelo) claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade. Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
CTE	Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos na variedade estándar da lingua. Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente Comprender vocabulario a partir do contexto
PCTO	Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico.
PCTE	Escribir correspondencia formal para solicitar un posto de traballo
MED	Sintetizar e reformular información recibida de forma oral ou escrita
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	condicións laborais en diversos países e consellos para entrevistas de traballo
ESTRATÉXICOS	Comprender convencións para utilizalas correctamente
FUNCIONAIS	realizar preguntas, pedir clarificación e mostrar interese negociar comprender vocabulario a partir do contexto
DISCURSIVOS	Artigos, anuncios, formularios e entrevistas
GRAMATICAIS	estruturas interrogativas directas e indirectas usos dos verbos auxiliares <i>the ... + the ...</i> con comparativos adxetivos compostos e modificadores

LÉXICOS	personalidade eido laboral
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	O n velar vs o n alveolar acento e ritmo adxectivos compostos con guión
ACTIVIDADES	
<p>Entrevistas breves para a práctica de formación de preguntas (subject / object questions, wh-questions / Yes/No questions, preguntas indirectas).</p> <p>Actividades de comprensión escrita e oral sobre entrevistas a famosos, entrevistas de traballo.</p> <p>Actividade de vocabulario relativo ao traballo e estudos.</p> <p>Actividade de vocabulario: descrición de personalidade e carácter, características personais.</p> <p>Actividades de pronuncia: entoación en frases interrogativas e acentuación de palabras compostas.</p> <p>Actividades de mediación oral e/ou escrita sobre traballo e/ou educación.</p> <p>Actividade de produción escrita: e-mail formal solicitando un traballo onde parte do texto se dedique á descrición da personalidade do candidato (application, cover letter, CV...).</p> <p>Atender a charla sobre o eido laboral anglosaxón e intervir con comparacións co noso e preguntas.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
<p>CTO Comprende o que se di en conversacións e transaccións sobre diferentes aspectos das entrevistas de traballo, en lingua estándar a velocidade normal, seguindo as argumentacións dos/-as participantes.</p> <p>Comprende e segue instrucións dunha audición sobre auto axuda que lle permiten assimilar a información, relacionar o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.</p>	<p>É quen de comprender o que se di en conversacións e transaccións sobre diferentes aspectos das entrevistas de traballo, en lingua estándar a velocidade normal, seguindo as argumentacións dos/-as participantes.</p> <p>É quen de comprender e segue instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.</p>
<p>PCTO Fai entrevistas de traballo breves - sempre que poida preparalas previamente- para obter información persoal dos/-as candidatos/-as, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.</p>	<p>Pode facer entrevistas de traballo breves – previamente preparadas- para obter información persoal dos/-as candidatos/-as, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.</p>
<p>CTE Comprende información esencial e detalles relevantes dun texto narrativo baseado en feitos reais e que trata o tema da unidade: misterio e acontecementos pouco usuais.</p>	<p>É quen de comprender información esencial e detalles relevantes dun texto narrativo baseado en feitos reais e que trata o tema da unidade: misterio e acontecementos pouco usuais.</p>
<p>PCTE Escribe correspondencia persoal sinxela na que se solicite información utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.</p>	<p>Pode escribir correspondencia persoal (p. ex. unha carta de motivación para un posto de traballo) solicitando información de xeito bastante efectivo e axustando bastante o rexistro</p>
<p>MED Reelabora textos breves extraídos de</p>	<p>Pode reelaborar textos breves extraídos de</p>

documentos orais, utilizando a linguaxe formal específica que se utilizan típicamente no contexto comunicativo dunha entrevista de traballo.	documentos orais, utilizando a linguaxe formal específica que se utiliza habitualmente no contexto comunicativo dunha entrevista de traballo.
--	---

UNIDADE 2: DOCTOR, DOCTOR!!/ACT YOUR AGE	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: 7 sesións
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABAJO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
CTE	Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional. Comprender artigos
PCTO	Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento. Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
PCTE	Describir de xeito preciso e bastante detallado o aspecto físico dunha persoa e as prendas de vestir
MED	Sintetizar, reformular e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	o sistema sanitario en Estados Unidos
ESTRATÉXICOS	Recoñecer e utilizar coñecementos da unidade anterior
FUNCIONAIS	Falar sobre primeiros auxilios. Falar sobre saúde e medicina (tradicional e alternativa). Describir personalidade e aparencia física. Argumentar sobre os aspectos positivos e negativos de cada idade. Falar sobre sistemas educativos e sobre a educación referida a distintas idades.
DISCURSIVOS	Formularios, artigos, páxinas web.
GRAMATICAIS	Presente perfecto simple e continuo. Orde dos adxectivos.

	<p>Conversión de adxectivos en substantivos. Doble comparativa. <i>Be / get / become + adj.</i></p>
LÉXICOS	<p>Enfermidades, feridas e tratamentos. Terapias alternativas no eido da saúde. terminoloxía do eido das adiccións, en xeral, e das adiccións ás novas tecnoloxías. Adxectivos para describir personalidade e aparencia física. Léxico referido á roupa e forma de vestir. Léxico referido á educación e ó aprendizaxe de linguas.</p>
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	<p>/s/, /dʒ/, /tʃ/, /k/ consoantes mudas o acento da palabra</p>
<p>Actividade para practicar o uso de presente perfecto simple e continuo. Actividades de vocabulario sobre as lesións e enfermidades; e vocabulario relacionado co aspecto físico, a roupa e a moda. Actividade de comprensión oral sobre problemas de saúde e a aparencia física. Actividade de expresión oral e comprensión oral sobre problemas de saúde, a imaxe persoal, a moda e/ou as compras. Actividade de comprensión escrita sobre temas relacionados coa saúde e as doenzas. Descricións para practicar a orde dos adxectivos e o uso dos adxectivos como nomes. Exercicio para practicar a pronunciación dalgúns sons vocálicos longos e consonánticos. Actividade de produción escrita: un correo electrónico informal. Actividade de mediación oral e escrita sobre doenzas ou temática relacionada coa moda. Redactar un e-mail a un familiar ou amigo explicando un problema de saúde recente e que fixo recentemente. Buscar na internet información sobre terapias alternativas e transmitirlas ao grupo. Comprender textos escritos e orais sobre a temática da unidade, e charlas sobre o sistema sanitario norteamericano e sobre as regras de vestimenta. Actividade de lectura e debate sobre os estereotipos nas relacións interxeneracionais.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
<p>CTO Comprende o que din varios falantes, en lingua estándar a velocidade normal, sobre experiencias persoais relacionadas con problemas de saúde. Comprende o que se di nun debate retransmitido por radio sobre os estereotipos no modo de vestir, en lingua estándar a velocidade normal, na que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.</p>	<p>É quen de comprender o que din varios falantes, en lingua estándar a velocidade normal, sobre experiencias persoais relacionadas con problemas de saúde. É quen de comprender o que se di nun debate retransmitido por radio sobre os estereotipos no modo de vestir, en lingua estándar a velocidade normal, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando a meirande parte dos detalles.</p>
<p>PCTO Realiza en lingua estándar unha narración sobre experiencias persoais que teñen que ver coa saúde, introducindo no discurso o vocabulario específico da</p>	<p>É quen de realizar en lingua estándar unha narración sobre experiencias persoais que teñen que ver coa saúde, introducindo no discurso o vocabulario específico da</p>

<p>unidade. Expresa a súa opinión de forma clara e argumentada, rebate e nega cunha ampla variedade de estruturas nun debate</p>	<p>unidade. É quen de expresar a súa opinión de forma clara, rebate e negocia cunha suficiente variedade de estruturas nun debate sobre a roupa.</p>
<p>CTE Comprende información esencial e detalles relevantes dun texto xornalístico sobre trastornos obsesivos coa saúde. Comprende información esencial e detalles relevantes dun texto sobre os estereotipos nas relacións interxeneracionais.</p>	<p>É quen de comprender información esencial e detalles relevantes dun texto xornalístico sobre trastornos obsesivos coa saúde. É quen de comprender información esencial e detalles relevantes dun texto sobre os estereotipos nas relacións interxeneracionais.</p>
<p>PCTE Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que expoñe un problema persoal de saúde, utilizando un repertorio léxico específico e un rexistro axeitado á situación de comunicación. Describe de xeito preciso e bastante detallado aparencia física e prendas de vestir.</p>	<p>É quen de escribir correspondencia persoal sinxela e breve na que expoñe un problema persoal de saúde, utilizando un repertorio léxico específico e un rexistro axeitado á situación de comunicación. É quen de describir de xeito preciso e bastante detallado aparencia física e prendas de vestir.</p>
<p>MED Resume ou reformula información atopada en páxinas web, de forma obxectiva e parafraseando pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.</p>	<p>Pode reformular con suficiente claridade e forma obxectiva a información atopada en páxinas web, parafraseando pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira sinxela</p>

UNIDADE 3: FASTEN YOUR SEAT BELTS/AREALLY GOOD ENDING?	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: 7 sesións
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABAJO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBXECTIVOS	
CTO	<p>Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.</p> <p>Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.</p> <p>Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.</p> <p>Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.</p>
CTE	<p>Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).</p> <p>Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.</p> <p>Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.</p> <p>Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de</p>

	produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
PCTO	<p>Descibir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.</p> <p>Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas, etc.</p> <p>Dar opinión e argumentar en conversas e debates sobre temas coñecidos.</p> <p>Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.</p> <p>Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.</p>
PCTE	Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
MED	Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

COMPETENCIAS E CONTIDOS

SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	O ton na correspondencia formal na cultura anglosaxoa.
ESTRATÉXICOS	Activar coñecementos previos como axuda mnemotécnica para a adquisición de novos
FUNCIONAIS	Viaxes en avión. Anécdotas. Hábitos de lectura.
DISCURSIVOS	Artigos, recensións.
GRAMATICAIS	Tempos narrativos. So/such ... that (adjective intensifiers). Adverbios e frases adverbiais.
LÉXICOS	Viaxes. Restaurantes. Literatura.
FONÉTICO-FONOLOXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	Pasados regulares e irregulares. Ritmo da oración

ACTIVIDADES

Actividades de comprensión oral e escrita sobre as viaxes e/ou as vacacións.

Actividade sobre o vocabulario sobre viaxes, vacacións e aloxamento.

Actividade para practicar o uso de “so/such...that”.

Exercicio para practicar o uso dos tempos verbais en pasado (past simple, past continuous, past perfect simple e past perfect continuous) para narrar acontecementos pasados. Actividades sobre a pronunciación dalgúns fonemas vocálicos en verbos irregulares en pasado e sobre a entoación en oracións.

Actividade de expresión oral sobre as viaxes e os hábitos de lectura.

Actividade para practicar o uso e a colocación dos adverbios e as frases adverbiais en oracións.

Actividade de interacción escrita: redacción dun e-mail ou carta formal de reclamación por problemas nunha viaxe ou vacacións.

<p>Actividade de mediación oral sobre a temática das viaxes. Actividade de comprensión lectora: narracións de anécdotas orais e escritas. Actividades orais variadas, utilizando os contidos léxicos e gramaticais da unidade. Expresar de forma oral preferencias persoais sobre viaxes e sobre literatura. Actividade de mediación oral a partir dun texto escrito: comprensión dunha recensión escrita, resumila e transmitila de forma oral.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
<p>CTO Comprende textos producidos en diferentes situacións comunicativas que conteñen informacións precisas, por exemplo, avisos concretos feitos nun lugar público como a bordo dun avión ou un tren durante unha viaxe, no que as condicións acústicas non son moi boas. Comprende textos bastante extensos transmitidos por radio, por exemplo unha entrevista onde se fala das viaxes en avión. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.</p>	<p>É quen de comprender textos producidos en diferentes situacións comunicativas que conteñen informacións precisas, por exemplo, avisos concretos feitos nun lugar público como a bordo dun avión ou un tren durante unha viaxe, no que as condicións acústicas non son moi boas. É quen de comprender textos bastante extensos transmitidos por radio, por exemplo unha entrevista onde se fala das viaxes en avión. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.</p>
<p>PCTO Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas sobre o tema das viaxes, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro informal, utilizando estruturas e léxico específicos da unidade.</p>	<p>É quen de expresar e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas sobre o tema das viaxes, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro informal, utilizando estruturas e léxico específicos da unidade.</p>
<p>CTE Comprende textos xornalísticos, incluídos artigos e reportaxes sobre o tema das viaxes en avión, en que o/a autor/a adopta certos puntos de vista, expresa opinións de maneira tanto implícita como explícita. Le cun bo nivel de comprensión global textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.</p>	<p>É quen de comprender textos xornalísticos, incluídos artigos e reportaxes sobre o tema das viaxes en avión, en que o/a autor/a adopta certos puntos de vista, expresa opinións de maneira tanto implícita como explícita. Pode ler cun bo nivel de comprensión global textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.</p>
<p>PCTE Escribe un texto narrativo (short story) coherente e ben estruturados en lingua estándar, utilizando estruturas e léxico específicos da unidade.</p>	<p>É quen de escribir un texto narrativo (short story) coherente e ben estruturados en lingua estándar, utilizando estruturas e léxico específicos da unidade.</p>
<p>MED Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información dos e das autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.</p>	<p>É quen de transmitir de maneira oral e con suficiencia tanto a información dos e das autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.</p>

UNIDADE 4: STORMY WEATHER/A RISKY BUSINESS	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: 7 sesións
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABALLO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos. Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.
CTE	Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
PCTO	Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
PCTE	Redactar textos transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
MED	Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes. Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	A concienciación climática.
ESTRATÉXICOS	Reflexionar sobre os erros sistemáticos propios
FUNCIONAIS	A quenda de palabra nos debates Comparar, contrastar e concluír
DISCURSIVOS	Artigos orais e escritos, entrevistas, informes
GRAMATICAIS	Futuros perfecto e continuo. Condicionais tipo 0 e 1. Oracións temporais.
LÉXICOS	Ecoloxía e medio ambiente. O clima.
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	Sons vocálicos. A coma.
ACTIVIDADES	
Actividades de vocabulario relativo ao medioambiente e o clima. Actividades de comprensión escrita e oral sobre problemas medioambientais e fenómenos meteorolóxicos. Actividades de produción, coprodución e mediación oral sobre o clima e o medioambiente.	

Actividades de gramática: predicións para o futuro (future simple/perfect/continuous, going to ...) e expresión de hipóteses sobre o presente ou o futuro.
 Actividades de vocabulario sobre actividades perigosas e riscos.
 Actividade de produción escrita: *for/against* essay.
 Actividade de produción escrita : redacción dun escrito (*blog* post) sobre os pros e contras dos medios de transporte contaminantes ou dos novos tipos de vehículos.
 Participación nunha charla e debate sobre ecoloxía e negacionismo do cambio climático nos EEUU.
 Actividade de comprensión lectora: artigos xornalísticos.

AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
<p>CTO Comprende textos bastante extensos transmitidos por radio (entrevista) sobre o tema da unidade: medio ambiente e cambio climático. A audición dáse nunhas boas condicións acústicas, o discurso está ben organizado e a estrutura do discurso é clara.</p> <p>Comprende o que se di nun documental sobre os deportes extremos, identificando as estruturas e léxico específicos e da unidade .</p>	<p>É quen de comprender textos bastante extensos transmitidos por radio (entrevista) sobre o tema da unidade: medio ambiente e cambio climático. A audición dáse nunhas boas condicións acústicas, o discurso está ben organizado e a estrutura do discurso é clara.</p> <p>É quen de comprender o que se di nun documental sobre os deportes extremos, identificando as estruturas e léxico específicos da unidade, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.</p>
<p>PCTO Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz nun debate sobre o tempo atmosférico, ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.</p> <p>Fai presentacións breves sobre o tema da unidade, a práctica de deportes de aventura ou extremos, en lingua estándar, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias.</p> <p>Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais.</p>	<p>Pode expresar e intercambiar puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz nun debate sobre o tempo atmosférico, ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.</p> <p>Pode facer presentacións breves sobre o tema da unidade, a práctica de deportes de aventura ou extremos, en lingua estándar, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias.</p> <p>É quen de presentar unha pronunciación e entoación claras e naturais.</p>
<p>CTE Comprende a información esencial e detalles relevantes en artigos xornalísticos sobre os temas da unidade, medio ambiente e deportes extremos, identificando a intención do texto e o punto de vista do/-a autor/-a.</p>	<p>É quen de comprender a información esencial e os detalles relevantes en artigos xornalísticos sobre os temas da unidade, medio ambiente e deportes extremos, identificando a intención do texto e o punto de vista do/-a autor/-a.</p>
<p>PCTE Redacta un texto argumentativo en formato convencional, transmitindo información sobre a práctica de deportes extremos, desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.</p>	<p>Pode redactar un texto argumentativo en formato convencional, transmitindo información sobre a práctica de deportes extremos, desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.</p>

MED Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.	É quen de repetir ou reformular a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.
--	--

UNIDADE 5: I'M A SURVIVOR/WISH YOU WERE HERE	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: 6 sesións
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABAJO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
CTE	Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente. Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.
PCTO	Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos. Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
PCTE	Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá. Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
MED	Transmitir opinións de forma obxectiva
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	celebracións
ESTRATÉXICOS	Recoñecer patróns de entoación para localizar información relevante
FUNCIONAIS	expresar desexos e arrepentimento
DISCURSIVOS	Páxinas web, artigos
GRAMATICAIS	adxectivos –ing/-ed condicionais irrealis estruturas con wish
LÉXICOS	sentimentos e emocións celebracións familiares matrimonio e divorcio
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	acento da palabra ritmo e entoación da oración
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de produción de textos orais ou escritos para dar consellos e recomendacións.</p> <p>Actividades para a ampliación de léxico relacionado coa expresión de sentimentos/emocións e do descontento.</p> <p>Actividades para practicar a expresión de desexos “imposibles” no presente (wish+past</p>	

simple) e do arrepentimento sobre feitos xa ocorridos (wish +past perfect).
 Actividades de comprensión e expresión oral sobre aspectos relacionados coa reciclaxe.
 Actividades de mediación escrita e/ou oral sobre a xestión emocional.
 Actividade de produción escrita: redacción dun artigo de opinión sobre sentimentos e arrepentimento e/ou desexos sobre situacións pasadas.
 Explotación de textos orais e escritos sobre os temas da unidade.
 Debate sobre os novos tipos de familia.
 Conversas en parella utilizando estruturas adecuadas para expresar sentimentos, emocións e desexos.

AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende textos producidos en diferentes situacións comunicativas que conteñen informacións precisas sobre os temas da unidade, en condicións acústicas idóneas. Redacta un artigo de opinión sobre a seguridade dos/-as fillos/-as no fogar, seguindo as convencións requiridas, ben organizado e estruturado e argumentando con detalle cada idea principal.	É quen de comprender textos producidos en diferentes situacións comunicativas que conteñen informacións precisas sobre os temas da unidade, en condicións acústicas idóneas. É quen de redactar un artigo de opinión sobre a seguridade dos/-as fillos/-as no fogar, seguindo as convencións requiridas, ben organizado e estruturado e argumentando con detalle cada idea principal.
PCTO Expresa e intercambia puntos de vista sobre situacións de emerxencia ou supervivencia extrema, de forma breve e utilizando fórmulas específicas do contexto comunicativo.	É quen de expresar e intercambiar puntos de vista sobre situacións de emerxencia ou supervivencia extrema, de forma breve e utilizando fórmulas específicas do contexto comunicativo.
CTE Comprende información esencial e detalles relevantes en artigos xornalísticos que versen sobre os temas da unidade: situacións de supervivencia e emocións extremas.	É quen de comprender información esencial e detalles relevantes en artigos xornalísticos que versen sobre os temas da unidade: situacións de supervivencia e emocións extremas.
MED Utiliza as estruturas axeitadas para expresar sentimentos, emocións e desexos con precisión e de forma espontánea	Pode utilizar as estruturas axeitadas para expresar sentimentos, emocións e desexos, aínda que con algún erro e vacilación.

UNIDADE 6: NIGHT ,NIGHT/MUSIC TO MY EARS	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: 7 sesións
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABAJO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor. Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.

CTE	Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación. Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
PCTO	Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade. Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos. Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
PCTE	Descibir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
MED	Sintetizar e transmitir a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

COMPETENCIAS E CONTIDOS

SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Música en lingua inglesa como vehículo de transmisión lingüística e cultural. Forma de expresar as emocións dependendo da cultura.
ESTRATÉXICOS	Reflexionar sobre a utilización do aprendido no primeiro cuatrimestre como posibles ferramentas para a nova aprendizaxe
FUNCIONAIS	falar sobre o descanso e outros hábitos saudables
DISCURSIVOS	Textos audiovisuais, artigos
GRAMATICAIS	xerundios e infinitivos <i>used to/be used to/get used to</i>
LÉXICOS	o sono, exercicio, alimentación e hábitos saudables Léxico relativo á música e ás emocións que produce. Préstamos de linguas latinas
FONÉTICO-FONOLOXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	acentuación da oración

ACTIVIDADES

Actividades de familiarización e práctica de vocabulario relacionado coa música.
Actividade de produción oral grupal para intercambiar gustos e preferencias musicais.
Actividades de produción oral para expresar hipóteses usando a estrutura *If you were*.
Exercicios para a práctica de estruturas gramaticais: help sb+ bare inf/to e make sb + bare infinitive.
Actividade de comprensión oral sobre os cambios de hábitos relacionados co sono.
Actividade de produción oral grupal sobre os hábitos do sono e cambios de hábitos no pasado usando as formas verbais: used to, be used to, getused to.

<p>Actividades de comprensión lectora sobre textos referentes aos desordes do sono. Actividades para a identificación e práctica de patróns verbais seguidos de xerundio ou infinitivo, incluíndo os verbos que admiten ambos.</p> <p>Actividades de mediación escrita e/ou oral sobre a hixiene do sono e/ou actividades musicais.</p> <p>Discusión por parellas para expresar gustos e preferencias musicais.</p> <p>Comprensión oral sobre hábitos de sono e expresión en debate en grupo utilizando estruturas de expresión de hábitos pasados e presentes, de hipótese e de negociación.</p> <p>Actividades do uso gramatical de infinitivos e xerundios.</p> <p>Redactar un artigo con consellos para unha vida saudable.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Distingue entre feitos, opinións e hipóteses na escoita de diferentes emisores e identifica e interpreta con precisión os argumentos, as intencións, os matices e as posturas concretas dos mesmos con respecto ao tema da unidade: hábitos do sono.	É quen de distinguir entre feitos, opinións e hipóteses na escoita de diferentes emisores e identifica e interpreta con precisión os argumentos, as intencións, os matices e as posturas concretas dos mesmos con respecto ao tema da unidade: hábitos do sono.
PCTO Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en debates sobre o tema da unidade, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico específico da unidade, axeitados á situación de comunicación.	É quen de expresar e intercambiar puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en debates sobre o tema da unidade, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar, utilizando estruturas e léxico sinxelos, axeitados á situación de comunicación.
CTE Redacta un artigo de forma clara, ordenada, cohesionada e ben razoada seguindo as convencións desta tipoloxía de texto.	É quen de redactar un artigo de forma clara, ordenada, cohesionada e ben razoada seguindo as convencións desta tipoloxía de texto.
MED Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras. Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.	É quen de repetir ou reformular a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras. É quen de organizar adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

UNIDADE 7: LET'S NOT ARGUE/IT'S ALL AN ACT	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: 6 sesións
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABAJO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBXECTIVOS	

CTO	Entender información oral sobre discusións
CTE	entender información escrita sobre discusións
PCTO	elaborar argumentos para un debate, tanto a nivel individual como grupal, mantendo os quendas de palabra negociar
PCTE	Redacción de recensións
MED	Resumir tramas e argumentos de forma obxectiva
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Desigualdades Linguaxe corporal e convencións relativas ás discusións en distintos países. O cine en lingua inglesa como vehículo de transmisión lingüística e cultural.
ESTRATÉXICOS	Concienciarse do seu uso de linguaxe non verbal
FUNCIONAIS	Dar e entender información relativa a discusións e razóns polas que se discute. Articular argumentos nunha discusión. Dar e entender información sobre actores e películas. Dar e entender información sobre a descrición física de persoas.
DISCURSIVOS	Reseñas, biografías, resumos
GRAMATICAIS	Verbos modais e modais perfectos. <i>'d rather</i> <i>I wish / If only</i> Verbos dos sentidos Intensifiers (<i>absolutely, utterly...</i>) Oracións d relativo: explicativas, especificativas e reducidas.
LÉXICOS	Léxico relativo a discusións Léxico sobre cine e teatro Léxico dos sentidos <i>False friends</i> e verbos que frecuentemente levan a confusión.
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	Forma 'débil' de <i>have</i> .
ACTIVIDADES	
<p>Actividade de expresión oral: descrición de fotografías e obxectos empregando looks, looklike, looks as if...</p> <p>Actividades de comprensión escrita e oral sobre técnicas interpretativas e diferentes xéneros cinematográficos.</p> <p>Exercicios gramaticais sobre verbos e expresións relacionados cos sentidos: feel, smell, taste, look, looklike, look as if, etc.</p> <p>Actividades de comprensión escrita e ampliación de léxico do corpo humano.</p> <p>Actividade de produción escrita: recensión dun libro, película, serie ou manifestación artística.</p> <p>Actividade de produción oral: conversa informal sobre eventos culturais coma cine, teatro, música, etc.</p> <p>Actividade de expresión oral: conversa informal sobre cine. Actividade de mediación escrita ou oral sobre recomendacións cinéfilas.</p> <p>Explotación de textos orais sobre cine e teatro.</p>	

AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende exposicións públicas referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional.	É que de comprender exposicións de certa complexidade do seu interese, con dificultade se non están ben organizadas.
PCTO Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais, pedindo información e ofrecendo razoamentos e explicacións.	É quen de ofrecer e pedir puntos de vista en conversas formais breves de xeito suficientemente claro.
CTE Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas e reacciona axeitadamente. É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.	É quen de identificar a intención de textos interactivos, comprender máis do seu vocabulario e de reaccionar de modo suficientemente axeitado.
PCTE Escribe pequenas recensións - imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel.	É quen de escribir breves recensións cun uso bastante axeitado de vocabulario específico.
MED Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.	É quen de repetir ou reformular a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.

UNIDADE 8: CUTTING CRIME/FAKE NEWS	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: 6 sesións
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABALLO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBXECTIVOS	
CTO	Entender información oral sobre crimes e castigos
CTE	entender información escrita sobre crimes e castigos
PCTO	expresar información sobre crimes e castigos, comparando culturas e argumentando as súas opinións.
PCTE	expresar información sobre crimes e castigos, comparando culturas e argumentando as súas opinións.
MED	Resumir de forma obxectiva información contida en textos e imaxes
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Os medios de comunicación en lingua inglesa. A importancia do inglés nas redes sociais e como vehículo para a transmisión de información. <i>Fake news</i> .
ESTRATÉXICOS	Comprender a capacidade das redes sociais como

	eidos de aprendizaxe e comunicación
FUNCIONAIS	Dar e entender información e expresar opinión relativa a delitos e crimes.
DISCURSIVOS	Páxinas web, mensaxes en redes sociais, artigos en prensa
GRAMATICAIS	A voz pasiva (tódalas formas) O causativo Estilo indirecto
LÉXICOS	Léxico referido a delitos, crimes e castigos. <i>Reporting verbs</i> Léxico referido a noticias, medios de comunicación e redes sociais.
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	Pronunciación <u>
ACTIVIDADES	
<p>Actividade de expresión oral: descrición de fotografías e obxectos empregando looks, looklike, look as if....</p> <p>Actividades de comprensión escrita e oral sobre técnicas interpretativas e diferentes xéneros cinematográficos.</p> <p>Exercicios gramaticais sobre verbos e expresións relacionados cos sentidos: feel, smell, taste, look, looklike, look as if, etc.</p> <p>Actividades de comprensión escrita e ampliación de léxico do corpo humano.</p> <p>Actividade de produción escrita: recensión dun libro, película, serie ou manifestación artística.</p> <p>Actividade de comprensión oral: conversa informal sobre eventos culturais coma cine, teatro, música, etc. Actividade de expresión oral: conversa informal sobre cine.</p> <p>Actividade de mediación escrita ou oral sobre recomendacións cinéfilas.</p> <p>Explotación de distintos textos xornalísticos orais e escritos.</p> <p>Redacción dun artigo de opinión: a veracidade da información dixital e os posibles delitos e falsidades.</p> <p>Utilización da reformulación e do estilo indirecto para comunicarlle ao grupo de forma obxectiva a información obtida previamente traballando en parellas ou pequenos grupos.</p> <p>Escoita dunha charla sobre as <i>fake news</i> en EEUU.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende exposicións públicas de tipo xornalístico, referidas aos temas da unidade (crime e os medios de comunicación), dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional.	É quen de comprender exposicións públicas de tipo xornalístico, referidas de ao temas da unidades (crime e os medios de comunicación) con dificultade se non están ben organizadas ou non se ten algún coñecemento previo.
PCTO Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais, pedindo información e ofrecendo razoamentos e explicacións.	É quen de ofrecer e pedir puntos de vista en conversas formais breves de xeito suficientemente claro.
CTE Comprende textos periodísticos sobre os temas da unidade onde o autor adopta certos puntos de vista e expresa opinións, de maneira implícita e explícita.	É quen de comprender textos periodísticos sobre os temas da unidade onde o autor adopta certos puntos de vista e expresa opinións, de maneira implícita e explícita.
PCTE Redacta texto argumentativo	É quen de redactar texto argumentativo,

coherente e ben estruturado, utilizando as estruturas, léxico e recursos discursivos axeitados ao nivel, en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos ao tema da unidade.	coherente e ben estruturado, utilizando algunhas das estruturas, léxico e recursos discursivos específicos do nivel, en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos ao tema da unidade.
MED Reelabora e sintetiza por escrito a información de distintas fontes sen que as diferencias culturais e/ou lingüísticas supoñan unha barreira. Transmite de forma oral información de textos xornalísticos (noticias) e identifica os aspectos máis relevantes.	É quen de reelaborar e sintetizar por escrito a información de distintas fontes sen que as diferencias culturais e/ou lingüísticas supoñan unha barreira. É quen de transmitir de forma oral información de textos xornalísticos (noticias) e identificar os aspectos máis relevantes.

UNIDADE 9: GOOD BUSINESS?/SUPER CITIES	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: 6 sesións
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABALLO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender exposición en variedade estándar
CTE	Comprender artigos e descrições
PCTO	Expresar opinión, acordo e desacordo
PCTE	Narrar e describir de forma precisa
MED	Tomar notas para transmitir despois a información
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURALS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	linguaxe publicitaria urbanismo
ESTRATÉXICOS	Utilizar a comprensión escrita para facilitar a expresión oral
FUNCIONAIS	Formular hipóteses
DISCURSIVOS	Entrevistas, artigos, publicidade
GRAMATICALS	Oracións finais e adversativas nomes incontables e plurais
LÉXICOS	Vivendas e megaurbes Léxico sobre publicidade
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	O acento na oración
ACTIVIDADES	
<p>Conversas informais sobre a importancia do mundo publicitario e empresas de éxito recoñecido.</p> <p>Actividade de comprensión oral ou escrita sobre a publicidade.</p> <p>Ampliación de vocabulario relacionado co mundo empresarial.</p> <p>Exercicio de gramática para a práctica das construcións gramaticais relativas as cláusulas de contraste e propósito (<i>Although, in spite of, despite, to, in order to and so as to</i>).</p> <p>Conversas sobre os problemas e as vantaxes de vivir nunha gran cidade.</p>	

Actividade de comprensión oral sobre aspectos relacionados coa preparación, o enriquecemento socio-cultural e o disfrute dunha viaxe.
 Actividade de expresión escrita: un artigo sobre unha cidade.
 Actividades de mediación escrita e/ou oral sobre publicidade, negocios ou finanzas.
 Redacción dun informe para unha páxina web sobre a paisaxe urbanística dunha localidade.
 Comentar e comparar anuncios e técnicas publicitarias.
 Explotación de textos escritos e orais.
 Debate sobre as vantaxes e desvantaxes das cidades fronte ao mundo rural.

AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende con detalle ideas básicas de audicións e artigos sobre temas empresariais e de urbanismo.	É quen de comprender ideas básicas de audicións e artigos sobre temas empresariais e de urbanismo.
PCTO Interactúa de forma cooperativa en conversas sobre temas relativos ao mundo publicitario e empresarial nas que expón as súas opinións e as argumenta.	Pode iniciar, manter e rematar unha conversa a unha velocidade lenta e nunha variante estándar sobre os temas da publicidade e o mundo empresarial. Nela pode utilizar un repertorio lingüístico sinxelo pero suficiente para expresar as súas opinións e argumentar.
CTE Comprende información esencial e detalles relevantes en informacións de interacción escrita que versen sobre os temas da unidade.	É quen de comprender información esencial e detalles relevantes en informacións de interacción escrita que versen sobre os temas da unidade.
PCTE Redacta un texto informativo (report) sobre urbanismo, utilizando os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.	É quen de redactar Redacta un texto informativo (report) sobre urbanismo, utilizando os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.
MED Organiza adecuadamente información procedente de diversas fontes que pretende transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.	Pode organizar adecuadamente a información que recibe e transmitila con suficiente claridade e eficacia.

UNIDADE 10: SCIENCE FACT, SCIENCE FICTION/FREE SPEECH	
NIVEL: B2.2	TEMPORALIZACIÓN: 5 sesións
RECURSOS DIDÁCTICOS	MODALIDADE DE TRABALLO
Libro de texto, plataforma dixital do libro, material real da internet, fichas de traballo, aula virtual.	Individual, en parellas, grupal.
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender instrucións, consellos, problemas e queixas
CTE	Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas

	específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación. Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
PCTO	Explicar as características e funcións dun obxecto e os problemas dunha situación Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
PCTE	Explicar os detalles dunha situación real o ficticia
MED	Transmitir instrucións recibidas
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Descubrimentos, inventos, ciencia e científicos/as. Técnicas de oratoria propias de distintas culturas.
ESTRATÉXICOS	Recapitular e reflexionar sobre o aprendido no ano e sobre as necesidades propias
FUNCIONAIS	Dar e entender información relativa a descubrimentos, inventos, ciencia e científicos/as. Facer predicións sobre os avances da ciencia no futuro.
DISCURSIVOS GRAMATICAIS	Folletos, informes, artigos Futuro perfecto e futuro continuo Cuantificadores: <i>all, every, both</i> O artigo (<i>a, an, the, zero</i>) <i>Other, others, another.</i>
LÉXICOS	Léxico referido a invencións, descubrimentos, ciencia e científicos/as.
FONÉTICO-FONOLOXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	O acento en palabras derivadas
ACTIVIDADES:	
<p>Actividades de expresión oral sobre temas relacionados co ámbito científico.</p> <p>Actividades de comprensión escrita de textos científicos.</p> <p>Exercicios para a práctica de quantifiers (<i>all, every, both</i> etc.) en contexto.</p> <p>Actividades de expresión oral e/ou escrita sobre xeografía ciencia e tecnoloxía , prestando especial atención ao uso de artigos.</p> <p>Debate sobre os inventos na historia e no futuro.</p> <p>Redacción dun post sobre avances científicos "fake" a partir de información na web.</p> <p>Explotación de distintos textos orais e escritos sobre os temas da unidade: ciencia e oratoria.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Comprende textos bastante extensos transmitidos por radio sobre ciencia. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do	É quen de comprender textos bastante extensos transmitidos por radio sobre ciencia. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do

discurso sexa clara.	discurso sexa clara.
PCTO Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Demostra control da estrutura e ferramentas dun debate e intervén de forma espontánea e áxil	Pode expresarse con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Pode demostrar control da estrutura e ferramentas máis básicas dun debate e intervén aínda que con algún problema e vacilación ademais de intervencións breves
CTE Comprende información esencial e detalles relevantes en textos científicos que versen sobre os temas da unidade.	É quen de comprender información esencial e detalles relevantes en textos científicos que versen sobre os temas da unidade.
PCTE Redacta un <i>post</i> sobre avances científicos, con claridade, dinamismo e vocabulario variado específico da unidade.	É quen de redactar un <i>post</i> breve e sinxelo sobre avances científicos, con claridade, dinamismo e vocabulario variado específico da unidade.
MED Reelabora información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunícaa de maneira oral.	Pode reelaborar información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunícaa de maneira oral.

5.2.3- B2- COMPETENCIAS ORAIS

Descrición

O curso de competencias orais de nivel B2 está orientado ao desenvolvemento da competencia lingüística na lingua obxecto de estudo co fin de comunicarse sen esforzo, con certo grao de fluidez e naturalidade, en situacións habituais e específicas en diferentes ámbitos (persoal, público, académico e profesional) – sen erros importantes e cunha pronuncia clara.

O curso de competencias orais de nivel B2 será impartido por Patricia González Castro.

Temporalización

Con carácter xeral, os contidos repartiranse ao longo do curso en dous cuatrimestres. Durante o curso 2023-2024 as clases de competencias orais de nivel B2 impártense nunha única sesión semanal de dúas horas, os luns en horario de 20:00 a 22:00 h, tendo unha duración de 60 h lectivas.

Materials

Non se contempla o uso dun libro do estudante, se ben se utilizarán distintas publicacións e materiais en soportes diversos como fonte de recursos, para practicar a produción, coprodución e mediación oral. Os contidos agruparanse en unidades didácticas abarcando diferentes temas do currículo.

Obxectivos

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun repertorio suficiente de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común. Neste curso de competencias orais, traballaremos as dúas destrezas, comprensión e expresión oral, por iso o curso estará centrado nelas.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.
- Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

Obxectivos específicos

Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
- Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas de actualidade coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
- Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
- Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
- Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.
- Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas de actualidade coñecidos.
- Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...
- Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en debates sobre temas de actualidade coñecidos.
- Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

Actividades de mediación

O alumnado será capaz de:

- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

Competencias e contidos

O curso está deseñado en diferentes unidades didácticas seguindo o currículo do nivel vixente co fin de mellorar a competencia comunicativa e a riqueza léxica do alumnado. Deste modo traballaranse diferentes contidos léxicos seguindo o currículo:

- Saúde e coidados físicos: adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía.
- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais,
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, ecoloxía e problemas ambientais.
- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet....
- Actividades artísticas: música, literatura, fotografía, cine, novas manifestacións artísticas...
- Actividades económicas e comerciais: comercio.
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra e alugueiro, equipamento e decoración...

- Traballo e profesión: procura de traballo e condicións laborais.
- Política e sociedade: conflitos e movementos sociais.

Avaliación

Os asistentes serán avaliados por unha presentación que terán que facer. Ao final do curso, cada alumno/a fará unha presentación de 7-8 minutos sobre un dos temas tratados e desenvolvidos na clase. Ademais, terá que entregar unha actividade de comprensión oral (preguntas, verdadeiro-falso, completar con palabras, ...) que repartirá entre os demais asistentes para que a cubran durante a presentación. Esta actividade entregárase na semana anterior ás presentacións para ser corrixida pola profesora.

As devanditas tarefas servirán para avaliar se cada asistente acadou os obxectivos iniciais.

6. NIVEL AVANZADO

6.1- NIVEL AVANZADO C1

O nivel C1, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (CEFR), defínese como "Nivel de Competencia Eficaz". Neste nivel, o aprendiz é capaz de comprender, falar e escribir na lingua con competencia e eficacia. O usuario de C1 pode manexar a lingua en contextos diversos e desafiante, entendendo textos complexos, expresándose con fluidez e transmitindo matices de significado con precisión. Este nivel representa unha competencia sólida e avanzada na lingua obxectivo, aínda que non chega ao nivel de mesturía absoluta do C2.

O alumnado que supere o nivel avanzado C1 poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá

a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e un repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

6.1.1- C1.1

1. OBXECTIVOS XERAIS

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.
- Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos,

das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

- Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

- Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

2.1- Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Comprender, independentemente da canle, a información específica en

declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
- Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

2.2- Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
- Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.

2.3- Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será capaz de:

- Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras

informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

- Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

- Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

2.4- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

O alumnado será capaz de:

- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

- Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

2.5- Actividades de mediación

O alumnado será capaz de:

- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

- Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

- Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

3- COMPETENCIAS, CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

3.1- Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

O alumnado adquirirá coñecemento da sociedade e da cultura propias dos países e dos territorios en que se fala o idioma estudado.

- Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

3.2- Competencias e contidos estratéxicos

Proporcionaráselle ao alumnado de ferramentas para aprender autonomamente, mobilizar os recursos dispoñibles co fin de aprender e comunicar de forma eficaz, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

Estratexias de aprendizaxe

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.

- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

Estratexias de comunicación

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...
- Informarse, se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

3.3- Competencias e contidos funcionais

Axudarase ao alumnado a adquirir a capacidade de empregar a lingua non só como elemento puramente lingüístico, senón tamén como un acto no que interveñen as persoas interlocutoras e no que é preciso adaptarse aos distintos contextos para desenvolver as funcións comunicativas. Polo tanto, teranse en conta: os usos sociais da lingua, o control da comunicación, a organización do discurso ou o ámbito comunicativo.

- Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...
- Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...
- Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...
- Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

- Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, lelicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...
- Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

3.4- Competencias e contidos discursivos

Axudarase ao alumnado a adquirir coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan poder producir e comprender textos orais e escritos atendendo á súa coherencia e á súa cohesión.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts

- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou temas de interese xeral.

3.5- Competencias e contidos sintácticos

Axudarase ao alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua, en función da súa pertinencia, para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua.

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Artigos e cuantificadores

- Formación de palabras: derivación e composición
- Marcadores discursivos (I mean, in fact...)
- Inversión para denotar énfasis
- expresiones de especulación y deducción
- uso dos pasados non reais
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso.
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos.
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos (oracións condicionais; uso do verbo+obxecto+inf/xerundo; usos verbais para expresar plans; cláusulas de relativo
- modais de permiso, obligación e necesidade
- cleft sentences
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos.

3.6- Competencias e contidos léxicos

Axudarase ao alumnado a adquirir a capacidade de coñecer, comprender, escoller e usar o vocabulario relacionado cos temas propios do nivel.

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel do seguinte xeito:

- **Educación e actividades académicas:** sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, aprendizaxe de linguas, tendencias.. – UNIT 2B
- **Relación persoais e sociais:** relación persoais e de parentesco, relación de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociación ... - UNIT 1 /3A /6A
- **Traballo e actividades profesionais** (tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais) – UNIT 1
- **Identidade persoal** (dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais). – UNIT 1
- **Goberno, política e sociedade** (organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais) Conflitos. – UNIT 3
- **Cultura e actividades artísticas:** música e danza, literatura e cine.. – UNIT 4
- **Economía e industria:** finanzas e bolsa, comercio, entidades e empresas... Compras e actividades comerciais (actividades de compra, venda e subrogación). – UNIT 5

- **Ciencia e tecnoloxía** (avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas. UNIT 6B
- **Educación e actividades académicas** (sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións e recursos).
- **Cultura e actividades artísticas** (arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda). – UNIT 7B
- **Saúde, coidados físicos e atención sanitaria** (estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas) Símiles. – UNIT 8A
- **Viaxes e estancias no estranxeiro** (turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadas no estranxeiro) – UNIT 8B
- **Alimentación** (tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola). – UNIT 9B
- **Lecer e tempo libre** (xogos, actividades deportivas). UNIT 10A
- **Vivenda, fogar e contorna** (tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...) . UNIT 10B

3.7. Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos (para as actividades de lingua orais) e ortotipográficos (para as actividades de

lingua escrita)

Axudarase ao alumnado a adquirir a capacidade de recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas segundo o ámbito, o contexto e a canle de transmisión.

- A énfase
- A entoación e os cambios de ton
- Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)
- Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas
- Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...)
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación
- O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas
- As convencións de distribución e organización do texto
- As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común
- homógrafos

4- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.1- Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.
- Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.
- É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

- Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

4.2- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.
- Expressa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.
- Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.
- Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.
- Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.
- Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.
- É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.
- Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.
- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.
- Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera

importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

- Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

4.3- Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.
- Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.
- Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.
- Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.
- Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.
- Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.
- Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.
- Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

4.4- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

- Redacta un texto e adáptao á situación requirida.
- Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posibles ambigüidades.
- Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.
- Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.
- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
- Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

4.5- Actividades de mediación

- Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.
- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
- Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.
- Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

- Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

TEMPORALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE OBXECTIVOS, COMPETENCIAS E CONTIDOS. UNIDADES DIDÁCTICAS.

Nivel Avanzado C1.1

UNIDADE DIDÁCTICA 1: FAMILY AND WORK	
Nivel C1.1	Temporalización -4 sesións de 120 minutos
Recursos didácticos - Libro de texto <i>English File C1.1 Student's Book and Workbook (4th Edition)</i> , fotocopias e recursos dixitais	Modalidade de traballo - Individual, parellas e grupos.
OBXECTIVOS	
CTO	Comprender textos de diferentes rexistros relacionados coa familia, as diferentes personalidades e aspectos específicos relacionados co mundo laboral.
CTE	Comprender textos xornalísticos, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
PCTO	Aprender a falar sobre o traballo e familia. Coñecer e integrar a gramática e vocabulario da unidade.
PCTE	Escribir correspondencia persoal no ámbito laboral. Coñecer e integrar a gramática e vocabulario da unidade.
MED	Interpretar e resumir os detalles relevantes dunha conversa. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas, recollendo os puntos máis relevantes.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Coñecemento, valoración e respecto por diferentes personalidades e tipos de familia. Aplicación dos recursos lingüísticos que lle permitan ao alumnado Redactar unha solicitude de traballo con efectividade.
ESTRATÉXICOS	Planificar a propia aprendizaxe establecendo obxectivos propios a curto e longo prazo. Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre Diversos temas, axudas doutros/as interlocutores/as...)

	Relacionar información nova con coñecementos previos Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua, etc.
FUNCIONAIS	Mostrar o acordo, o acordo a medias e mostrar desacordo de xeito educado. Realizar un discurso coherente e conectado. Presentar unha solicitude de traballo (e-mail formal).
DISCURSIVOS	Coñecer e aplicar as competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto e que presente unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.
SINTÁCTICOS	Verbo HAVE e os seus usos. Substantivos: tipos e número. Os artigos.
LÉXICOS	Aspectos da personalidade. Relacións persoais: a familia. <i>Collocations e Idioms</i> . Marcadores do discurso: conectores. O traballo, actividades laborais, tarefas. Numerais e cuantificadores.
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	Os sons da lingua inglesa e a súa ortografía.
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión oral de textos sobre relacións familiares.</p> <p>Actividades de coprodución oral intercambiando conceptos e opinións sobre a familia e relacións familiares.</p> <p>Actividades de consolidación de estratexias de aprendizaxe autónomo para a adquisición de vocabulario.</p> <p>Comprensión de textos orais e escritos sobre as características e condicións de distintos postos de traballo.</p> <p>Actividade de coprodución oral grupal intercambio información sobre postos de traballo.</p> <p>Actividade de produción escrita de redacción dunha solicitude dun posto de traballo.</p> <p>Actividades de memorización, clasificación e activación de vocabulario referido a relacións laborais e personalidade.</p>	
AVALIACIÓN	
CTO Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro). a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	MÍNIMOS ESIXIBLES CTO É quen de recoñecer a intención e o significado de bastantes actos de fala.
PCTO Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter. Inicia, mantén e remata unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra tamén valéndose das intervencións dos interlocutores. Produce un texto oral coherente e cohesivo a partir dunha diversidade de textos fonte. Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado,	PCTO É quen de expresar o que quere dicir. É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída. É quen de producir un texto oral coherente e cohesionado a partir de textos fonte. É quen de variar a entoación para expresar matices de significado.

mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.	
<p>CTE Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.</p>	<p>CTE É quen de recoñecer expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que, con frecuencia, necesite un dicionario. Ler de forma autónoma textos breves sobre relacións familiares, personalidade e traballo.</p>
<p>PCTE Escribe textos complexos, extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión. Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posibles ambigüidades.</p>	<p>PCTE É quen de escribir textos o suficientemente complexos e extensos, mostrando suficiente dominio dos recursos lingüísticos para expresarse cun nivel aceptable de eficacia e precisión. É quen de presentar ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posibles ambigüidades.</p>
<p>MEDIACIÓN Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins Sociais, adaptando o que se di e os medios de expresalo á situación, ao receptor e á formalidade requirida. Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</p>	<p>MEDIACIÓN É quen de utilizar o idioma con suficiente flexibilidade e eficacia, adaptándose a situación e formalidade requiridos. É quen de adaptar suficientemente os seus textos á situación.</p>

UNIDADE DIDÁCTICA 2: EDUCATION

Nivel C1.1	Temporalización -4 sesións de 120 minutos
Recursos didácticos - Libro de texto <i>English File C1.1 Student's Book and Workbook (4th Edition)</i> , fotocopias e recursos dixitais	Modalidade de traballo - Individual, parellas e grupos.

OBXECTIVOS

CTO	Comprender textos de diferentes rexistros relacionados co ensino, a educación e as relacións interpersoais nos ambientes onde se desenvolven.
CTE	Comprender información en artigos en prensa escrita e páxinas web.
PCTO	Dar e pedir consellos. Ser capaz de falar de feitos habituais no pasado. Participar en conversas informais sobre temas específicos. Coñecer e integrar a gramática e vocabulario da unidade.
PCTE	Dar e pedir consellos. Coñecer e integrar a gramática e vocabulario da unidade.
MED	Interpretar e resumir os detalles relevantes dunha conversa. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas, recollendo os puntos máis relevantes.

COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas relacións persoais, os valores e as crenzas.
ESTRATÉXICOS	Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...) Restablecer e anticipar posición en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...) Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
FUNCIONAIS	Falar sobre feitos do pasado habituais e concretos. Falar de recordos da infancia. Ofrecer consello.
DISCURSIVOS	Sondaxes e cuestionarios complexos Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática.
SINTÁCTICOS	Verbos no pasado: Eventos habituais e repetitivos. Used to / Would. Pronomes.
LÉXICOS	Fomación de palabras por sufixación e composición. Familias léxicas. Educación e actividades académicas.
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	Diferentes patróns de ritmo, pronunciación e entoación.
ACTIVIDADES	
<p>Actividade de comprensión escrita dun texto relacionado coa aprendizaxe de linguas ou a evolución lingüística.</p> <p>Actividade de comprensión escrita dun texto relacionado cos sistemas educativos dos países de fala inglesa.</p> <p>Actividade de comprensión escrita dun texto de carácter autobiográfico.</p> <p>Actividade de comprensión oral de textos relacionados coa adquisición dunha segunda lingua e a vida nun país de fala estranxeira.</p> <p>Actividade de comprensión oral de textos relacionados co acoso escolar e as consecuencias que ten sobre os suxeitos involucrados no mesmo.</p> <p>Actividade de produción de textos orais breves e intercambios orais grupais sobre a posición do inglés como lingua franca e a adquisición de linguas.</p> <p>Actividade de produción escrita baseada nun resumo formal de procesos de cambio no eido das linguas.</p> <p>Actividade de produción escrita que reflecta acontecementos relevantes na vida do escritor.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.	CTO É quen de percibir un mínimo de variedades fonético-fonolóxicas e recoñecer matices de significado.
PCTO Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.	PCTO É quen de expresarse cun grao suficientemente alto de corrección.

<p>CTE Escribe textos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión. Presenta ideas e puntos de vista coa fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.</p>	<p>CTE É quen de identificar o contido e a importancia de textos de bastantes temas profesionais ou académicos. É quen de localizar os detalles máis relevantes en textos extensos e complexos.</p>
<p>PCTE Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos. Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p>	<p>PCTE É quen de escribir textos o suficientemente complexos e extensos, mostrando suficiente dominio dos recursos lingüísticos para expresarse cun nivel aceptable de eficacia e precisión. É quen de presentar ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.</p>
<p>MEDIACIÓN Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</p>	<p>MEDIACIÓN É quen de adaptar suficientemente os seus textos á situación.</p>

UNIDADE DIDÁCTICA 3: WAR AND HISTORY

Nivel C1.1	Temporalización -4 sesións de 120 minutos
Recursos didácticos - Libro de texto <i>English File C1.1 Student's Book and Workbook (4th Edition)</i> , fotocopias e recursos dixitais.	Modalidade de traballo - Individual, parellas e grupos.

OBXECTIVOS

CTO	Comprender, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son destorcido. Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas.
CTE	Comprender textos narrativos, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
PCTO	Falar con corrección sobre feitos históricos e a representación dos mesmos en textos destinados ao público xeral. Expresar a opinión sobre a evolución histórica das relacións interpersoais en diferentes contextos. Coñecer e integrar a gramática e vocabulario da unidade.
PCTE	Escribir con corrección unha recensión dunha peza cinematográfica e o rigor histórico da mesma. Coñecer e integrar a gramática e vocabulario da unidade.
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou

	dos ámbitos profesional e académico.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Familiarizarse con estereotipos e anacronismos históricos, adaptación cinematográficas, música pop e transmisión de información incómoda.
ESTRATÉXICOS	Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
FUNCIONAIS	Mostrar e identificar actitudes no discurso, coma o entusiasmo ou o sarcasmo. Falar dunha película ou serie de televisión. Describir unha escena dunha película. Expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...
DISCURSIVOS	Cancións. Conversas especializadas. Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade.
SINTÁCTICOS	Verbo GET e as súas colocacións. Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos Usos sintácticos complexos.
LÉXICOS	Marcadores do discurso adverbios e expresións adverbiais. Goberno, política e sociedade. Relacións sociais. Historia. Guerras e conflitos.
FONÉTICO-FONOLÓXICO E ORTOTIPOGRÁFICO	Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...)
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión oral e escrita sobre o mundo das relacións persoais.</p> <p>Actividade de coprodución oral sobre o xeito de establecer e manter relación interpersoais.</p> <p>Exercicio para a adquisición de vocabulario sobre préstamos doutros idiomas no inglés.</p> <p>Actividade de consolidación e repaso gramatical e léxico de "GET".</p> <p>Actividade de comprensión oral ou escrita sobre sinopse de películas históricas.</p> <p>Exercicio de adquisición e consolidación de vocabulario sobre termos relacionados ca cinematografía.</p> <p>Actividades de coprodución oral grupais para intercambiar recomendación cinematográficas.</p> <p>Actividade de produción escrita dunha recensión dunha película, serie ou película.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. Identifica narrador e fonte así como o destinatario. Sitúa o texto no contexto histórico pertinente e de explicar con detalle situacións complexas que aparecen descritas nun texto oral ou audiovisual.	CTO É quen de situar o texto no contexto histórico pertinente e de explicar con detalle situacións complexas que aparecen descritas nun texto oral ou audiovisual. É quen de seguir un discurso extenso na súa meirande parte aínda que non estea claramente estruturado. É quen de identificar narrador e fonte así como o destinatario.
PCTO Desenvolve argumentos detallados e ben	PCTO É quen de responder a preguntas relativamente

<p>estrutturados, relacionando lxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.</p>	<p>complexas, e pode analizar e explicar os puntos de vista e ideas que tratan, así coma de explicar a actitude dos falantes e a súa postura. É quen de xestionar con relativa flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar as posturas e a desfacer malentendidos; de volver sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p>
<p>CTE Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.</p>	<p>CTE É quen de recoñecer a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.</p>
<p>PCTE Responde a preguntas complexas, e pode analizar e explicar os puntos de vista e ideas que tratan, así coma de explicar a actitude dos falantes e a súa postura.</p>	<p>PCTE É quen de desenvolver argumentos detallados e ben estruturados, relacionando lxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente. É quen de expresar con exactitude circunstancias históricas referidas a un episodio tratado na clase e defender con argumentos explícitos e válidos a súa postura. É quen de facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p>
<p>MEDIACIÓN Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. Redacta un texto e o adapta á situación requirida.</p>	<p>MEDIACIÓN É quen de transmitir de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como moitos dos detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. É quen de redactar un texto e adáptalo á situación requirida</p>

UNIDADE DIDÁCTICA 4: FILMS AND LITERATURE

Nivel C1.1	Temporalización -4 sesións de 120 minutos
Recursos didácticos - Libro de texto <i>English File C1.1 Student's Book and Workbook (4th Edition)</i> , fotocopias e recursos dixitais.	Modalidade de traballo - Individual, parellas e grupos.

OBXECTIVOS

CTO	Comprender as ideas principais e os detalles máis relevantes de
------------	---

	conversas entre terceiras persoas sobre temas complexos ou cos que non se está familiarizado/a.
CTE	Comprender textos escritos, en calquera soporte, relacionados con temas complexos ou cos que non se está familiarizado/a.
PCTO	<p>Ser capaz de expresar énfase a través da inversión e realizar unha especulación o dedución utilizando gramática e vocabulario axeitado.</p> <p>Cofecer e integrar a gramática e vocabulario da unidade.</p> <p>Participar en conversas informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.</p>
PCTE	Escribir artigos especializados.
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Identificar certos sons e expresar o que transmiten ao interlocutor. Aspectos culturais relacionados co ruído e os sons.
ESTRATÉXICOS	<p>Utilizar estratexias de aprendizaxe como tomar notas para contribuir á comprensión de textos orais.</p> <p>Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia e planificar a estrutura.</p> <p>Relacionar a información nova con coñecementos previos para encontrar sinónimos a partir dun texto.</p> <p>Asegurar a comprensión dun texto oral, preguntando sobre o dito, volvendo escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</p> <p>Autoavaliar o propio proceso de aprendizaxe detectando os erros e os logros nas tarefas.</p>
FUNCIONAIS	<p>Expresar énfase a través da inversión.</p> <p>Expresar unha opinión.</p> <p>Especular e facer deducións.</p> <p>Escribir unha recensión dun libro ou película.</p>
DISCURSIVOS	Recensións de libros e películas, comentarios en liña
SINTÁCTICOS	<p>Inversión dos elementos oracionais.</p> <p>Uso de verbos modais para expresar especulación e dedución en pasado.</p>
LÉXICOS	Cultura e actividades artísticas: literatura e cine. Descrición técnica.
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	Estranxeirismos.
ACTIVIDADES	
<p>Actividades de comprensión de textos orais e escritos relacionados coa lectura.</p> <p>Exercicios de repaso e consolidación de léxico: libros e películas, sons.</p> <p>Exercicios de repaso e consolidación gramatical: inversión, especulación e dedución.</p> <p>Exercicios de repaso e de consolidación fonética e pronunciación: estranxeirismos.</p> <p>Comprensión dun texto oral sobre diferentes sons.</p> <p>Debate oral sobre aspectos culturais relacionados co ruído e os sons.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO	CTO

Comprende o que se pretende comunicar co fin de tirar as conclusións axeitadas.	Comprende o esencial do que se pretende ou do que se lle require en cada caso. É quen de comprender o esencial que se pretende comunicar co fin de tirar as conclusións axeitadas.
PCTO Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.	PCTO É quen de desenvolver argumentos parcialmente detallados, relacionando os puntos principais, resaltando algúns puntos importantes, e concluíndo adecuadamente.
CTE Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.	CTE É quen de recoñecer a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.
PCTE Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte	PCTE É quen de producir un texto escrito con certos elementos de cohesión e coherencia a partir doutros textos.
MEDIACIÓN Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as/os receptores e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	MEDIACIÓN É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo na maioría das ocasións, respectando a situación, os/as receptores e a canle, sen alterar demasiado información e as posturas orixinais.

UNIDADE DIDÁCTICA 5: ECONOMY AND SHOPPING

Nivel C1.1	Temporalización -4 sesións de 120 minutos
Recursos didácticos - Libro de texto <i>English File C1.1 Student's Book and Workbook (4th Edition)</i> , fotocopias e recursos dixitais.	Modalidade de traballo - Individual, parellas e grupos.
OBJECTIVOS	
CTO	Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas.
CTE	Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
PCTO	Ser capaz de tomar distancia sobre o que se ten dito e falar de situacións hipotéticas no pasado utilizando gramática e vocabulario axeitado. Aprender a falar sobre as actividades comerciais.
PCTE	Escribir ensaios ben estruturados. Coñecer e integrar a gramática e vocabulario da unidade.
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para

	trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.
COMPETENCIAS E CONTIDOS	
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Cofecemento e aplicación dos recursos que permiten comportarse e comunicarse con efectividade nun debate onde hai opinións contrarias.
ESTRATÉXICOS	Aplicar estratexias para elaborar textos complexos axustados ao seu contexto específico, planificando a mensaxe e os medios en función do efecto sobre o/a receptor/a.
FUNCIONAIS	Tomar distancia do dito. Falar de situacións hipotéticas no pasado.
DISCURSIVOS	Cancións. Conversas especializadas. Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade.
SINTÁCTICOS	Uso dos pasados non reais.
LÉXICOS	Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual. Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción. Identidade persoal: estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas.
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	Consoantes xordas e sonoras.
ACTIVIDADES	
<p>Actividade de comprensión escrita sobre o concepto de estar moi ocupado.</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre a adopción de modos de vida anticapitalista.</p> <p>Actividade de comprensión oral sobre os efectos do estrés nas persoas.</p> <p>Exercicio de adquisición e consolidación gramatical sobre a expresión de condicións irreais.</p> <p>Escribir sobre unha noticia a partir dun titular.</p> <p>Exercicio de produción escrita de textos xornalísticos guiados.</p> <p>Exercicio de repaso e consolidación fonética e discriminación de acento británico e americano.</p>	
AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Recoñece moitas expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.	CTO É quen de recoñecer unha cantidade apreciable de expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar connotacións e matices de significado, se está familiarizado co acento.
PCTO Rebate os argumentos dos interlocutores de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.	PCTO É quen de rebater os argumentos dos interlocutores de maneira apropiada, intervindo de forma bastante fluída e espontánea.
CTE Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.	CTE É quen de recoñecer a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.
PCTE Utiliza as convencións ortotipográficas	PCTE É quen de empregar as convencións

propias da lingua para producir textos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos en a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.	ortotipográficas propias da lingua para producir textos nos que normalmente a estrutura, a distribución en parágrafos en a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, pero pode presentar erros de carácter esporádico.
MEDIACIÓN Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos receptores.	MEDIACIÓN É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría de puntos relevantes dos textos fonte, e selecciona detalles que considera importantes para os receptores.

UNIDADE DIDÁCTICA 6: SCIENCE AND TECHNOLOGY

Nivel C1.1	Temporalización -4 sesións de 120 minutos
Recursos didácticos - Libro de texto <i>English File C1.1 Student's Book and Workbook (4th Edition)</i> , fotocopias e recursos dixitais.	Modalidade de traballo - Individual, parellas e grupos.

OBXECTIVOS

CTO	Comprender conversacións, aínda que non estean claramente estruturadas. Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a. Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
CTE	Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas.
PCTO	Ser capaz de facer hipóteses, suposicións e prediccións. Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, e defendendo puntos de vista con argumentos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, Argumentar con convicción y precisión Facer declaracións públicas con fluidez e con precisión.
PCTE	Escribir ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.
MED	Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

COMPETENCIAS E CONTIDOS

SOCIOCULTURAIS E	Coñecemento e aplicación de diferentes formatos, rexistros e
-------------------------	--

SOCIOLINGÜÍSTICOS	vocabulario en texto de índole profesional na lingua meta. Coñecemento das diferencias de uso dos diferentes tipos textuais na lingua nai e lingua meta.
ESTRATÉXICOS	Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios. Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.
FUNCIONAIS	Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar una instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, prohibir, recomendar.
DISCURSIVOS	Conferencias, presentacións, declaracións públicas específicas e detalladas.
SINTÁCTICOS	Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
LÉXICOS	Ciencia e tecnoloxía: avances tecnolóxicos, sociedades científicas... Educación e actividades académicas.
FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTO TIPOGRÁFICO	Acento primario e secundario.

ACTIVIDADES

Lectura e comprensión de textos sobre o uso das tecnoloxías e sobre situacións da vida persoal e familiar.
Escoita e comprensión dun monólogo ou conversa sobre tecnoloxías e o uso que se fai delas no día a día.
Monólogo ou conversa sobre situacións que provocan estrés e sobre as adiccións ás novas tecnoloxías.
Actividade de gramática sobre a forma e o uso das oracións condicionais.
Exercicio de vocabulario de adxectivos seguidos de preposicións e de adxectivos compostos (*compound adjectives*).
Redacción dun *balanced essay* sobre o uso das tecnoloxías.

AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
CTO Recoñece expresións feitas, apreciando matices de significado, aínda que poida necesitar una repetición. Distingue os diferentes acentos nun rexistro estándar.	CTO É quen de recoñecer expresións feitas, apreciando matices de significado, aínda que poida necesitar una repetición. Distinguir diferentes acentos nun rexistro estándar.
PCTO Exprésase cun nivel elevado corrección; os erros son illados.	PCTO É quen de expresarse con razoable corrección; os erros son illados.
CTE Comprende as intención comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.	CTE É quen de comprender as intención comunicativas expresadas mediante convencións ortotipográficas.
PCTE Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e	PCTE É quen de utilizar estruturas sintácticas de forma eficaz, precisa e correcta.

mantén un alto grao de corrección.	
MEDIACIÓN Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos receptores.	MEDIACIÓN É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría de puntos relevantes dos textos fonte, e selecciona detalles que considera importantes para os receptores.

UNIDADE DIDÁCTICA 7: ART AND CULTURE

Nivel C1.1	Temporalización -4 sesións de 120 minutos
Recursos didácticos - Libro de texto <i>English File C1.1 Student's Book and Workbook (4th Edition)</i> , fotocopias e recursos dixitais	Modalidade de traballo - Individual, parellas e grupos.

OBXECTIVOS

CTO	Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.
CTE	Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades do/a receptor/a.
PCTO	Ser capaz falar de permiso, obrigaón y necesidade, e de expresar unha percepción ou sensación. Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe identificar as posturas e desenvolver argumentos.
PCTE	Escribir correspondencia personal en calquera soporte.
MED	Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

COMPETENCIAS E CONTIDOS

SOCIOCULTURAI E SOCIOLINGÜÍSTICOS	Diferenzas culturais entre as manifestacións artísticas das distintas civilizacións e países. Diferenzas culturais entre as formas de entretemento dos distintos países e distintas xeracións.
ESTRATÉXICOS	Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
FUNCIONAIS	Falar de permiso, obrigaón e necesidade. Dar instrucións, dar ou negar permiso. Expressar unha percepción ou sensación.
DISCURSIVOS	Audiovisuais. Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo. Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos.
SINTÁCTICOS	Modais de permiso, obrigaón e necesidade.
LÉXICOS	Formación de palabras por prefixación. Cultura e actividades artísticas. Idioms sobre cores.

FONÉTICO-FONOLÓXICO ORTOTIPOGRÁFICO	Patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas.
ACTIVIDADES	
En todos os cursos e niveis, levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel C2, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado ten realmente o nivel.

Avaliación formativa

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso. A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas. Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

Avaliación de promoción (ou sumativa)

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

Avaliación certificadora

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

Autoavaliación

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos.

No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe.

No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas.

Para levar a cabo esta avaliación, teranse en conta os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.
- A aprendizaxe lograda polo alumnado.
- As medidas de individualización do ensino.
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...).
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...).
- A coordinación co resto do profesorado.

Avaliación porcentual

Nos niveis non certificativos, se valorará positivamente a participación do alumnado na aula e o seu rendemento. Dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

Ao longo do curso haberá 2 probas:

- **Proba parcial de progreso (PPP):** Ao remate do primeiro cuadrimestre (xaneiro-febreiro), cun carácter orientativo, xa que non conta para a nota final.

- **Proba final:**

- **Proba final de promoción (PFP):** Nos cursos **non certificativos** (non terminais de nivel: B2.1 e C1.1), o alumnado realizará unha proba final elaborada polo departamento.

- **Proba final de certificación (PFC):** Nos cursos **certificativos** (terminais de nivel: B2.2, C1.2 e C2), o alumnado fará unha proba común para todas as EEOOII de Galicia, fixada pola Dirección Xeral de Cultura, FP e Innovación Educativa. A proba final terá un valor do 100% da cualificación, tanto nos cursos de promoción como nos terminais de nivel.

O alumnado oficial presencial e semipresencial terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria, na que só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado da modalidade libre non ten convocatoria extraordinaria.

Cualificación das probas

O valor total das probas é de 125 puntos (25 para cada unha das actividades de lingua: comprensión escrita, produción e interacción escrita, comprensión oral, produción e interacción oral e mediación). Para pasar ao nivel seguinte, cómpre ter un mínimo de 12,5 puntos en cada unha das destrezas e 81,25 puntos en total.

Na proba parcial de progreso, a cualificación final será APTO ou NON APTO e aparecerá a nota numérica de 5 a 10 sen decimais. A cualificación de NON PRESENTADO só pode aparecer na convocatoria extraordinaria.

No caso da proba terminal de certificación, a cualificación será de APTO ou NON APTO, sen especificar a nota.

Proba	PPP	PFP (niveis certificativos)	non	PFC (niveis certificativos)
Valores partes	25	25		25
Valor total	125	125		125
Valor porcentual	0%	100%		100%
APTO	12,5 en cada parte, cun total de 81,25 como mínimo			
Cualificación	APTO(Nota)		APTO(sen nota)	
	NON APTO		NON APTO	
	NP(Extraordinaria)		NP(Extraordinaria)	

7. RECURSOS DIDÁCTICOS

Material gráfico de audio e vídeo adicional, fotocopias de actividades de elaboración propia ou recursos da internet, material extra de consulta (gramáticas, libros de texto doutras editoriais, aula virtual).

6.2- NIVEL AVANZADO C2 SEMIPRESENCIAL

1. DESCRICIÓN XERAL DO NIVEL C2

O nivel C2, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (CEFR), defínese como "Nivel de Mesturía Absoluta". Neste nivel, o aprendiz é capaz de comprender, falar e escribir na lingua con unha mesturía absoluta, sendo quen de manexar a lingua con fluidez e precisión mesmo en contextos moi complexos e sutís. O usuario de C2 é capaz de comprender sen dificultade calquera tipo de texto ou discurso, expresarse con gran naturalidade e transmitir matices de significado con precisión. Este nivel representa un alto grao de competencia lingüística e cultural na lingua obxectivo.

2. OBXECTIVOS XERAIS

O alumnado que supere o nivel avanzado C2 poderá comunicarse sen esforzo aparente, con precisión e corrección, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional; comprenderá practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, independentemente da súa extensión, velocidade, complexidade, temática ou tipoloxía e será quen de recoñecer os sentidos implícitos. Ademais, será capaz de empregar axeitadamente os mecanismos de organización e cohesión textual e elixirá o léxico e as expresións apropiadas ao nivel, ao rexistro e á finalidade de cada discurso. Así mesmo, transmitirá ideas de forma oral ou escrita con naturalidade, soltura e fluidez.

O alumnado que acade este nivel disporá dun amplo coñecemento da lingua e dun repertorio extenso de expresións idiomáticas e coloquiais que lle permitan apreciar, sintetizar, expresar e trasladar matices sutís de carácter semántico, lingüístico ou pragmático.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.
- Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo algún descoido ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.
- Comprender, apreciar e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, practicamente calquera texto extenso e complexo, tanto literarios como técnicos - nos que se empreguen xogos de palabras, coloquialismos, expresións idiomáticas e outras variantes lingüísticas que poidan conter xuízos de valor ou nos que parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua- apreciando distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida presentar algún descoido de carácter tipográfico- sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como trasladar en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para trasladar con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

3.1- Actividades de comprensión de textos orais.

- Comprender, independentemente da canle, instrucións detalladas e practicamente calquera tipo de información específica en declaracións e anuncios públicos, aínda que a calidade do son non sexa óptima.
- Comprender información técnica complexa (instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de produtos, servizos ou procedementos).
- Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico.
- Comprender interaccións complexas, detalles de conversacións ou debates animados entre terceiras persoas sobre temas complexos.
- Comprender conversacións, discusións e debates extensos nos que se participa, aínda que estes non estean claramente estruturados.
- Comprender películas, obras de teatro ou outros espectáculos e programas de televisión ou radio que conteñan linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas e apreciar implicacións de tipo sociocultural.

3.2- Actividades de produción e coprodución de textos orais.

- Facer declaracións públicas con fluidez e flexibilidade usando a entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.
- Realizar presentacións extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas complexos de ámbito público ou profesional, adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades e intereses dos e das oíntes.

- Pronunciar relatorios sobre temas e asuntos académicos complexos ante un público que non coñece o tema, adaptándose ao auditorio e respondendo ás preguntas ou intervencións que se formulen.
- Participar con soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou entrevistado/a, estruturando o que di, desenvolvéndose con autoridade e con fluidez, mostrando dominio da situación así como capacidade de reacción e improvisación.
- Realizar e xestionar con eficacia operacións e transaccións complexas ante institucións públicas ou privadas de calquera índole, e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, unha solución aos conflitos que puidesen xurdir.
- Conversar en situacións da vida social e persoal, dominando unha ampla gama de rexistros e un uso apropiado da ironía.
- Participar con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, utilizar argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

3.3- Actividades de comprensión de textos escritos.

- Comprender practicamente calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/ha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo pormenores.
- Comprender as implicacións da información contida en instrucións, normativas, ordenamentos, contratos ou outros textos legais complexos relativos ao mundo profesional ou académico en xeral e ao propio campo de especialización en particular.
- Comprender textos produto da actividade profesional ou académica, p.ex. actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación, ou documentos de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.

- Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional; identificar actitudes e opinións implícitas e apreciar as relacións, alusións e implicacións de tipo sociopolítico, socioeconómico ou sociocultural.
- Comprender e interpretar de maneira crítica a información contida en material bibliográfico especializado de carácter académico ou profesional, en calquera soporte.
- Comprender publicacións periódicas de carácter xeral ou especializado dentro da propia área profesional, académica ou de interese.
- Comprender as ideas e posturas expresadas en editoriais, recensións e críticas, así como noutros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado e en calquera soporte.
- Comprender correspondencia persoal e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas implícitas dos/as remitentes.

3.4- Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

- Tomar notas e apuntamentos mentres se participa en reunións, seminarios, cursos ou conferencias, recollendo as palabras ou expresións clave empregadas polas persoas interlocutoras.
- Negociar textos de acordos, resolucións, contratos ou comunicados, modificar e corrixir borradores.
- Escribir recensións, informes ou artigos complexos que presentan unha argumentación ou unha apreciación crítica sobre textos técnicos de índole académica ou profesional, sobre obras literarias ou artísticas, sobre proxectos de investigación ou sobre outras recensións e artigos (temáticos) escritos por terceiros.
- Escribir informes, artigos, ensaios, traballos de investigación e outros textos complexos de carácter académico ou profesional nos que se presenta o

contexto, o trans fondo teórico e a literatura precedente e onde se presentan as propias conclusións de maneira adecuada e convincente.

- Escribir, independentemente do soporte, correspondencia complexa, formal ou persoal, clara, correcta e ben estruturada, xa sexa para solicitar algo, demandar ou ofrecer os seus servizos a clientes/as, superiores ou autoridades, adoptando as convencións de formato e estilo que requiran as circunstancias.

3.5- Actividades de mediación.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito practicamente calquera tipo de texto.

- Recoñecer significados implícitos complexos, en textos orais ou escritos, e apreciar diferenzas de estilo no léxico, na pronuncia ou na escritura, p.ex. variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado.

- Adaptar de maneira natural o formato, o contido, o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a, e mostrar unha riqueza na expresión que permita transmitir matices de significado.

4. METODOLOXÍA

Estes cursos combinan o ensino presencial (2 horas semanais) coa aprendizaxe autónoma a través da aula virtual Moodle (2 horas semanais).

O traballo na plataforma Moodle está titorizado polo profesorado que imparte o curso.

Na aula virtual, o alumnado ten acceso a todas as actividades de comprensión, produción, coprodución e mediación orais e escritas, así como a outras enfocadas á revisión de aspectos léxicos, gramaticais ou textuais.

A sesión presencial do curso está enfocada á práctica das actividades orais, mentres que as actividades escritas serán traballadas de xeito autónomo e, posteriormente, corrixidas polo profesorado.

Como os contidos do curso están dispoñibles na aula virtual, polo que non se precisa libro de texto. Por esta razón, o alumnado debe dispoñer dun ordenador con conexión a internet e coñecementos básicos de informática a nivel usuario para o seguimento da parte virtual do curso. Ademais, o alumnado debe ser quen de autoxestionar o seu tempo de estudo para poder seguir o ritmo do curso.

5. TEMPORALIZACIÓN

Aínda que esta modalidade de ensino combinado baséase, en boa medida, na liberdade que ten o alumno para organizar o seu propio estudo, é recomendable seguir o tempo proposto, dado que a aprendizaxe de idiomas é un proceso cíclico (as competencias e contidos son revisados e reutilizados continuamente) e acumulativo (a aprendizaxe parte do que xa se sabe).

1. Unidade 1 Learning the Ropes
2. Unidade 2 Back to the Future
3. Unidade 3 From Veganuary to Drymember
4. Unidade 4 Culture Vultures
5. Unidade 5 Money's Too Tight (to mention)
6. Unidade 6 Far and Beyond
7. Unidade 7 The Media
8. Unidade 8 Stay Strong
9. Unidade 9 Renewable Revolution
10. Unidade 10 Red Handed

UNIDADE 1: Learning the Ropes

Obxectivos específicos

- Falar sobre o mundo do traballo e a educación
- Debatir e expresar opinións sobre diversas metodoloxías educativas
- Presentar
- Escribir

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I-Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Diferencias e semellanzas socioculturais que existen no eido familiar en diferentes países. <p>II-Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Reflexionar sobre estratexias que facilitan ou impiden a aprendizaxe. 	<p><u>Learning about it</u> Comprensión de textos escritos e vocabulario</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Birth order: trap or theory?</i> ● <i>A typical family, or is it?</i> <p>Comprensión de textos orais e gramática</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>The science of character</i> ● <i>How language learning determines your</i> 	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u> - Comprende ideas e conceptos concretos nun texto oral extraído dun trailer e monólogos falados. - Comprende descrições detalladas sobre carácter.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u> -Inicia, mantén e remata conversacións sobre carácter e familia, expresando e xustificando as súas opinións e</p>	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais-</u> Comprender ideas e conceptos nun texto oral extraído dun trailer e monólogos falados</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais.</u> -Iniciar, manter e rematar conversacións sobre carácter e familia, expresando e</p>

<ul style="list-style-type: none"> ● Crear unha proposta de actividades que fomenten a aprendizaxe efectiva da lingua. ● Examinar o proceso de producir un texto e recoñecer a variedade e características xerais de distintas tipoloxías textuais. <p>III-Funcionais</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Expresar a opinión. ● Reaccionar e responder a información e opinións. <p>IV-Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Estructurar un texto oral e un texto escrito. <p>V-Sintácticos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A oración de relativo. <p>VI-Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Léxico relacionado coa familia e as relacións familiares. ● Expresións idiomáticas. ● Léxico para describir o 	<p><i>personality.</i></p> <p>Pronuncia e produción de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Os sons e grafías da lingua inglesa. <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Considerations and strategies for writing.</i> ● <i>How to write a blog post.</i> <p><u>Communicating and sharing</u></p> <p>Mediación e/ou co-produción de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>What's typical?</i> ● <i>Nature or nurture?</i> ● <i>Forum: How learning languages shapes the way you are.</i> ● <i>A collaborative online quiz: I like people who...</i> <p><u>Making progress</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Collaborative glossary.</i> 	<p>respectando as quendas de palabras.</p> <p>-Elabora unha descrición detallada sobre carácter e da súa opinión sobre o debate <i>nature vs nurture</i> e xustifica os seus argumentos de forma coherente e cohesionada.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Recoñece e comprende diferentes atitudes e sentimentos dos narradores sobre un tema (ironía, desaprobación, etc).</p> <p>-Identifica o contexto xeral dun texto.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Produce textos coherentes e cohesionados detallados sobre un tema de actualidade.</p> <p>-Inicia e mantén comunicación escrita sobre relacións familiares e os cambios do concepto de familia, expresando e xustificando as súas opinións de forma precisa.</p>	<p>xustificando as súas opinións.</p> <p>-Elaborar un audio sobre carácter, dar a súa opinión sobre o debate <i>nature vs nurture</i> e xustifica os seus argumentos.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Recoñecer e comprender diferentes atitudes e sentimentos dos narradores sobre un tema (ironía, desaprobación, etc)</p> <p>-Identificar o contexto xeral dun texto.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Producir un artigo de blogue coherente sobre un tema de actualidade.</p> <p>-Iniciar e manter a comunicación escrita sobre relacións familiares e os cambios do concepto de familia, expresando e xustificando as súas</p>
---	---	--	---

<p>carácter.</p> <p>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Os sons da lingua inglesa e a súa ortografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Post a description of yourself.</i> ● <i>30 Day Challenge infographic.</i> ● Un artigo de blogue. <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>For further practice</i> ● <i>Check your progress</i> 	<p>-Inicia e mantén comunicación escrita sobre o impacto da aprendizaxe de linguas no carácter dun.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>-Selecciona e explica información relevante dun gráfico.</p> <p>-Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>	<p>opinións.</p> <p>-Iniciar e manter a comunicación escrita sobre o impacto da aprendizaxe de linguas no carácter dun.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>Seleccionar e explicar información relevante dun gráfico.</p> <p>Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á situación.</p>
<p>Recursos</p>			
<p>Material didáctico dispoñible no módulo 1 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.</p>			
<p>Temporalización</p>			
<p>3 semanas</p>			

<p>UNIDADE 2: Back to the Future</p>
<p>Obxectivos específicos</p>
<ul style="list-style-type: none"> ● Falar sobre prediccións futuras

- Debatir e expresar opinións sobre
- Presentar
- Escribir

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I-Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Diferencias e semellanzas socioculturais que existen no eido educativo en diferentes países. <p>II-Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos. ● Reflexionar sobre o proceso de escribir un texto formal. ● Deducir o significado dunha expresión idiomática ou palabra polo contexto. 	<p><u>Learning about it</u> Comprensión de textos escritos e vocabulario:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Vocabulary and idioms related to ageing and education</i> ● <i>Early study abroad students in young adulthood</i> ● <i>Adolescent Angst and Rites of Passage</i> <p>Comprensión de textos orais e gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>What every students should know about university</i> ● <i>57 years apart</i> ● <i>Famous conditional</i> 	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u> -Comprende ideas e conceptos concretos dun video sobre a validez da educación universitaria. -Comprende en detalle diferentes posturas nun video sobre distintas etapas da vida.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u> -Inicia, mantén e remata conversacións sobre a educación e as etapas vitais, expresando e xustificando as súas opinións e respectando as quendas de palabras. -Produce textos orais complexos sobre a educación organizando o seu discurso con coherencia e marcadores de cohesión</p>	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u> -Comprender ideas e conceptos dun video sobre a validez da educación universitaria -Comprender as dúas posturas xerais nun video sobre distintas etapas da vida.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u> -Iniciar, manter e rematar conversacións sobre a educación e as etapas vitais, expresando as súas</p>

<ul style="list-style-type: none"> ● Elaborar hipótesis sobre situacións do pasado. <p>III-Funcionais</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Producir un texto formal a partires dun modelo ● Describir distintas posturas de textos escritos e orais. ● Expresar a súa opinión sobre temas de interese (educación e paso do tempo) ● Especular sobre o presente e o pasado. <p>IV-Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Empregar adecuadamente diversas fórmulas para especular e expresar hipótese. ● Estruturar o discurso oral e escrito especialmente mediante conectores e expresións da lingua formal. <p>V-Sintácticos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A oración condicional nas 	<p><i>quotes</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Two views of university</i> <p>Pronuncia e produción de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Syllabic consonants</i> ● <i>Connectors</i> ● <i>Education nowadays summaries</i> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Content of a formal letter ● How to write a formal letter <p><u>Communicating and sharing</u> Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Is university great?</i> ● <i>Your choice forum</i> ● <i>Having children</i> ● <i>Attitudes to ageing</i> <p><u>Making progress</u></p>	<p>adecuados.</p> <p>-Relata a súa experiencia educativa pasada con detalle cunha variedade de mecanismos discursivos</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Comprende con detalle descripciones sobre a adquisición de linguas</p> <p>- Comprende os matices dun texto especializado sobre as etapas da adolescencia.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Produce textos coherentes, cohesionados e detallados sobre un tema de actualidade.</p> <p>-Inicia e mantén comunicación escrita solicitando información específica sobre un tema de interese, expresando e xustificando os seus argumentos de forma precisa.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>-Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado ca educación e as etapas vitais.</p>	<p>opinións.</p> <p>-Producir textos orais sobre a educación organizando o seu discurso con marcadores de cohesión.</p> <p>-Relatar a súa experiencia educativa pasada.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>-Comprender descripciones sobre a adquisición de linguas</p> <p>-Comprender un texto especializado sobre as etapas da adolescencia.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>-Producir textos sobre un tema de actualidade.</p> <p>-Iniciar e manter comunicación escrita solicitando información específica sobre un tema de interese.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>-Resumir e sintetizar as</p>
---	---	--	---

<p>súas variantes</p> <p>VI-Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Léxico relacionado coa educación e etapas da vida. ● Expresións idiomáticas. ● Léxico para describir a idade. <p>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A pronuncia de consonantes silábicas, especialmente en inglés americano. 	<p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Glossary: vocabulary related to ageing</i> ● <i>Age problems</i> ● <i>Reggio Emilia education</i> ● <i>Writing a formal letter: closer to your university dream</i> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>For further practice</i> ● <i>Check your progress</i> 	<p>-Adapta a súa produción a un contexto formal e ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>	<p>ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado ca educación e as etapas vitais.</p> <p>-Adaptar a súa produción a un contexto formal e ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>
<p>Recursos</p>			
<p>Material didáctico dispoñible no módulo 2 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.</p>			
<p>Temporalización</p>			
<p>3 semanas</p>			

UNIDADE 3: From Veganuary to Drymember

Obxectivos específicos

- Producir resúmenes de películas e libros
- Falar de hábitos de lectura
- Escribir un haiku
- Debatir e expresar opinións sobre películas ou eventos históricos e series de televisión

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I-Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Diferenzas culturais entre as series de televisión de distintos países e distintas xeracións. ● Diferenzas culturais entre os libros e películas históricas de distintos países. <p>II-Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Autoavaliar as producións propias 	<p><u>Learning about it</u> Comprensión de textos escritos e vocabulario:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Film reviews: World Trade Center/JFK/Schindler's List</i> ● <i>The Golden Age of TV</i> ● Vocabulario para describir libros. <p>Comprensión de textos orais e gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>An interview with a book lover</i> ● <i>Word formation</i> 	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u> - Comprende descrições sobre hábitos de lectura.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u> -Describe os seus hábitos de lectura correctamente, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso. -Produce descrições detalladas de series de televisión correctamente organizando con coherencia e cohesión o seu discurso.</p> <p><u>Actividades de comprensión</u></p>	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u> - Comprender descrições sobre hábitos de lectura.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u> -Describir hábitos de lectura. -Producir descrições de series de televisión.</p>

<p>seguindo unha rúbrica.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos. <p>III-Funcionais</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Producir un haiku. ● Pescibir os hábitos de lectura de cada un ● Producir descrições detalladas de series de televisión. ● Expresar opinión personal sobre películas e sucesos históricos. ● Describir o argumento dunha película histórica ou libro. <p>IV-Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Estruturar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores, ● Empregar 	<p>Pronuncia e produción de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Word stress: change the stress, change the meaning</i> ● <i>Hesitation devices</i> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Creative writing: haikus</i> ● <i>Write a film or a book review</i> <p><u>Communicating and sharing</u> Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Creative writing: haikus</i> ● <i>Guessing historical films</i> ● <i>An important historical event</i> ● <i>My favourite TV series</i> <p><u>Making progress</u> Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Collaborative glossary related to books, films and TV series</i> ● <i>A questionnaire about your reading habits</i> ● <i>Writing a film or a book</i> 	<p><u>de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende descrições de películas históricas. -Comprende un texto sobre a historia das series de televisión. <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Inicia e mantén conversacións sobre películas históricas e sucesos históricos, expresando e xustificando as súas opinións. - Crea un haiku seguindo as especificacións ao respecto. -Describir o argumento dun libro ou película histórica, utilizando o vocabulario específico para describir películas e libros correctamente e organizando con coherencia e cohesión o seu discurso. <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado cos libros, as películas históricas, as series 	<p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender descrições de películas históricas. - Comprender un texto sobre a historia das series de televisión. <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Manter conversacións sobre películas históricas e sucesos históricos, expresando e xustificando as súas opinións. -Crear un haiku. -Describir o argumento dun libro ou película histórica, utilizando o vocabulario específico para describir películas e libros. <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Resumir as ideas principais de artigos ou material audiovisual
---	---	--	--

<p>adecuadamente expresións de opinión persoal.</p> <p>V-Sintácticos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A formación da palabra (<i>Word Formation</i>). <p>VI-Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Vocabulario relacionado coa descrición de libros . ● Vocabulario relacionado coas películas, series de televisión e haikus. ● Frases idiomáticas. <p>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Palabras con dobre acento. ● Diferentes xeitos de expresar a duda ao falar en inglés. 	<p><i>review</i></p> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>For further practice</i> ● <i>Check your progress</i> 	<p>de televisión e os haikus.</p> <p>- Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</p>	<p>relacionado cos libros, as películas históricas, as series de televisión e os haikus.</p> <p>- Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á situación.</p>
<p>Recursos</p>			
<p>Material didáctico dispoñible no módulo 3 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet,</p>			

fotocopias e outros recursos educativos.

Temporalización

3 semanas.

UNIDADE 4: Culture Vultures

Obxectivos específicos

- Participar en discusións animadas sobre diferentes maneiras de viaxar.
- Producir descrições detalladas e vivaces de destinos turísticos.
- Relatar experiencias de viaxes fallidas no pasado.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
I-Socioculturais e sociolingüísticos <ul style="list-style-type: none">● Diferenzas culturais entre os diferentes países que se atopan cando se viaxa II-Estratéxicos <ul style="list-style-type: none">● Autoavaliar as producións propias seguindo unha rúbrica	<u>Learning about it</u> Comprensión de textos escritos e vocabulario: <ul style="list-style-type: none">● <i>Reasons to visit Durham</i>● <i>Vocabulary and idioms related to travel</i> Comprensión de textos orais e gramática:	<u>Actividades de comprensión de textos orais</u> - Comprende descrições de destinos turísticos e narracións sobre viaxes en distintos rexistros. - Comprende feitos e opinións sobre temas relacionados co turismo.	O alumnado é quen de: <u>Actividades de comprensión de textos orais</u> - Comprender descrições de destinos turísticos e narracións sobre viaxes. - Comprender feitos e

<ul style="list-style-type: none"> ● Co-avaliar as producións doutros estudantes seguindo unha rúbrica ● Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos <p>III-Funcionais</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Narrar eventos acontecidos no pasado ● describir un lugar ● Expresar opinión personal sobre temas relacionados co turismo e as viaxes <p>IV-Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Estruturar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores, especialmente as expresións adverbiais de tempo ● Empregar adecuadamente expresións de opinión persoal <p>V-Sintácticos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Revisión de tempos verbais 	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Misadventures in Morocco</i> ● <i>Narrative tenses</i> <p>Pronuncia e produción de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>-ed ending and exceptions</i> ● <i>How to tell a story</i> ● <i>Adverbial expressions of time</i> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>How to write a description of a place</i> ● <i>Participle clauses</i> <p><u>Communicating and sharing</u> Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Solo travelling: Is it on your travel bucket list?</i> ● <i>Hotel vs Airbnb: Which option is best for you?</i> ● <i>Voluntourism: Do</i> 	<p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións e respectando as quendas de palabras. - Produce descricións detalladas e vivaces de destinos turísticos. - Relata experiencias de viaxes fallidas no pasado, expresando correctamente as relacións temporales, de maneira coherente e cohesionada. <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende descricións de destinos turísticos e narracións sobre viaxes en distintos rexistros. - Comprende feitos e opinións sobre temas relacionados co turismo. <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Inicia, mantén e remata 	<p>opinións sobre temas relacionados co turismo.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Manter conversacións sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións. - Producir descricións detalladas de destinos turísticos. - Relatar experiencias de viaxes fallidas no pasado, expresando as relacións temporales. <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender descricións de destinos turísticos e narracións sobre viaxes. - Comprender feitos e
--	---	---	--

<p>narrativos: past simple, past continuous, past perfect, past perfect continuous</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Oracións de participio en voz activa e pasiva <p>VI-Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Vocabulario relacionado coas viaxes ● Vocabulario relacionado co turismo ● frases idiomáticas <p>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Pronuncia da terminación -ed dos tempos pasados e participios, incluíndo as excepcións máis frecuentes 	<p><i>western do-gooders actually do harm?</i></p> <p><u>Making progress</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Collaborative glossary</i> ● <i>Creating a collaborative presentation</i> ● <i>Storytelling: disaster travel stories</i> ● <i>Writing workshop: a memorable long-haul train journey</i> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>For further practice</i> ● <i>Check your progress</i> 	<p>conversacións animadas sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produce descrições coherentes e cohesionadas detalladas e vivaces de destinos turísticos. - Relata experiencias de viaxes realizadas no pasado, expresando correctamente as relacións temporales, de maneira coherente e cohesionada. <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado co turismo e as viaxes. - Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación. 	<p>opinións sobre temas relacionados co turismo.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Manter conversacións sobre diferentes maneiras de viaxar, expresando e xustificando as súas opinións. - Producir descrições coherentes e cohesionadas detalladas e vivaces de destinos turísticos. - Relatar experiencias de viaxes realizadas no pasado, expresando correctamente as relacións temporales. <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Resumir as ideas principais de artigos ou material audiovisual
--	--	---	--

			relacionado co turismo e as viaxes. - Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á situación.
Recursos			
Material didáctico dispoñible no módulo 4 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
Temporalización			
3 semanas			

UNIDADE 5: Money's Too Tight (to Mention)			
Obxectivos específicos:			
<ul style="list-style-type: none"> ● Ser quen de expresar descontento a través dunha carta de queixa. ● Presentar un tema relacionado coa saúde do noso interese con seguridade e fluidez. ● Falar sobre saúde e nutrición cos compañeiros dunha maneira informada e concisa. 			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles

<p>I-Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Diferencias entre os sistemas sanitarios de diversos países do mundo <p>II-Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Aplicación de claves contextuais e discursivas para inferir e sinalar a actitude, intención e organización do discurso propio e alleo. ● Aplicación de estratexias eficaces para producir un texto de queixa. <p>III-Funcionais</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Contrastar eventos e situacións empregando verbos modais. ● Expresar opinión persoal sobre saúde, nutrición e estilos de vida ● Describir sistemas 	<p><u>Learning about it</u> Comprensión de textos escritos e gramática:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Modern health concerns</i> ● <i>The impact of pandemics in the collective ethos</i> ● <i>Grammar in context: modal perfects</i> ● <i>Learning from phrasal verbs</i> <p>Comprensión de textos orais e vocabulario:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Comparing health systems across the world</i> ● <i>Word formation practice</i> ● <i>Tackling food waste</i> <p>Pronuncia e produción de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>The importance of intonation</i> ● <i>Signposting in English</i> 	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende ideas e conceptos concretos dun video sobre o desperdicio de comida e desenvolvemento sostible. -Comprende en detalle diferentes detalles dos sistemas sanitarios internacionais. <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Describe sistemas sanitarios de diversos países, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso. - Discute con precisión a opinión persoal sobre aspectos de estilo de vida como o Happy Planet Index, empregando mecanismos de signposting para elo. <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprende textos longos sobre estilos de vida e saúde, sendo quen de extraer idea 	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Analizar e comentar ideas e conceptos concretos dun video sobre o desperdicio de comida e desenvolvemento sostible. -Desglosar e analizar en detalle diferentes detalles dos sistemas sanitarios internacionais. <p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> -Describir sistemas sanitarios de diversos países, organizando con coherencia e cohesión o seu discurso. - Discutir con precisión a opinión persoal sobre aspectos de estilo de vida como o Happy Planet Index, empregando mecanismos de signposting para elo. <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender textos longos sobre estilos de vida e saúde,
--	---	--	---

O alumnado poderá producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión, traballando diferentes tipos de textos orais: anuncios publicitarios complexos retransmitidos, instrucións e indicacións detalladas, conversas especializadas, reunións de traballo con vocabulario específico, debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos, entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas..., entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo, sondaxes e cuestionarios complexos, audiovisuais, conferencias, presentacións e declaracións públicas

específicas e detalladas, cancións, representacións teatrais, *Podcasts*, *informativos*, clases gravadas, páxinas web gobernamentais

Neste curso de desenvolvemento da competencia comunicativa, traballarase a pronuncia e entoación mediante diferentes actividades orais e traballaranse aspectos como a énfase e os cambios de ton, dependendo da intención comunicativa.

AVALIACIÓN:

Ao inicio do curso levarase a cabo unha avaliación inicial para detectar o nivel e punto de partida do alumnado.

Ao longo do curso o alumnado participará de forma activa en conversas (en parellas ou en grupo) e fará diferentes presentacións individuais e elaborarán traballos e presentacións en pequeno e gran grupo. En tódalas sesións o profesor monitorizará as actividades e proporcionarlle ao alumnado comentarios e valoracións.

Se contempla o aproveitamento do curso en forma de nota final APTO ou NON APTO. Terase en conta a asistencia regular á clase e a participación activa en tódalas actividades propostas.

7. OUTROS CURSOS

7.1 - PREPARATORIO B2

Proporcionar formación práctica para a familiarización coas tarefas nas diferentes actividades de lingua que se avalian nas probas oficiais de certificación de nivel B2.

Desenvolver estratexias e competencias que faciliten a resolución das distintas tarefas que conforman as probas oficiais de certificación de nivel B2.

Familiarizar ao alumnado co sistema e instrumentos de avaliación das probas oficiais de certificación das EOs (sistema de cualificación, grelas de avaliación de expresión oral e escrita,...).

Mellorar a competencia lingüística dos destinatarios do curso nas distintas actividades de lingua en referencia ao nivel B2.

DEFINICIÓN DO NIVEL B2

Segundo o Decreto 81/2018, do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto), as ensinanzas de nivel intermedio B2 teñen por obxecto capacitar o alumnado para vivir de maneira independente en lugares en que se utiliza o idioma; desenvolver relacións persoais e sociais, tanto cara a cara como a distancia a través de medios técnicos, con persoas usuarias doutras linguas; estudar nun ámbito educativo preterciario ou actuar coa debida eficacia nun ámbito ocupacional en situacións que requiran a cooperación e a negociación sobre asuntos de carácter habitual no dito ámbito.

Para iso, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con suficiente fluidez e naturalidade, de modo que a comunicación se realice sen esforzo, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade, para comprender, producir, coproducir e procesar textos orais e escritos sobre aspectos, tanto abstractos como concretos, de temas xerais ou do propio interese ou campo de especialización, nunha variedade de rexistros, estilos e acentos estándar, e cunha linguaxe que conteña estruturas variadas e complexas, e un repertorio léxico que inclúa expresións idiomáticas de uso común, que permitan apreciar e expresar diversos matices de significado.

DURACIÓN DO CURSO: 30h

COMPETENCIAS

Este curso monográfico tomará como referencia as competencias descritas no currículo vixente para as Escolas Oficiais de Idiomas (Decreto 81/2018, do 19 de xullo).

CONTIDOS

Os temas sobre os que se basearán as distintas tarefas que se leven acabo durante o curso forman parte do currículo vixente para as Escolas Oficiais de Idiomas (Decreto 81/2018, do 19 de xullo, anexo I, epígrafes 1.2.6, 2.2.6, 3.2.6, 4.2.6 e 5.2).

Os temas que se abordarán son os seguintes:

LEARNING LANGUAGES

EDUCATION

WORK

HEALTH

SCIENCE AND TECHNOLOGY

THE ENVIRONMENT

TRAVEL AND LEISURE

MONEY

THE ARTS

THE MEDIA

METODOLOXÍA:

Empregarase un enfoque metodolóxico orientado á acción no que se intentará crear contextos de aprendizaxe que axuden aos participantes no curso a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe e que tamén fomenten a autonomía dos mesmos.

O curso basearase no ensino do idioma dende unha perspectiva de uso. Tanto na aula presencial como navirtual levaranse a cabo actividades de comprensión, (co)producción e mediación orais e escritas do nivel B2 que permitan tanto desenvolver a competencia comunicativa do alumnado, como

afondar na práctica específica das tarefas que conforman as probas oficiais de certificación de nivel B2.

AVALIACIÓN

A avaliación formativa terá relevancia durante o desenvolvemento do curso e se levará a cabo de maneira periódica e estará integrada no proceso de aprendizaxe. Polo tanto, durante o curso empregaranse estratexias propias da avaliación formativa que favorezan o progreso e aprendizaxe efectiva dos destinatarios do curso.

7.2 - CALC B2

Os Cursos de Actualización Lingüística do Profesorado (CALC), están orientados ao desenvolvemento das destrezas orais e da competencia comunicativa nunha lingua estranxeira, co fin de que o profesorado participante consiga a capacidade expresiva necesaria para poder impartir as súas aulas baixo estas premisas.

Por este motivo, os CALC están dirixidos, preferentemente, ao profesorado de centros plurilingües e seccións bilingües que debe dar a súa materia en lingua estranxeira, pero pode matricularse calquera profesor que desexe acreditarse para impartir áreas, materias ou módulos non lingüísticos nunha segunda lingua.

Os CALC organízalos a Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, ofértanse a través do CAFI e dos Centros de Formación e Recursos e son impartidos por profesorado das Escolas Oficiais de Idiomas. Estes cursos teñen como obxectivo a preparación do profesorado ao longo de todo o curso para a superación das probas de certificación e no departamento de inglés da EOI de Ribadeo impártese o nivel Intermedio B2. As persoas asistentes non a acreditación de nivel lingüístico xa que para iso deben superar as probas oportunas.

DURACIÓN DO CURSO: 30h

COMPETENCIAS

Este curso monográfico tomará como referencia as competencias descritas no currículo vixente para as Escolas Oficiais de Idiomas (Decreto 81/2018, do 19 de xullo).

OBXECTIVOS

Adquirir as competencias que permitan utilizar o idioma con suficiente fluidez e naturalidade, de modo que a comunicación se realice sen esforzo en situacións cotiás e menos habituais..

Mellorar o nivel de competencia interactiva comprendendo e producindo textos orais e escritos, tanto abstractos como concretos, relacionados con asuntos xerais ou relacionados coa propia especialidade.

Aportar ferramentas de traballo que permita un aprendizaxe autosuficiente do idioma

CONTIDOS

1. Léxico común, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos; tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relación persoais, sociais, académicas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

2. Organización e estruturación do texto oral ou escrito

3. Estruturas sintácticas variadas e complexas

4. Acentuación e entoación

5. Estratexias de mediación

BIBLIOGRAFÍA

GRAMÁTICA ACONSELLADA

- Advanced Grammar in Use. Second Edition, with answers and CD-ROM

(ISBN 052161403 Cambridge University Press

No momento de elaboración desta programación confírmase que este curso non será ofertado na EOI de Ribadeo por motivos alleos ao departamento de inglés.

7.3 - CURSOS MONOGRÁFICOS COMERCIO E HOSTALARÍA

7.3.1 COMERCIO E HOSTALARÍA NIVEL BÁSICO A2

MARCO LEGAL

A Circular 3/2018, no seu artigo 16.2, apartado C, contempla a posibilidade de implantar cursos profesionais e públicos en xeral.

TEMPORALIZACIÓN

O departamento de inglés da Escola Oficial de Idiomas de Ribadeo impartirá o curso monográfico de comercio e hostalaría, Nivel Intermedio B1, cunha duración de 30 horas durante o curso 2023-2024. Dito monográfico desenvolverase ao redor da temática do comercio e da hostalaría en modalidade presencial. O curso será en horario de tarde os luns de 20.00-

22.00 h. Comezará o 11 de setembro e será impartido pola docente Anxo Quelle FRa

OBXECTIVOS

Unha vez rematado o curso, o/a alumno/a obterá as competencias orais, tanto de comprensión como de produción, que lle permitan comunicarse na lingua obxecto con suficiente fluidez, en lingua estándar e utilizando as estruturas e léxico específico relativo ao eido do comercio e a hostalaría. Aínda que o curso estará centrado principalmente nas devanditas competencias orais, trataranse tamén as escritas, especialmente as de coprodución.

Dirixido a:

Ao público en xeral e aos traballadores/as de hostalaría e comercio en particular, en todos os seus departamentos e cuxo traballo requira atención ou servizo ao cliente en contextos comunicativos interactivos onde a lingua obxecto sexa o principal vehículo de comunicación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprender frases e expresións habituais relacionadas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...), sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas no ámbito profesional da súa especialidade, e identificar un cambio de tema.

- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...), articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

- Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Desenvolverse nas situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...) de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.
- Desenvolverse en actividades profesionais e transaccións e xestións, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.
- Pedir e ofrecer un menú nun restaurante, solicitar e ofrecer información detallada sobre un menú e sobre formas de pagamento.
- Participar en xestións habituais en diversas situacións, incluíndo transaccións económicas, utilizando unha linguaxe sinxela.
- Dar información xeral sobre destinos con claridade e fluidez.
- Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.
- Facer presentacións claras e sinxelas, de certa duración, e preparadas previamente.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios.

Actividades de producción e coproducción de textos escritos

- Cubrir impresos e formularios con información básica.
- Escribir un CV.
- Escribir correspondencia formal.

Actividades de mediación

- Interactuar durante intercambios entre interlocutores, no ámbito público (p. ex. En eventos, tendas ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.
- Tomar notas escritas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación estruturada nunha variedade estándar da lingua.

Competencias e contidos

a. Socioculturais e sociolingüísticos

- Teranse en conta as seguintes áreas: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros, institución, costumes e rituais, linguaxe corporal.

b. Estratéxicos

- Relación da información nova con coñecementos previos.

c. Funcionais

- Inicio, xestión en finalización de relación sociais.
- Descrición de lugares, eventos e actividades.
- Intercambio de información relevante.

d. Discursivos

- Anuncios publicitarios.
- Instrucións e indicacións.
- Conversas formais e informais.
- Enquisas.
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...

e. Sintácticos

- Oración simple.
- Correlación temporal nas oracións.
- Uso de conectores propios do nivel.

f. Léxicos

- Identificación persoal (datos persoais)
- Gastronomía (Restauración).
- Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- Compras e actividades comerciais (establecementos, prezos, formas de pagamento...)

g. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- Introducción aos fonemas que presentan maior dificultade.

- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade,alfabetos...).

Criterios de avaliación

- Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.
- Comprende o léxico escrito básico e de uso común.
- Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas.
- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara.
- Dispón dun apropiado léxico sobre o ámbito turístico.
- Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir.
- É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Temario

- Unit 1. Bars and Restaurants - Hotel Food
- Unit 2. Taking Reservations
- Unit 3. Seating Guest - Taking Food Orders
- Unit 4. Describing dishes - Recommending Dishes
- Unit 5. Taking orders: drinks
- Unit 6. Taking orders: main courses /The Kitchen
- Unit 7. Dealing with check-ins and check-outs
- Unit 8. Giving advice and assistance
- Unit 9. Retail conversations
- Unit 10. Money matters

Unit 11. Taking phone calls.

Unit 12. Farewells-customers are leaving

Unit 13. Giving directions: indoors and outside.

Unit 14. Complaints and apologies

Avaliación

Dado que o curso non dispón de probas, realizarase como tarefa final unha actividade de promoción turística en inglés.

7.3.2 COMERCIO E HOSTALARÍA NIVEL INTERMEDIO B1

MARCO LEGAL

A Circular 3/2018, no seu artigo 16.2, apartado C, contempla a posibilidade de implantar cursos profesionais e públicos en xeral.

TEMPORALIZACIÓN

O departamento de inglés da Escola Oficial de Idiomas de Ribadeo impartirá o curso monográfico de comercio e hostalaría, Nivel Intermedio B1, cunha duración de 30 horas durante o curso 2023-2024. Dito monográfico desenvolverase ao redor da temática do comercio e da hostalaría en modalidade presencial. O curso será en horario de tarde os luns de 20.00-

22.00 h. Comezará o 11 de setembro e será impartido pola docente Patricia González Castro.

OBXECTIVOS

Unha vez rematado o curso, o/a alumno/a obterá as competencias orais, tanto de comprensión como de produción, que lle permitan comunicarse na lingua obxecto con suficiente fluidez, en lingua estándar e utilizando as estruturas e léxico específico relativo ao eido do comercio e a hostalaría. Aínda que o curso estará centrado principalmente nas devanditas competencias orais, trataranse tamén as escritas, especialmente as de coprodución.

Dirixido a:

Ao público en xeral e aos traballadores/as de hostalaría e comercio en particular, en todos os seus departamentos e cuxo traballo requira atención ou servizo ao cliente en contextos comunicativos interactivos onde a lingua obxecto sexa o principal vehículo de comunicación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Actividades de comprensión de textos orais

- Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...), incluso nun ambiente con ruído de fondo, expresadas en unha variedade estándar da lingua.
- Comprender información detallada, transmitida vía telefónica, a velocidade normal, nunha variedade estándar da lingua, aínda que haxa interrupcións e con ruído de fondo.

- Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual.
- Comprender as ideas principais dunha conversa ben organizada en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.
- Comprender información detallada, transmitida vía telefónica a velocidade normal, nunha variedade estándar da lingua, aínda que haxa interrupcións e con ruído de fondo.
- Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.
- Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.
- Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será capaz de:

- Saudar e dar a benvinda nun rexistro formal, utilizando as estruturas e léxico axeitados á situación comunicativa e respectando as convencións socioculturais como o tratamento de cortesía nos países de fala inglesa.
- Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.
- Dar información xeral sobre un asunto de saúde.

- Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).
- Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.
- Pedir e ofrecer un menú nun restaurante, solicitar e ofrecer información detallada sobre un menú e sobre formas de pagamento.
- Solicitar información simple relacionada con datos persoais, cuestións administrativas ou académicas.
- Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.
- Dar información precisa sobre destinos con claridade, fluidez e espontaneidade.
- Resolver nunha viaxe as situacións comunicativas previsibles e máis cotiáns (hoteis, transporte...).
- Participar en xestións habituais en diversas situacións, incluíndo transaccións económicas, utilizando
- Pedir e solicitar información e servizos en diferentes lugares públicos.
- Facer presentacións claras e sinxelas, de certa duración, e preparadas previamente.

Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios.

Actividades de producción e coproducción de textos escritos

- Cubrir impresos e formularios con información básica.
- Escribir un CV.
- Escribir correspondencia formal.

Actividades de mediación

- Interactuar durante intercambios entre interlocutores, no ámbito público (p. ex. En eventos, tendas ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.
- Tomar notas escritas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación estruturada nunha variedade estándar da lingua.

Competencias e contidos

a. Socioculturais e sociolingüísticos

- Teranse en conta as seguintes áreas: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros, institución, costumes e rituais, linguaxe corporal.

b. Estratéxicos

- Relación da información nova con coñecementos previos.

c. Funcionais

- Inicio, xestión en finalización de relación sociais.

- Descrición de lugares, eventos e actividades.

- Intercambio de información relevante.

d. Discursivos

- Anuncios publicitarios.

- Instrucións e indicacións.

- Conversas formais e informais.

- Enquisas.

- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...

e. Sintácticos

- Oración simple e subordinada.

- Correlación temporal nas oracións.

- Uso de conectores propios do nivel.

f. Léxicos

- Gastronomía (Restauración).

- Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...

- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...

g. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- Os fonemas que presentan maior dificultade.

- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade,alfabetos...).

Criterios de avaliación

- Selecciona as estratexias máis adecuadas á comprensión do texto.
- Recoñece léxico oral dacordo ao nivel curricular.
- Articula o discurso e os textos dunha maneira clara e coherente..
- Demostra un bo control de estruturas sintácticas.
- Le textos relacionados co mundo do turismo.
- Dispón dun apropiado léxico sobre o ámbito turístico.
- Obtén información relevante para transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.
- Facilita a interacción entre as partes con intervencións adecuadas.

Temario

Unit 1. Receiving clients, welcoming and seating

Unit 2. Presenting information, advising and recommending

Unit 3. Explaining and instructing: explaining dishes and drinks

Unit 4. Taking orders - aperitifs

Unit 5. Taking orders: starters

Unit 6. Taking orders: main courses

Unit 7. Taking orders: desserts

Unit 8. Taking orders: drinks

Unit 9. Money matters

Unit 10. Farewells-customers are leaving

Unit 11. Taking phone calls.

Unit 12. Giving directions: indoors and outside.

Unit 13. Menus, leaflets, letters and faxes

Unit 14. Complaints and apologies

Avaliación

Dado que o curso non dispón de probas, realizarase como tarefa final unha actividade de promoción turística en inglés.

8. METODOLOXÍA

A metodoloxía de cada curso ten como punto de partida cada un dos libros de texto empregados. Estes son manuais actuais, adecuados para o ensino do inglés nas Escolas de Idiomas, dirixidos a un público predominantemente adulto que aprende inglés como lingua estranxeira. Estes métodos axéitanse en gran medida aos obxectivos e contidos marcados polo currículo existente e o Marco de Referencia Europeo para as Linguas. Por outra banda, empregaranse materiais presentes na rede, cos que o alumno poderá exercitarse de xeito autónomo e o profesor complementará aqueles aspectos que atope oportunos, xa que ningún método pode dar resposta a todas as necesidades da aula.

Finalmente, e como acontece normalmente con todos os métodos modernos de aprendizaxe de linguas, o material aparece ligado ao entorno cultural orixinario dos países onde se fala a lingua inglesa. Trátase de adquirir unha lingua para empregala de xeito práctico onde esta é medio de interacción entre as persoas, e non como un cúmulo artificial de regras gramaticais e listaxes de vocabulario.

Ademais do material de audición correspondente ao libro de texto, para favorecer o desenvolvemento da capacidade de comprensión auditiva, farase uso do inglés desde o primeiro curso, e empregarase material audiovisual complementario existente no departamento: CDs, videos, DVDs, podcasts, etc.

A continuación aparecen descritos con maior detalle os **principios metodolóxicos** que usaremos no aula:

Teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.
- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación.
- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua.
- O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
- O fomento de aprendizaxe colaborativo.

O obxectivo principal das aulas será a comunicación, utilizando desde o principio e na medida do posible a lingua estudada como vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado con ela. Por outra banda, o profesorado propondrá actividades de lingua de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas. Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, o profesorado revisará a súa metodoloxía, así como os seus recursos e materiais didácticos para facer da aula un lugar facilitador e motivador. Ao mesmo tempo, o alumnado deberá

implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso.

Este departamento de inglés, seguindo a tendencia comunicativa na metodoloxía para o ensino de linguas extranxeiras, ten en conta tamén os seguintes principios:

- As clases serán principalmente orais e tentarase utilizar o inglés a maioría do tempo, aínda que nos cursos iniciais se fagan algunhas explicacións (sobre todo teóricas) en castelán ou galego.
- Promoverase unha variedade de modelos de interacción no traballo de aula: profesor-grupo clase ('lockstep'), individual, en parellas e en grupo.
- Daranse pautas para a autoaprendizaxe e bibliografía recomendada, para que cada alumno poida mellorar aqueles aspectos da lingua que presenten maior dificultade.
- Tanto o vocabulario como a gramática serán repasados e reutilizados en leccións posteriores á da súa aparición, co obxectivo de afianzar coñecementos e promover a aprendizaxe progresiva e activa da lingua, tentando que o aprendido non sexa esquecido rapidamente e poida servir de base para aprendizaxes posteriores.
- As actividades para desenvolver de xeito autónomo fora do aula serán un recurso de aprendizaxe utilizado para reforzar o traballo feito na escola e favorecer a reflexión sobre os propios erros, promovendo a autocorrección dos mesmos.
- O profesor tentará estimular aos alumnos, atendendo á súa diversidade de estilos de aprendizaxe, intereses, idade, etc.
- As explicacións deberán ser próximas ao alumno e adaptadas para que poidan ser comprendidas sen dificultade.
- Insistirase na funcionalidade comunicativa que teñen as linguas e farase un equilibrado tratamento do erro para evitar que o alumno sexa reacio a expresarse por medo a cometer fallos.

- Promoverase un ambiente cordial e amistoso entre profesores e alumnos, para crear situacións distendidas que permitan o libre desenvolvemento da capacidade comunicativa do alumno.

9. RECURSOS

9.1- Humanos:

Durante o presente curso este departamento didáctico está composto polos profesores que se relacionan a continuación por orde alfabética:

ANXO QUELLE FRA
IAGO BOÁN FRANCIS
PATRICIA GONZÁLEZ CASTRO
RAÚL SANGUIAO PAULO
YOLANDA PLACER LOMBAO

9.2- Físicos:

En total o departamento de inglés fai uso de **catro aulas** do edificio desta escola.

Os profesores do departamento de inglés compartimos **sala de profesores** co resto dos profesores da escola, onde dispoñemos de tres **ordenadores** con conexión a internet.

Dentro do noso horario existen horas para a dedicación a actividades relacionadas coa **biblioteca** do centro. Aínda que é este un espazo onde normalmente realizamos outro tipo de actividades, como conferencias, exposición de fondos da biblioteca en inglés, etc.

Tamén se poderá usar a **sala de alumnos** para diferentes actividades.

O profesorado promoverá o uso da biblioteca, e o fomento da lectura, mediante o instagram da biblioteca e outros recursos dixitais, así como diversas actividades e concursos.

9.3- Materiais:

Corresponderalle ao profesorado seleccionar, de entre os recursos que a continuación se describen, aqueles que se precisen segundo as necesidades do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Libros de texto:

Os elixidos para este curso 2023-24 son:

A1

English File A1 Student's Book and Workbook (FOURTH EDITION)

Oxenden, Clive & Latham-Koenig, Christina. Oxford University Press.

ISBN: 978-0-19-402970-4

A2

Speak Out (2nd edition) Elementary Student's Book with DVD-ROM. F.

Eales & Oakes. Pearson, 2015.

ISBN: 978-1-292-11592-4

Speak Out (2nd Edition) Elementary Workbook with audio (with key).

F.Eales, S.Oakes, L. Harrison. Pearson 2015.

ISBN: 978-1-4479-7676-9

B1

English File A2/B1 Student's Book and Workbook (FOURTH EDITION)

Oxenden, Clive, Seligson, Paul & Latham-Koenig, Christina. Oxford University Press.

ISBN: 978-0-19-403635-1

B2.1

English File B1 Student's Book and Workbook (FOURTH EDITION)

Oxenden, Clive & Latham-Koenig, Christina. Oxford University Press.

ISBN: 978-0-19-403565-1

B2.2

English File Upper-Intermediate Fourth edition (Student's Book + Workbook with Key).

Oxenden, Clive & Latham-Koenig, Christina. Oxford University Press.

ISBN: 978-0-19-405830-8

C1.1

English File Advanced Fourth edition (Student's book + Workbook with key).

Oxeden, Lambert & Latham-Koenig. Oxford University Press.

ISBN: 978-0-19-405818-6

- Libros de gramática, vocabulario e pronunciación recomendados:

Nivel Básico

- **Essential Grammar in Use.** Cambridge University Press
- **English Vocabulary in Use (Elementary).** Cambridge University Press.
- **Collins Dictionary** (Español-Inglés, Inglés-Español).
- **Oxford Dictionary** (Español-Inglés, Inglés-Español). O.U.P.

Nivel Intermedio

- **English Vocabulary in Use (Pre-Intermediate & Intermediate).** Cambridge University Press.
- **How English Works.** M. Swan y C. Walter. O.U.P.
- **Intermediate Language Practice.** M. Vince. Heinemann.
- **Cambridge Klett Compact** (Español-Inglés, Inglés-Español). Cambridge University Press.
- **Oxford Advanced Learner's Dictionary.** O.U.P.
- **Longman Dictionary of Contemporary English.** Longman.

- ***English Vocabulary in Use (Upper-Intermediate)***. Cambridge University Press.
- ***Making Sense of Phrasal Verbs***. M. Shovel. Prentice Hall.
- ***How English Works***. M. Swan y C. Walter. O.U.P.
- ***Practical English Usage***. M. Swan. Ed. O.U.P.
- ***Collins Cobuild Dictionary of Phrasal Verbs***. Collins.
- ***Oxford Collocations Dictionary***. OUP
- ***Collins Cobuild English Dictionary***. Collins.
- ***Oxford Advanced Learner's Dictionary***. O.U.P.
- ***Oxford Dictionary (Español-Inglés, Inglés-Español)***. O.U.P.
- ***Diccionario Completo (Galego-Inglés)*** de Ed. Cardeñoso

Nivel Avanzado

- ***English Vocabulary In Use (Advanced)***. Michael McCarthy & Felicity O'Dell. Cambridge University Press: 2002.
- ***English Collocations In Use***. Michael McCarthy & Felicity O'Dell. Cambridge University Press: 2005.
- ***Advanced Grammar In Use***. Martín Hewings. (Cambridge University Press)
- ***Advanced Language Practice with key***. Michael Vince. Macmillan: 2003.
- ***MyGrammarLab, Advanced C1/C2***. Mark Foley & Diane Hall. Pearson Education Limited: 2012.
- ***Longman Pronunciation Dictionary***. J.C. Wells. Longman.
- ***Oxford Collocations Dictionary***. Oxford University Press.

- ***The New Oxford Thesaurus of English***. Oxford University Press.
 - ***Oxford Advanced Learner's Dictionary***. Oxford University
- **Paneis dixitais** (en todas as aulas), libros dixitais, as contornas e comunidades virtuais, fragmentos de series/películas e música como material auténtico.
 - **Material de consulta ou de lectura, audiovisuais e outros**.
 - **Materiais creados polo profesorado do departamento**.
 - **Subscricións á revistas**.
 - **Outros materiais** existentes no centro á disposición do alumnado (na biblioteca) e do profesorado.
 - **Recursos, repositorios e ferramentas en liña**

Se normalmente xa se viñan utilizando na escola, neste curso e no contexto da crise sanitaria, estes elementos serán vitais para afrontar os posibles cambios de escenario dende unha ensinanza 100% presencial a unha parcial ou totalmente virtual, se fora o caso.

Con este fin, seguiremos a facer uso da aula virtual como complemento do traballo na aula ou, chegado o caso, base do traballo co alumnado nun posible escenario de ensinanza virtual.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É un principio que debe rexer todo o ensino para lle proporcionar ao alumnado unha educación adecuada ás súas características, necesidades, capacidades,

motivacións e estilos de aprendizaxe. Procuraremos, na medida en que o permitan os nosos recursos, medidas flexibles que se adecúen ás diferenzas individuais na aprendizaxe.

No ámbito educativo, a diversidade maniféstase en función de factores sociais, culturais, xeográficos, económicos, étnicos, relixiosos... e, principalmente, nas propias capacidades da persoa, como poden ser as intelectuais, motrices ou sensoriais.

Unha educación para a diversidade é o xeito correcto de planificar e desenvolver a aprendizaxe de idiomas, de ensinar e de aprender, atendendo ás esixencias da actual sociedade para acabar coa marxinação.

Xa que logo programaremos atendendo á diversidade:

Contidos. Deberanse planificar actividades e materiais didácticos diferenciados, graduar a dificultade das actividades (ampliación, afondamento ou reforzo), procurar recursos diferentes, agrupar de forma flexible ao alumnado (na medida do posible) e planificar os reforzos.

Metodoloxía. Planificación das estratexias. Deberanse considerar, polo menos, catro situacións:

- Alumnado que pode realizar actividades pouco complexas.
- Alumnado que pode realizar actividades máis complexas.
- Alumnado que avanza con diferentes ritmos.
- Alumnado con dificultades obxectivas de aprendizaxe.

Cómpre considerar a posibilidade de realizar repeticións, exercicios de apoio, redución de tarefas, adaptacións e orientación.

11. AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma

determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación de promoción (ou sumativa)
- Avaliación certificadora

Por outra banda, na aula fomentárase o desenvolvemento de estratexias de autoavaliación e co-avaliación.

11.1- Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo. Esta avaliación inicial, xunto coa observación directa na aula ao longo das primeiras semanas de aprendizaxe, permitirán ao profesor determinar cales alumnos poder requirir participar na proba de reasignación para ser reubicados en outro nivel máis acorde coas súas capacidades comunicativas e necesidades.

11.2- Avaliación formativa

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda a orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

Ao finalizar o primeiro cuadrimestre, no mes de **febreiro**, realizarase unha proba ao alumnado presencial en todos os cursos dos diferentes niveis para verificar se acadou os obxectivos recollidos na programación para o devandito período. Esta proba será elaborada, administrada e avaliada polo profesorado dos departamentos.

11.3- Avaliación de promoción (ou sumativa)

Ao finalizar o curso, en xuño, nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba elaborada, administrada e avaliada polo correspondente

departamento, que valorará o grao de consecución dos obxectivos do curso e será cualificada de acordo co procedemento que establece a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

A proba de promoción realizarase na primeira quincena do mes de xuño (con carácter general), en convocatoria ordinaria, e en convocatoria extraordinaria na segunda quincena do mesmo mes.

No nivel Básico A1, a proba constará de catro partes correspondentes a: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación de textos orais; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación de textos orais. Cada una delas terá como máxima calificación 25 puntos, sendo o máximo total da proba 100 puntos. Para acadar o aprobado, o alumnado deberá ter como mínimo 15 puntos en cada actividade de lingua. Se non se acada o mínimo exisido, o alumno deberá presentarse na convocatoria extraordinaria ás partes suspensas.

Nos niveis B2.1 e C1.1, a proba constará de cinco partes correspondentes a: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos orais; e mediación (oral e escrita). Cada un delas terá como máxima calificación 25 puntos, sendo o máximo total da proba 125 puntos. O aprobado acadarase co 65% da nota por dous vías:

- Aprobando cada unha das actividades de lingua (16,25 puntos), ou
- Con un mínimo de 12,5 puntos en algunhas actividades de lingua sempre e cando o total da cualificación acade o 65% (81,25 puntos).

O alumnado que non acade o aprobado deberá asistir á convocatoria extraordinaria e facer a proba daquelas partes nas que teña una cualificación inferior a 12,5 puntos e, opcionalmente, poderá presentarse a aquelas con unha puntuación entre 12,5 y 16,25 co fin de mellorar a cualificación. Neste último caso, terase en conta a cualificación máis alta das dúas.

Nos niveis non certificativos, se valorará positivamente a participación do alumnado na aula e o seu rendemento. Dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

11.4- Avaliación certificadora

Nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel (proba de certificación) na primeira quincena do mes de xuño en convocatoria ordinaria.

Estas probas serán elaboradas, administradas e cualificadas de acordo co procedemento que establece a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

As características das probas, o procedemento para acadar o aprobado e os criterios para facer a convocatoria extraordinaria serán:

- No nivel A2, os mesmos que os sinalados para o nivel A1;
- Nos niveis B1, B2.2, C1.2 e C2 os mesmos que para os cursos B1.1 e C1.1.

Os alumnos que superen as probas acadarán a certificación do nivel correspondente. Os que non as superen, poderán presentarse ás actividades de lingua correspondentes na convocatoria extraordinaria.

11.5- Cursos de actualización, perfeccionamento e especialización.

O/a profesor/a destes cursos será quen determine o grao de aproveitamento do mesmo polo alumno/a mediante observación na aula, probas, etc. A calificación obtida poderá ser APTO/A ou NON APTO/A.

11.6- Autoavaliación

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do **alumnado**, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

O **profesorado** avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- O grao de aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...)
- A coordinación co resto do profesorado

As ferramentas utilizadas polo profesorado para a realización desta autoavaliación poderán ser:

- Fichas de autoavaliación elaboradas polo departamento.
- Observación da asistencia do alumnado a clase.
- Conversas con outros profesores respecto ao desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe.

- Obtención e consideración de feedback dos alumnos.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E AVALIACIÓN

É necesario avaliar conforme ás diferentes capacidades do alumnado, valorar a eficacia das medidas adoptadas e do material empregado.

Por outra banda, dende o departamento préstase atención á detección de posibles necesidades educativas especiais do alumnado co fin de garantir a igualdade de oportunidades no proceso de aprendizaxe e o máximo aproveitamento do mesmo. Unha vez detectadas, o alumno é informado das posibilidades que se lle ofrecen dende a administración e, tras solicitar a atención ás necesidades específicas e xustificala, procédese a levar a cabo as medidas oportunas de adaptación do proceso de aprendizaxe ao longo do curso e/ou das diversas probas que o alumno/a realice co fin de levar a cabo un proceso de ensinanza-aprendizaxe e/ou avaliación o máis xusto e adecuado posible para o alumno.